Datos Do Expediente:

EXPEDIENTE DE PLENO		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central – MCCM		
Número expediente:	Documento:	
GOB/2025/23	GOB19I006M	
0D1X 1N5R 402M 0T3P 0M6G		

ACTA DA SESIÓN DO CONCELLO PLENO, CELEBRADA CON CARÁCTER ORDINARIO O VINTE E SETE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:
D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:
TERRA GALEGA VOCAL - RAMOS RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO, ROMAN
TERRA GALEGA VOCAL - MAURIZ ROMERO, JUAN PABLO
TERRA GALEGA VOCAL - SANTALLA BORREIROS, JOSE IBAN
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL, M.DEL MAR
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ, OLGA
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO, MARIA DEL CARMEN
PARTIDO POPULAR VOCAL - CASTRILLON PERMUY, GERMAN
PARTIDO POPULAR VOCAL - NOVO MOURIZ, TANIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - YAÑEZ FREIRE, NURIA
PARTIDO POPULAR VOCAL - PORTELA PARGA, PEDRO
PARTIDO POPULAR VOCAL - IGLESIAS BLANCO, GONZALO
PARTIDO POPULAR VOCAL - BOUZAMAYOR VILLASUSO, ANA VANESA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - LEDO DIAZ, OLAIA MARGARITA
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - CARBALLEIRA LOPEZ, EUGENIO
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO VOCAL - MOSQUERA PUENTES, BEATRIZ
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL - ULLA ROCHA, JORGE
PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA VOCAL -

Na casa do Concello de Narón, ás 19:07 do vinte e sete de febreiro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, DªMARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese o Concello Pleno para celebrar sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario D. ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

DE ARRIBA FERNANDEZ, SILVIA MARIA **NON ASISTE:** TERRA GALEGA VOCAL - HERMIDA RICO, NATALIA **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI	

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES (ORDINARIA- 30-01-2025 E EXTR. 07-02-2025)

Dada conta das actas das sesións anteriores, o Concello Pleno, por unanimidade, deulles a súa aprobación.

2º.- PROPUESTA DE APROBACIÓN DE LA ESTRATEGIA TERRITORIAL INTEGRADA "AGENDA URBANA Y PLAN DE ACCIÓN LOCAL NARÓN 2030".- Lida polo Secretario Xeral a proposta que di así:

La técnica de Programas Europeos y Planificación Local, con fecha 17.02.2025, elevó a esta Alcaldía un informe propuesta de código PLA19I000D, que dice:

"La Agenda Urbana Española (AUE), aprobada por el Consejo de Ministros el 22 de febrero de 2019, es la hoja de ruta que va a marcar la estrategia y las acciones a llevar a cabo hasta el año 2030, para hacer de nuestros pueblos y ciudades ámbitos de convivencia amables, acogedores, saludables y concienciados.
Constituye un método de trabajo y un proceso para que todos los actores, públicos y privados, que intervienen en las ciudades y que buscan un desarrollo equitativo, justo y sostenible desde sus distintos campos de actuación, puedan elaborar sus propios Planes de Acción.
En este contexto, el Concello de Narón, bajo la metodología de la Agenda Urbana Española ha elaborado la Estrategia Territorial Integrada: Agenda Urbana y Plan de Acción Local Narón 2030, documentos de carácter estratégico que, desde una perspectiva transversal e integrada, orientan las acciones que el Concello de Narón tiene previsto implementar desde el momento actual hasta el horizonte del año 2030.

El diagnóstico realizado sobre el municipio, complementado con la visión de los actores locales, obtenida a través de la participación ciudadana, proporciona un enfoque estratégico para definir los objetivos y las actuaciones que integran la estrategia.

El objetivo común de este marco estratégico es transformar Narón en una ciudad más sostenible teniendo en cuenta la dimensión económica, social, cultural, física y medioambiental.

[...]"
Considerando la necesidad de disponer de una Estrategia Territorial Integrada de Narón como instrumento de planificación estratégica y requisito habilitante para participar en las diferentes convocatorias de ayudas del nuevo período de financiación 2021-2027, entre las que figura la

convocatoria para la asignación de senda financiera FEDER destinada a Planes de actuación integrados de entidades locales, cuya solicitud se encuentra en trámite, y visto el dictamen favorable por unanimidad de la Comisión de Contratación, Personal y Especial de Cuentas de fecha 20 de febrero de 2025, su presidente propone al Pleno la adopción del siguiente acuerdo:

PROPUESTA DE ACUERDO:

PRIMERO: Aprobar la Estrategia Territorial Integrada "Agenda Urbana y Plan de Acción Local Narón 2030".
SEGUNDO: Publicar la Estrategia en el Portal de Transparencia del Concello de Narón."

DEBATE

-Sr.Romero Franco: boa tarde a todas e a todos. Como tamén comentamos na comisión, o segundo punto e o terceiro van ligados nestes procedementos que hai que facer para solicitar esta subvención. O primeiro punto é aprobar esa estratexia territorial coa Axenda Urbana e o Plan de Acción Local, e nun terceiro punto directamente o Plan e a solicitude da propia subvención.
Neste caso, contamos cunha aportación ou con obras que chegan a un total de casi 15 millóns, nos que 9 millóns serán subvencionables e cerca de 6 de fondos propios.
Neste caso, xa hai negociacións avanzadas para que se fagan cargo tamén ou que parte deses fondos propios os poidan aportar outras administracións.
A verdade é que é un plan ambicioso a facer en 5 anos e esperemos que estas inversións que están neste plan, pois estamos convencidos de que vai ser unha mellora para a nosa cidade. Nada máis.
Moitas grazas.

-Sr.Carballeira López: boa tarde. Bueno, nós para valorar estes 2 puntos xa diremos que estamos de acordo co documento da Axenda Urbana, tanto que o mesmo análise das necesidades coincide casi textualmente en moitos puntos co análises feito polo BNG para a elaboración do noso programa electoral. Só que o noso foi escrito en galego. Por eso sen dúbida apoiaremos xunto cos investimentos que veñen no seguinte punto e apoiaremos o documento e mais a pedir as subvencións, xa que moitos destes investimentos é público e sabido que o BNG os levamos reclamado.
Eso si, non todo son investimentos neste documento. Entre a empresa contratada para a elaboración do documento e o BNG tamén hai coincidencias noutras cousas analizadas no concello, por enumerar algunhas: que hai ausencia de estratexia, procesos pouco participativos e non adaptados á cidadanía coa linguaxe excesivamente técnico, falta de comunicación, falta de planificación, e son cousas tamén analizadas que tamén deberían atenderse con forza dende o goberno, xa que a nós moitas veces nos decides que non son certas, a ver si escritas así por unha empresa neste documento, pois facedes máis caso.
En todo caso, valoramos positivamente estes 2 puntos e que haxa un plan a 5 anos con estes investimentos que son moi importantes. Nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: Boas tardes a todas e a todos, Grazas Sra. Alcaldesa.
Sobre este punto, xa lles comentamos na Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, que botabamos de menos, que si é certo que hai moitas obras, o plan que é necesario e que vemos que moitas que son necesarias, pero botabamos de menos, que

entendiamos que no proxexto que hai para a Praza de Galicia, centro de encontro, como non se incluira tamén o antigo centro de saúde. Creo que era unha oportunidade parar darlle unha utilidade a ese local que levamos uns anos con el pechado, e cremos que si seguimos nesa liña, pois que ao final vai ter que haber unha inversión aí demasiado grande.
E despois o que nos estrana é que se olvidaron bastante vostedes da accesibilidade, algo que é preocupante, especialmente en moitos entornos urbanos deste concello, e é algo que deberían de telo en conta. Así como tamén botamos en falta a mellora neses aparcamentos para favorecer o comercio local, que sabedes que está pasando momentos difíciles e que creo que dende o propio goberno se debería de ter en conta.
Así como tamén botamos un pouco en falta pois que non houbera esa transparencia, esa información, que chegara máis fluída aos grupos para poder ter oportunidades tamén de propoñer e avanzar algo neste sentido, que creo que teríamos propostas interesantes e que serían en beneficio das veciñas e dos veciños de Narón.
Nós imos a votar a favor porque loxicamente sempre que se traballe en ben de conseguir fondos doutras administracións, dende logo estamos a favor e consideramos que é moi necesario e importante. Nada máis e moitas grazas,

-Sr.Romero Franco: só por aclarar un punto acerca da transparencia e acerca da comunicación sobre este proxecto, nos estrana a verdade porque este non deixa de ser un trámite máis despois de varias reunións, que nos reunimos con cada membro dos voceiros da oposición, donde explicamos a estratexia, onde explicamos as liñas de actuación, onde houbo foros explicativos sobre cal era a liña de actuación do concello e nos estrana que agora que den por esto, como un documento xa pechado no que este vai a ser o documento final que non fixeramos incluso sesións de aportación a todos os partidos.
Por eso nos estrana ese punto de transparencia cando esto xa é o trámite final, e se ven traballando neste documento dende hai bastante tempo. Moitas grazas.

-Sr.Carballeira López: si, nada, por expliclarme, que seguramente non me expliquei ben. O proxecto en si está ben e o valoramos moi positivamente que se faga este proxecto; pero no propio documento nós en moitas ocasións decimos que hai unhas eivas no goberno, no propio documento veñen explicadas algunhas eivas da administración local e son estas que escribín. Estas veñen descritas no documento. Nesta ocasión cremos que está ben feito. Este punto o valoramos positivamente todo no seu conxunto. Está moi ben, está ben redactado e está moi ben logrado, non temos nada que decir en contra desto.
Só destacar que así como cos investimentos estamos moi de acordo, hai moito traballo por facer aínda en Narón e estes outros puntos dos que fala o documento non son só os investimentos que se van agora pedir fondos para eles, hai outros puntos nos que traballar e é o único que decía, nada en contra deste punto. Seguramente non me expliquei ben. Non sei se agora queda claro.

-Sr.Castrillón Permuy: si, grazas Sra.alcaldesa.
Unha aclaración, referente ao que se referiu o portavoz de Tega sobre este tema, está moi ben que te reúnas con nós, comigo persoalmente; pero cando xa non hai opcións a que vos fagamos propostas. É dicir, tivemos unha reunión unha semana anterior da Comisión de Contas cando nós si que che dixemos que bueno, que o veiamos ben pero que poderían ampliarse máis cousas, no. Esa é a realidade.
Por eso solicitamos que haiba máis comunicación e máis transparencia, que creo que é necesaria e importante para todo. Nada máis e moitas grazas.

Sr.Romero Franco: só por rematar, eh. Se fixeron unhas xornadas de participación cidadá tanto técnicas como políticas, onde se explicou todo, onde todo o mundo podía participar, non sei se viñéchedes ou no pero hai actas desas xornadas de participación, que veñades agora a decir esto no, eh.

-Sra.alcaldesa: dache a risa entonces entendo que con eso……. E sobre todo o que estaba decindo Olaia, que creo que tampouco se lle escoitaba, unhas enquisas, é dicir, podemos repetir sistematicamente neste pleno, falta de transparencia, falta de reunións, falta de tal…. Neste caso queda documentado porque non é algo que digamos neste caso, do goberno, queda documentado todas esas accións que se fixeron previas, para chegar a elaboración deste documento. E eu sin entrar xa en debate e agradecer neste caso ese voto positivo, bueno, non sei por parte do BNG, pero o PSOE di Silvia que si, ese voto positivo agradecelo.
E quero agradecer persoalmente o esforzo neste caso, de dúas traballadoras por enriba do resto, que aínda así todos os servicios colaboraron porque neste caso, vamos a facer esta presentación destes fondos e desta proposta e sin subcontratalo, é dicir, feito neste caso integramente por persoal deste concello, Marta Morado e Mercedes Pérez, o meu agradecemento e a todas as persoas implicadas do resto dos departamentos tanto de Urbanismo, de Contratación, Secretaría, Intervención, que axudaron para que este documento saia adiante con todo o esforzo que eso conleva neste caso, que sexa feito todo por técnicos municipais. O noso agradecemento.
Pasamos a votar o punto 2.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3º.- PROPUESTA DE SOLICITUD DE ASIGNACIÓN FINANCIERA FEDER PARA LA FINANCIACIÓN DEL PLAN DE ACTUACIÓN INTEGRADO DENOMINADO PLAN EDIL NARÓN 2030, "NARÓN: AS PERSOAS PRIMEIRO"

Lida polo Secretario Xeral a proposta que di así:

La técnica de Programas Europeos y Planificación Local, con fecha 17.02.2025, elevó a esta Alcaldía un informe propuesta de código PLA19I000C, que dice:

"El 7 de octubre de 2024 se publicó en el BOE la Orden HAC/1072/2024, de 2 de octubre, por la que se aprueban las bases reguladoras para la asignación de senda financiera FEDER a Planes de actuación integrados de entidades locales, en el marco del Desarrollo Urbano Sostenible, con cargo al Fondo Europeo de Desarrollo Regional en el período de programación 2021-2027.

El 30 de diciembre de 2024 se publicó en el BOE el extracto de la resolución de 23 de diciembre de 2024 de la Dirección General de Fondos Europeos por la que se aprueba la convocatoria de la asignación financiera FEDER a los Planes de actuación integrados seleccionados en el marco del desarrollo urbano sostenible, materializando las previsiones de financiación programadas en el prioridad 2c y el Objetivo Específico 5.1 del Programa Plurirregional de España (POPE).

Bajo el marco de los reglamentos de la UE, la finalidad es la financiación de los Planes de Actuación Integrados seleccionados que promuevan el desarrollo urbano desde la triple perspectiva medioambiental, económica y social y redunden en una mejora calidad de vida para la ciudadanía.

En este contexto, el Concello de Narón elaboró el Plan de Actuación Integrado denominado Plan EDIL Narón 2030, "Narón: As Persoas Primeiro".

El artículo 11.3 de la Orden HAC/1072/2024, establece que el Plan de Actuación Integrado habrá de ser aprobado por el órgano competente de la entidad.

[...]"

Considerando la necesidad de remitir la referencia de aprobación del Plan y el resto de documentación exigible, de acuerdo con la orden de bases y la convocatoria FEDER para Planes de actuación integrados, una vez tomada razón por la Intervención de este ayuntamiento según el documento de código ICO19I000W, y visto el dictamen favorable por asentimiento de la Comisión de Contratación, Personal y Especial de Cuentas de fecha 20 de febrero de 2025, su presidente propone al Pleno la adopción del siguiente acuerdo:

PROPUESTA DE ACUERDO:

PRIMERO: Aprobar la participación y aceptar expresamente los procedimientos regulados en la Orden HAC/1072/2024, de 2 de octubre, por la que se aprueban las bases reguladoras para la asignación de senda financiera FEDER a Planes de actuación integrados de entidades locales, en el marco del Desarrollo Urbano Sostenible, con cargo al Fondo Europeo de Desarrollo Regional en el período de programación 2021-2027 y en la Resolución de 23 de diciembre de 2024 de la Dirección General de Fondos Europeos por la que se aprueba la convocatoria para la asignación de senda finaciera FEDER a Planes de actuación integrados de entidades locales, en el marco del desarrollo urbano sostenible, con cargo al Fondo Europeo de Desarrollo Regional en el período de programación 2021-2027.

SEGUNDO: Aprobar el Plan de Actuación Integrado denominado Plan EDIL Narón 2030, "Narón: As persoas primeiro" con un presupuesto de gasto de 15.000.000,00 euros.

TERCERO: Solicitar una ayuda del Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) por importe de 9.000.000,00 euros, en el marco de la convocatoria para la asignación de senda financiera FEDER a Planes de Actuación Integrados de entidades locales, en el marco del desarrollo urbano sostenible, FEDER 2021-2027.

CUARTO: Aprobar el plan de financiación provisional para el Plan EDIL Narón 2030, "Narón: As persoas primeiro", que se incluye como anexo del presente informe y se muestra resumido a continuación:

RESUMEN PLAN DE FINANCIACIÓN PROVISIONAL:

PLAN EDIL NARÓN 2030: NARÓN, "AS PERSOAS PRIMEIRO"	
Importe total elegible	15.000.000,00 €
Importe solicitado FEDER (60,00%)	9.000.000,00 €
Fondos propios (40,00%)	6.000.000,00 €

Importe Asistencia Técnica (3,50% FEDER)	315.000,00 €

QUINTO: Declarar que esta entidad se compromete a habilitar crédito adecuado y suficiente para financiar toda la ejecución del proyecto en caso de resultar seleccionado el mismo, de acuerdo con las normas reguladoras de la convocatoria.

Esta aprobación presupuestaria queda condicionada a la obtención de cofinanciación FEDER.

SEXTO: Facultar a la Alcaldesa-Presidenta, Dª Marián Ferreiro Díaz, como representante del Concello de Narón para la relación con la Dirección General de Fondos Europeos de cuantos trámites sean precisos en lo referente a esta ayuda.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Boa tarde.

Bueno, dende o grupo municipal socialista tamén nos unimos a ese agradecemento que se fixo público a estas funcionarias que hoxe están aquí presentes, agradecerlles a súa labor. A verdade é que hoxe son as grandes heroínas na sesión deste concello por ser quen de plantexar unha documentación tan complexa a fin de que Narón pois poida verse beneficiado con 9 millóns de euros.

Polo demais, nesto quero contrapor a xestión precisamente política do seu goberno, Sra. Ferreiro. Na relación de obras que se aportan para estes fondos Feder, volve outra vez a Praza de Galicia. A Praza de Galicia como vostede sabe, perdemos unha subvención de 1.720.000 euros, unha subvención que xa estaba ingresada na conta, nesa subvención que aínda por riba xerou ao concello pois máis de 20.000 euros en xuros, que tiveron que ser devoltos neste caso, ao goberno de España pois fixo que non puideramos ter hoxe rematada a Praza de Galicia. Hoxe e digo hoxe, porque é cando é necesario, cando as noticias recentes que tivemos pois non miran no día deste …. Cando a un comerciante, neste caso a un comerciante que ten o seu establecemento dentro do que é o centro comercial, pois tivo que pechar uns días precisamente polas filtracións e polas goteiras, que lle produce o estado da Praza de Galicia.

E digo que era fundamental telo porque con ese 1.200.000 euros máis a achega neste caso, de 600.000 euros municipal, hoxe sería unha realidade a 31 de decembro esa Praza de Galicia. Sen embargo, agora con estes fondos que vai ser un 60% e un 40% do concello, é dicir, estamos falando que vai supoñer que a Narón se lle encareza esa obra en torno aos casi 500 euros máis pois non sexa nin se vexa rematada ata nese caso, o segundo trimestre do ano 2029. Esa é a realidade da súa xestión. A realidade da súa xestión é que perdimos neste caso, unha subvención de 1.700.000 euros, temos que volver a pedila agora, cando podíamos precisamente destinar estes fondos pois a outro tipo de melloras, mellorar os servicios, mellorar outras infraestructuras, ou ser ambiciosos e apostar por grandes obras que necesita a día de hoxe Narón, porque xa ten as súas instalacións, neste caso, sobresaturadas. Nada máis.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 º.- PROPOSTA PARA DAR DE BAIXA NO INVENTARIO DE VÍAS MUNICIPAL O TRAMO FINAL DO CAMIÑO IDENTIFICADO CO CÓDIGO OBJECTID 29 SITO NO LG. DE PRADOS, SAN XIAO.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Visto o informe proposta emitido pola Xefa do Negociado de Patrimonio, que transcrito literalmente di:

"De conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais a tal respecto se formula o seguinte informe proposta:

A) ANTECEDENTES

-Solicitude de dar de baixa no Inventario Municipal de Vías do tramo final do camiño público sito no Lg. Prados- S.Xiao, identificado co código OBJECTID 29, finalizando na parcela RC 15055A03200114, por non ser de titularidade pública, presentada por D. José L. Bañobre Golpe o 23/7/24.

-Informe da Arquitecta Técnica Municipal de Patrimonio que entre outras cousas di:

"ANTECEDENTES.- Para a realización do traballo tivéronse en conta as escrituras de propiedade aportadas polo interesado e por varios propietarios lindantes co devandito camiño e a fotografía do parcelario catastral do 1956, antecedentes catastrais dos anos 2001,2008 e 2010, así como vista de Google maps.

***PRIMEIRO**.- Na documentación que achega a interesada respecto á súa propiedade, RC 15055A032001140000SA caracterízase do seguinte xeito: "terreno dedicado a prado al sitio de Prados con una superficie aproximada de tres mil catorce metros cuadrados. Linda:Norte, Otilia Díaz Teijeiro, hoy más de la parte compradora; Sur, río Grande; Este, Otilia Díaz Teijeiro y María Luisa Díaz Teijeiro; y Oeste, Otilia Díaz Teijeiro, hoy más de la parte compradora y camino"*

-Na documentación do inmoble con RC: 15055A032001120000SH descríbense os seguintes lindes: "Norte, viuda de Claudio Seoane, Juana Fojo, camino de servidumbre en medio; Sur, río Jubia; Este, Elena Eiroa y Oeste, más de los comparecientes."

-Respecto ao predio RC 15055A032003580000SI, caracterízase do seguinte xeito: "Lindes; Norte, Otilia Díaz Teijeiro; Sur, río Jubia; Este, más de los compradores; y Oeste María Luisa Díaz Teijeiro, hoy Ramón Iglesias Malde."

***SEGUNDO**.-* A zona de emprazamento do camiño obxecto deste informe, pasa pola parcela catastral: 15055A032001140000SA e linda coas parcelas catastrais: 15055A032003580000SI, 15055A032003570000SX e 15055A032003580000SI

Da documentación aportada ao expediente e a cartografía analizada dedúcese que o tramo do camiño obxecto deste informe (OBJECTID 29) que discorre pola parcela catastral 15055A032001140000SA e linda coas parcelas catastrais: 15055A032003580000SI, 15055A032003570000SX e 15055A032001130000SW, non conforma un camiño de natureza pública, **considerando dar de baixa este tramo do camiño no inventario de vías do Concello**

O camiño OBJECTID 29 quedaría representado graficamente tal e como se sinala en cor verde, quedando anulado o tramo sinalado en cor vermella según representación na vista do inventario de vías municipais do Concello de Narón

Non obstante según as escrituras achegadas, o tramo sinalado en cor vermella considerado a dar de baixa do inventario de vías do Concello, conforma un camiño de servizo ata a parcela catastral 15055A032001120000SH, **polo que deberá deixarse expedito permanentemente ese espazo non pudendo menoscabar o mesmo nin alterar o paso.**

B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

-Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

-Regulamento de bens das Entidades Locais aprobado por R.D. 1372/1986, de 13 de xuño

C) INFORME PROPOSTA

Á vista do informe emitido, a funcionaria que subscribe propón ao Concelleiro delegado pola Alcaldía para asuntos de patrimonio, someta a ditame da Comisión municipal informativa de obras o seguinte:

Estimar a reclamación presentada por D. José L. Bañobre Golpe e dar de baixa no Inventario de vías Municipal o tramo final do camiño identificado co código OBJECTID 29, por ser considerado como un camiño de servizo ata a parcela catastral 15055A032001120000SH."

O concelleiro Delegado pola Alcaldía, para asuntos de patrimonio, propón a Comisión Municipal Informativa de obras:

Aprobar a proposta transcrita e a adopción do seguinte acordo:

Estimar a reclamación presentada por D. José L. Bañobre Golpe e dar de baixa no Inventario de vías Municipal o tramo final do camiño identificado co código OBJECTID 29, por ser considerado como un camiño de servizo ata a parcela catastral 15055A032001120000SH.

E visto o ditame favorable por maioría, con 4 abstencións -3 PP e 1 PSdeG-PSOE- e 7 votos a favor -5 TEGA, 2 BNG- da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 17-02-2025, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: 9 A Favor
PP: 6 Abstencións
BNG: 3 A Favor
PSdeG-PSOE: 2 A Favor

5 º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO NOMEAMENTO DUNHA VÍA NA ENTIDADE COLECTIVA DE PEDROSO. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: En virtude das atribucións que a normativa vixente outorga á Concelleira delegada de Estatística e tendo en conta a obrigatoriedade que establece o artigo 17 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local, no sentido de que as entidades locais na súa labor de formación, mantemento, revisión e custodia do Padrón Municipal, deben velar para que os datos obrantes no devandito rexistro concorden coa realidade o máximo posible e tendo en consideración os seguintes:
ANTECEDENTES:
-Mediante acordo plenario do 28/09/2023 aprobouse o nomeamento de diversas vías na Entidade Colectiva de Pedroso (San Salvador).
-Unha desas vías nomeouse como Camiño de Painzás (Cód. Vial: 9045) e asignáronse números ás vivendas con entrada por esa vía.
-Un tramo desa vía está recollida no Inventario municipal como vía pública de titularidade municipal (OBJECTID: 1), ubicada entre o Camiño de Bazón (Cód. Vial: 9043) e o Camiño de Painzás (Cód. Vial: 9045).
-Segundo manifestan os veciños desa zona, ese lugar era coñecido como "A Cortiña de Bazón" e solicitan a incorporación dese nome ao rueiro municipal.
-Un dos obxectivos do nomeamento de vías de nova apertura na zona rural de Narón e a asignación dunha nova numeración era precisamente a recuperación da toponimia tradicional. Ademais, en Pedroso todavía non se levaron a cabo os RDs nas inscricións padroais, co cal este cambio non afecta a terceiros interesados.

En virtude do exposto, e visto o ditame favorable por maioría, con 4 abstencións -3 PP e 1 PSdeG-PSOE- e 7 votos a favor -5 TEGA, 2 BNG- da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data 17-02-2025, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do acordo seguinte:

PRIMEIRO.- Nomear como **CAMIÑO DA CORTIÑA DE BAZÓN (Código Vial INE: 9077)** a vía municipal sinalada (OBJECTID: 1), ubicada entre o Camiño de Bazón (Cód. Vial: 9043) e o Camiño de Painzás (Cód. Vial: 9045):

DATOS COS QUE CONSTARÁ NO INE	
DISTRITO 3, SECCIÓN 1	
CÓD. VIAL	**9077**
TIPO DE VÍA	**CMÑO**
NOME DE VIA	**CORTIÑA DE BAZON (DA)**
TRAMOS	
PARES	
2-9998	**BAZON**
IMPARES	
1-9999	**BAZON**

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 º.- PROPOSTA DE INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA ALCALDÍA.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: En relación ao expediente denominado "Servicio de Axuda no Fogar", o xefe do Servizo de Contratación, en data 14 de febreiro de 2025, elevou a esta alcaldía-presidencia o informe-proposta que di:

"Expediente CON/2025/22: Servicio de Axuda no Fogar

Asunto: proposta de incoación de expediente e delegación de competencias en materia de contratación

En relación ao expediente sinalado no encabezado, emítese informe-proposta en base aos seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

A Xefa do Servizo Sociocomunitario, en data 14 de febreiro de 2025, emitiu e trasladou a este Servizo de Contratación un informe motivado sobre a necesidade de contratar a prestación do "Servizo de Axuda no Fogar". Na mesma data, emitiu un informe sobre a insuficiencia de medios municipais para a prestación de dito servizo.

Resultan de aplicación, a efectos de iniciarse o expediente encamiñado á adxudicación do contrato, os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Prescribe o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP):

> *A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei e que deberá ser publicado no perfil de contratante.*

Dispón o artigo 28.1 da mesma norma, ao que se remite o precitado artigo 116:

> *As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con*

precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.

No informe aludido nos antecedentes de feito, consta a xustificación da necesidade de proceder á contratación:

De conformidade co previsto na Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar vixente (Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, 19/06/2014), o servizo de axuda no fogar, ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia no seu ámbito habitual, especialmente naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía ou noutras situacións de risco social para as que resulte un recurso idóneo.

O servizo de axuda no fogar é un servizo público de carácter local, consistente en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual

O servizo de axuda no fogar poderá prestarse, a calquera persoa ou unidade de convivencia, para as cales, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De maneira particular, o servizo atenderá persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu medio inmediato.

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.

Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:

- *Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.*
- *Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.*
- *Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.*
- *Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.*
- *Previr situacións de dependencia ou exclusión social.*

- *Demorar ou evitar a institucionalización.*
- *Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.*

Así como a idoneidade do obxecto e o seu contido para satisfacer as devanditas necesidades. Resumidamente:

> *(...) a regulación da prestación do servizo de axuda no fogar (en diante SAF) do Concello de Narón cuxa finalidade é a atención a persoas nas que concorran os requisitos establecidos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a Orde Galega do 22 de xaneiro de 2009 e a Ordenanza Municipal reguladora do servizo de axuda no fogar, configurándose como a prestación dun conxunto de atencións ás persoas ou familias no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, para facilitar o seu desenvolvemento persoal e a permanencia na súa contorna habitual.*

Á vista do anterior e téndose por motivada a necesidade do contrato de acordo co artigo 116 da LCSP, corresponde ao órgano de contratación a iniciación do correspondente expediente. Dito órgano resulta ser o Pleno do Concello, de acordo co valor estimado sinalado no reiterado informe da xefa do Servizo Comunitario (7.108.114,81 €), en relación coa Disposición Adicional 2ª, apartado 2, da LCSP.

Doutra banda, e a efectos de axilizar a tramitación administrativa do expediente de contratación, sinala o artigo 61.2 da LCSP:

> *Os órganos de contratación poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades nesta materia con cumprimento das normas e formalidades aplicables en cada caso para a delegación ou desconcentración de competencias, no caso de que se trate de órganos administrativos (...).*

No caso das Entidades Locais, prescribe o artigo 22, relativo ás atribucións do Pleno, punto 4, da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL, en diante):

> *O Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no apartado 2, parágrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no apartado 3 deste artigo.*

Entre as excepcións sinaladas non figura a competencia en materia de contratación, polo que esta é delegable.

Tampouco a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 64; o Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Narón, no seu artigo 16; e as Bases de

Execución do Orzamento do Concello de Narón (base 13); establecen limitacións adicionais á facultade de delegación do Pleno na Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local.

En canto ao alcance da delegación, sinala o artigo 51.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en diante, ROF):

> *O acordo de delegación conterá o ámbito dos asuntos a que a mesma se refira e as facultades concretas que se delegan, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste Regulamento*.

En virtude do precitado principio de axilidade, proponse a delegación de todos os actos cuxo ditado sexa necesario no marco deste contrato, nas súas fases de preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción. A modo de exemplo, a D.A. 9ª do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, prevé algúns supostos de delegación de competencias. Entre outras, a publicidade potestativa da licitación, as informacións sobre os pregos e documentación complementaria, a prórroga de prazos para presentar proposicións; a dirección, inspección e control da execución do contrato; a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado, ou o reaxuste de anualidades.

Á marxe destas facultades complementarias ou instrumentais, proponse a delegación, sen prexuízo doutros posibles actos necesarios, da aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, a aprobación do expediente de contratación e a autorización do gasto, a convocatoria de licitación, a imposición de penalidades administrativas, a resolución de recursos e as facultades de interpretar, modificar, prorrogar e resolver o contrato.

Exceptúase expresamente da facultade de delegación o acto de adxudicación, por incluírse no mesmo a disposición de gastos a favor da empresa adxudicataria; sendo esta unha competencia indelegable, de acordo co artigo 22.4 da LRBRL.

En canto aos efectos da delegación, sinala o artigo 51.2 do ROF:

> *O acordo plenario polo que se produza a delegación, que se adoptará por maioría simple, fornecerá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no «Boletín Oficial» da Provincia. Estas regras tamén serán de aplicación ás modificacións posteriores do devandito acordo.*

Por último, cabe apuntar que o acordo de incoación do expediente debe ser publicado (artigo 116.1 *in fine* da LCSP), e que o expediente debe completarse cos restantes documentos preceptivos (entre eles, os pregos, o certificado de existencia de crédito e os informes de

fiscalización e da secretaría xeral aos que se refiren a D.A 3ª, apartados 3 e 8, da LCSP), sen prexuízo de que sexan incorporados cuantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente devandito expediente.

Por todo o anterior e en virtude do artigo 175 do ROF, este xefe de Servizo eleva á alcaldía-presidencia, para que someta a debate e votación do Pleno, previo Ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Incoar o expediente de contratación denominado "Servizo de Axuda no Fogar".

SEGUNDO: Ordenar ao Servizo Sociocomunitario a elaboración do Estudo de Custos e dos Pregos de Prescricións Técnicas; ao Servizo de Contratación a elaboración dos Pregos de Cláusulas Administrativas e cantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente devandito expediente; á secretaría xeral a emisión dun informe previo á aprobación do expediente; á intervención xeral a certificación de existencia de crédito e informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios, así como a fiscalización previa á aprobación do expediente.

TERCEIRO: Delegar na alcaldía-presidencia todas as facultades que, como órgano de contratación, correspóndenlle ao Pleno no marco do presente contrato, a excepción do acto de adxudicación e de disposición de gastos a favor da empresa adxudicataria.

CUARTO: Publicar este acordo no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia."

Polo anteriormente exposto, e visto o ditame favorable por asentimento da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 20 de febreiro de 2025, o seu presidentes propón ao Pleno:

PROPOSTA

PRIMEIRO: Incoar o expediente de contratación denominado "Servizo de Axuda no Fogar".

SEGUNDO: Ordenar ao Servizo Sociocomunitario a elaboración do Estudo de Custos e dos Pregos de Prescricións Técnicas; ao Servizo de Contratación a elaboración dos Pregos de Cláusulas Administrativas e cantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente devandito expediente; á secretaría xeral a emisión dun informe previo á aprobación do expediente; á intervención xeral a certificación de existencia de crédito e informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios, así como a fiscalización previa á aprobación do expediente.

TERCEIRO: Delegar na alcaldía-presidencia todas as facultades que, como órgano de contratación, correspóndenlle ao Pleno no marco do presente contrato, a excepción do acto de adxudicación e de disposición de gastos a favor da empresa adxudicataria.

CUARTO: Publicar este acordo no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: nós, que quede por diante que o que nós defenderíamos sería unha xestión directa do servicio, e que estamos realmente en contra cando se di que eso implicaría que fose máis caro, nunca máis caro un servicio público que ademais non necesita dun equipamento como podería ser por exemplo, o servicio de limpeza diaria, recollida de lixo e porque sabemos que unha empresa cando a contratas ten que ter un beneficio empresarial, senón non o faría, no, e eso implica que teña que ter un 30% de ganancia do que se lle paga; é dicir, co 70% se pagan as nóminas dos traballadores e traballadoras e se fai a atención do servicio de Axuda no Fogar. Ademais está o Ibi, o IRPF, as contas empresariais que se teñen que pagar, etc.etc. Polo tanto, seguimos abogando pola xestión directa.

É verdade que agora se fai unha nova licitación, queremos que se faga coas máximas garantías e que non sigamos a ter os problemas que ata hai pouco eran moi grandes e que agora é verdade que melloraron en parte, non así o trato que reciben as traballadoras do servicio. Digo traballadoras porque as persoas que atenden ás persoas maiores de Narón, no Servicio de Axuda no Fogar directamente son mulleres e parécenos importante que se engadira unha cláusula administrativa, que si que se podería facer na licitación e que se estudase para poñer como requisito que a actividade principal da empresa, e que poida recibir o servicio e sexa unha empresa que teña como actividade principal a atención de coidados de persoas, e especialmente de persoas dependentes. Por que? Porque preguntando ás persoas que atenden os servicios, os sindicatos, e a diferentes entidades que traballan o día a día cos coidados, din que non é o mesmo empresas que por exemplo, as que teñen hoxe o servicio en Narón, e a súa actividade principal se entrades na súa páxina web é a limpeza, que outras que a súa actividade principal como por exemplo, temos outros centros en Narón, é o coidado de persoas. Cremos que é importante, que se debería de estudar que de cara á próxima licitación haxa unha cláusula administrativa, no que eso, que a súa actividade principal sexa o coidado de persoas. Ademais que se podería xustificar mediante a clasificación, por exemplo, no Rexistro mercantil ou noutros documentos acreditativos que a empresa presente. Entonces máis nada, decir que estamos en contra de que haxa estas licitacións, si que defendemos a contratación directa e así faremos o día que estemos gobernando neste concello.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

En referencia a esta proposta, xa na comisión informativa comentamos que nos consta que desde a Xunta de Galicia se esta a traballar coa FEGAMP, para acordar uns pregos onde se recollan as necesidades que veñen contempladas na Lei de Dependencia e Axuda no Fogar. Entonces bueno, propoñemos que se teña en conta para a hora de sacar o prego e que se fagan esas negociacións, e que a FEGAMP e a Xunta para sacalo nas condicións que corresponde neste momento porque sabemos que hai movemento nese sentido e polo tanto, sería importante que en Narón, que é un contrato importante e polo tanto, gustaríanos que se tivera en conta.

Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, con respecto ao punto que nos dixo Germán na comisión, decir que o servicio correspondente, información sobre esto non é que teña moita, porque en realidade a información que a eles lle transmiten é que non se está traballando neses pregos para este tipo de servicios nin moito menos, e as negociacións que se están tendo dende a FEGAMP e a Consellería, é precisamente por unha problemática de unha serie de concellos que non

cumpliron ou pola súa dificultade porque son concellos pequenos, de quitar este servicio que entenden que para concellos pequenos aínda é máis complexo e con moi pouca financiación por parte da Xunta de Galicia pois aínda por riba se lles puxo, parece ser, unha sanción, neste caso a FEGAMP, pois está a defender eses concellos para que eso non suceda.
E xa que estamos a falar desto si que reclamamos unha maior financiación da administración que ten a competencia nestes servicios, e seguramente parte da problemática que se está tendo nestes momentos con este servicio tan esencial para a cidadanía, seguramente non se tería se o órgano competente subvencionara como debería de subvencionar este problema. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: a verdade é que …. todo o contrario, a nós o que nos preocupa é que non chegue a financiación suficiente, por eso creo que os pregos é unha parte importante, é importante que .. creo e teño entendido que tamén se está negociando nese tema, pero como non se ía falar deso para que se suba dos 12 euros que se está pagando agora, e ademais tamén dende aquí creo que temos que reclamarlle ao goberno de España que aporte o que non está aportando para esta Lei de Dependencia, que tiña que aportar o 50% e non o está aportando, e creo que todos teríamos que facer este traballo dende os postos que nos corresponde. E loxicamente o goberno debería de ser o primeiro de poñerse nesa liña.
E efectivamente, nós consideramos e ademais creo que se vai a dar unha volta importante a este sistema para que os cidadás non teñan esas longas listas de espera.
Creo que dende logo o que corresponde á Xunta, ten que mellorar ese tema e, os concellos teñen que seguir mellorando. Si é certo, e sei de que vai esto Sr.Romero. Vale? Sei de que vai esto, polo tanto, me preocupa e somos os máis preocupados polo desastre que está habendo no tema este, e este concello non se salva, eh, que están vostedes devolvendo moitas horas. Están devolvendo moitas horas, polo tanto, poñámonos a traballar. A cada un donde lle corresponde. E nós non estamos en contra de que se veña máis financiación porque é necesaria. Pero tamén é necesario que dende aquí se fagan os traballos como corresponde. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Lorenzo Tojeiro: creo que o que é necesario é que a Consellería e o Goberno de España non negocien deixando atrás aos municipios que é a reclamación que fai a FEGAMP. Vale? Nada máis. Grazas.

-Sra.alcaldesa: aparte que falamos en varias ocasións. Este non é un problema aillado do Concello de Narón; é dicir, é algo que de feito, a empresa non ten capacidade parar dar máis altas, co cal nós estamos neste caso, atados de pés e mans para poder mellorar ese servicio. Por que? Porque a situación precaria desas traballadoras está aí, están a negociar un convenio que non se mellora, están neste caso .. non hai tanto persoal formado porque non é atractivo traballar en axuda no fogar, e unha serie de cousas que exceden as competencias do concello.
Entón, nós estamos encantados de aportar dende o eido local calquera para mellorar ese servicio que consideramos que é esencial, pero evidentemente afecta a máis factores. Que non só o nivel municipal e encantados de sentarnos en calquera mesa para tratar de mellorar este servicio. A verdade que quede xa por diante.
Pasamos a votar a proposta.
VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7 º.- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E DINAMIZACIÓN DOS CENTROS COMUNITARIOS INTEGRADOS DAS CASAS DA MARIÑA E MANUELA PÉREZ SEQUEIROS -CENTRO DE DÍA- E DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA ALCALDÍA. . -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

En relación ao expediente denominado "Xestión, organización, funcionamento e dinamización dos centros comunitarios integrados das Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros - Centro de Día", o xefe do Servizo de Contratación, en data 14 de febreiro de 2025, elevou a esta alcaldía-presidencia o informe-proposta que di:

"Expediente CON/2025/23: Xestión, organización, funcionamento e dinamización dos centros comunitarios integrados das Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros - Centro de Día

Asunto: proposta de incoación de expediente e delegación de competencias en materia de contratación

En relación ao expediente sinalado no encabezado, emítese informe-proposta en base aos seguintes

A N T E C E D E N T E S D E F E I T O

A Xefa do Servizo Sociocomunitario, en data 13 de febreiro de 2025 (reiterando e actualizando o xa informado o 30 de xullo de 2024), emitiu e trasladou a este Servizo de Contratación un informe motivado sobre a necesidade de contratar a prestación do servizo denominado "Xestión, organización, funcionamento e dinamización dos centros comunitarios integrados das Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros - Centro de Día". Na mesma data, emitiu un informe sobre a insuficiencia de medios municipais para a prestación de dito servizo.

Resultan de aplicación, a efectos de iniciarse o expediente encamiñado á adxudicación do contrato, os seguintes

F U N D A M E N T O S D E D E R E I T O

Prescribe o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP):

> *A celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta Lei e que deberá ser publicado no perfil de contratante.*

Dispón o artigo 28.1 da mesma norma, ao que se remite o precitado artigo 116:

> *As entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais. Para ese efecto, a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, cando se adxudique por un procedemento aberto, restrinxido ou negociado sen publicidade, deben ser determinadas con precisión, deixando constancia diso na documentación preparatoria, antes de iniciar o procedemento encamiñado á súa adxudicación.*

No informe aludido nos antecedentes de feito, consta a xustificación da necesidade de proceder á contratación:

> *Nas últimas décadas produciuse un aumento considerable da poboación maior que, a súa vez, está a provocar cambios no papel que teñen as persoas maiores na comunidade.*
>
> *Por un lado, estamos a falar dun colectivo moi diverso en canto as necesidades que presentan, que pode ir desde o mantemento da autonomía e o desenvolvemento persoal (independencia económica, relacións sociais, actividade física e intelectual, saúde, participación social, etc.) ata os coidados e a atención ás persoas dependentes.*

Por outro lado, está a mudar a atención que recibía este colectivo (que tradicionalmente proviña da familia) causada por distintos factores, como o cambio do rol social da muller e a súa incorporación ao mundo laboral, a redución do número de membros da unidade familiar, o despoboamento das zonas rurais, os cambios nas estruturas familiares, a mobilidade xeográfica por traballo, etc.

Tampouco temos que esquecer as repercusións sociais, psicolóxicas e de vulnerabilidade e exclusión social asociadas ao envellecemento.

Tendo en conta estes aspectos, as políticas sociais teñen que dirixirse a cubrir estas carencias da poboación potenciando servizos e prestacións que sexan próximos ás persoas e que axuden a cubrir as necesidades que manifesta este colectivo.

Neste contexto, o Concello de Narón leva ofrecendo estes servizos de proximidade desde hai máis de 10 anos.

(...)

Ademais, a necesidade que se pretende cubrir ven avalada a nivel normativo polo art. 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que establece as materias nas que os concellos exercerán competencias, neste caso a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, e as actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero. Estamos a tratar cun colectivo con patoloxías dexenerativas, e polo tanto en exclusión social, que son avaliados no Centro de Día cando procede, e informados dos servizos máis axeitados para a súa situación. Ademais, os centros comunitarios integrados Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros-Centro de Día son un instrumento de loita contra as desigualdades entre os homes e as mulleres a través de actividades que buscan reducir a brecha de xénero e detectar situacións de violencia de xénero, como o constata a existencia do protocolo de detección e intervención no caso de malos tratos. Esta competencia na materia tamén está recollida na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80, sobre a prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción sociais, así como a de execución de programas propios destinados á infancia, xuventude, muller e terceira idade.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, pretende clarificar as competencias da administración local, para evitar os problemas de solapamentos competencias entre Administracións, aos que daba lugar a aplicación da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivada da entrada en vigor da Lei 27/2013, aprobada polo Parlamento de Galicia, na exposición de motivos recolle que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia exclusiva en materia de réxime local. No seu artigo 3.3 establece que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.

No marco das competencias que ten atribuídas o Concello de Narón pola Lei de Bases de Réxime Local e dentro das liñas estratéxicas establecidas nos seus orzamentos anuais, manifesta o seu compromiso de continuar desenvolvendo este servizo e programas.

Así como a idoneidade do obxecto e o seu contido para satisfacer as devanditas necesidades. Resumidamente:

Os Centros Comunitarios Integrados están consolidados como centros de referencia municipal á hora de mobilizar ás persoas maiores a través de actividades que promoven a saúde e a prevención do deterioro físico e mental, a participación e a convivencia interxeneracional, a mellora da calidade de vida, a solidariedade, e potenciando a integración persoal na comunidade. O Centro de Día demostrou ser unha alternativa adecuada para á mellora da calidade de vida do núcleo familiar onde conviven persoas maiores dependentes.

(...)

O Concello de Narón pretende seguir ofrecendo a súa poboación estes recursos e servizos que promoverán que toda a cidadanía de Narón poda acadar unha calidade de vida positiva, en especial, as persoas maiores, pero non soamente estas, xa que os colectivos beneficiarios deste proxecto serían:

- *Persoas usuarias dos dispositivos: ás que se lles facilita un recurso social que da resposta ás necesidades de atención xurdidas do envellecemento e a dependencia, mellorando e mantendo a capacidade funcional, previndo a dependencia, e dando respostas específicas como pode ser o control de patoloxías, un réxime de alimentación sa, equilibrada e variada, o coidado da hixiene persoal e do medio físico, desenvolvemento de habilidades socioculturais, etc.*

- *As familias: ás que se lles facilita un recurso que da resposta ás necesidades xurdidas co envellecemento ou dependencia dun familiar, que lles permite conciliar a vida laboral e familiar, que prevén o estres do coidador, etc.*

- *Os/as profesionais: xa que o mantemento destes servizos e programas favorece o crecemento do sector, mantendo e aumentando a oferta de traballo entre os profesionais que participan no proxecto.*

- *A comunidade: xa que o proxecto favorece o desenvolvemento económico e social do entorno, co que ten que interactuar constantemente para conseguir recursos para traballar coas persoas usuarias.*

Á vista do anterior e téndose por motivada a necesidade do contrato de acordo co artigo 116 da LCSP, corresponde ao órgano de contratación a iniciación do correspondente expediente. Dito órgano resulta ser o Pleno do Concello, de acordo co prazo de duración previsto —5 anos—, no reiterado informe da xefa do Servizo Comunitario, en relación coa Disposición Adicional 2ª, apartado 2, da LCSP.

Doutra banda, e a efectos de axilizar a tramitación administrativa do expediente de contratación, sinala o artigo 61.2 da LCSP:

> *Os órganos de contratación poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades nesta materia con cumprimento das normas e formalidades aplicables en cada caso para a delegación ou desconcentración de competencias, no caso de que se trate de órganos administrativos (...).*

No caso das Entidades Locais, prescribe o artigo 22, relativo ás atribucións do Pleno, punto 4, da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL, en diante):

> *O Pleno pode delegar o exercicio das súas atribucións no Alcalde e na Xunta de Goberno Local, salvo as enunciadas no apartado 2, parágrafos a), b), c), d), e), f), g), h), i), l) e p), e no apartado 3 deste artigo.*

Entre as excepcións sinaladas non figura a competencia en materia de contratación, polo que esta é delegable.

Tampouco a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 64; o Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Narón, no seu artigo 16; e as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Narón (base 13); establecen limitacións adicionais á facultade de delegación do Pleno na Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local.

En canto ao alcance da delegación, sinala o artigo 51.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (en diante, ROF):

> *O acordo de delegación conterá o ámbito dos asuntos a que a mesma se refira e as facultades concretas que se delegan, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral previsto neste Regulamento.*

CONCELLO DE NARÓN
Concello de Narón - Praza de Galicia S/N - 981 33 77 00 - Narón

En virtude do precitado principio de axilidade, proponse a delegación de todos os actos cuxo ditado sexa necesario no marco deste contrato, nas súas fases de preparación, adxudicación, efectos, cumprimento e extinción. A modo de exemplo, a D.A. 9ª do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, prevé algúns supostos de delegación de competencias. Entre outras, a publicidade potestativa da licitación, as informacións sobre os pregos e documentación complementaria, a prórroga de prazos para presentar proposicións; a dirección, inspección e control da execución do contrato; a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado, ou o reaxuste de anualidades.

Á marxe destas facultades complementarias ou instrumentais, proponse a delegación, sen prexuízo doutros posibles actos necesarios, da aprobación dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas, a aprobación do expediente de contratación e a autorización do gasto, a convocatoria de licitación, a imposición de penalidades administrativas, a resolución de recursos e as facultades de interpretar, modificar, prorrogar e resolver o contrato.

Exceptúase expresamente da facultade de delegación o acto de adxudicación, por incluírse no mesmo a disposición de gastos a favor da empresa adxudicataria; sendo esta unha competencia indelegable, de acordo co artigo 22.4 da LRBRL.

En canto aos efectos da delegación, sinala o artigo 51.2 do ROF:

> *O acordo plenario polo que se produza a delegación, que se adoptará por maioría simple, fornecerá efectos desde o día seguinte ao da súa adopción, sen prexuízo da súa publicación no «Boletín Oficial» da Provincia. Estas regras tamén serán de aplicación ás modificacións posteriores do devandito acordo.*

Por último, cabe apuntar que o acordo de incoación do expediente debe ser publicado (artigo 116.1 *in fine* da LCSP), e que o expediente debe completarse cos restantes documentos preceptivos (entre eles, os pregos, o certificado de existencia de crédito e os informes de fiscalización e da secretaría xeral aos que se refiren a D.A 3ª, apartados 3 e 8, da LCSP), sen prexuízo de que sexan incorporados cuantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente devandito expediente.

Por todo o anterior e en virtude do artigo 175 do ROF, este xefe de Servizo eleva á alcaldía-presidencia, para que someta a debate e votación do Pleno, previo Ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Incoar o expediente de contratación denominado “Xestión, organización, funcionamento e dinamización dos centros comunitarios integrados das Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros - Centro de Día”.

SEGUNDO: Ordenar ao Servizo Sociocomunitario a elaboración do Estudo de Custos e dos Pregos de Prescricións Técnicas; ao Servizo de Contratación a elaboración dos Pregos de Cláusulas Administrativas e cantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente devandito expediente; á secretaría xeral a emisión dun informe previo á aprobación do expediente; á intervención xeral a certificación de existencia de crédito e informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios, así como a fiscalización previa á aprobación do expediente.

TERCEIRO: Delegar na alcaldía-presidencia todas as facultades que, como órgano de contratación, correspóndenlle ao Pleno no marco do presente contrato, a excepción do acto de adxudicación e de disposición de gastos a favor da empresa adxudicataria.

CUARTO: Publicar este acordo no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia."

Polo anteriormente exposto, e visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 20 de febreiro de 2025, o seu presidentes propón ao Pleno:

P R O P O S T A

PRIMEIRO: Incoar o expediente de contratación denominado "Xestión, organización, funcionamento e dinamización dos centros comunitarios integrados das Casas da Mariña e Manuela Pérez Sequeiros - Centro de Día".

SEGUNDO: Ordenar ao Servizo Sociocomunitario a elaboración do Estudo de Custos e dos Pregos de Prescricións Técnicas; ao Servizo de Contratación a elaboración dos Pregos de Cláusulas Administrativas e cantos documentos, informes e demais elementos sexan necesarios para completar debidamente devandito expediente; á secretaría xeral a emisión dun informe preREvio á aprobación do expediente; á intervención xeral a certificación de existencia de crédito e informe sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación aos recursos ordinarios, así como a fiscalización previa á aprobación do expediente.

TERCEIRO: Delegar na alcaldía-presidencia todas as facultades que, como órgano de contratación, correspóndenlle ao Pleno no marco do presente contrato, a excepción do acto de adxudicación e de disposición de gastos a favor da empresa adxudicataria.

CUARTO: Publicar este acordo no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

8 º.- PROPOSTA DE LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DA CERTIFICACIÓN DE OBRA DE AMPLIACIÓN DO GRADERÍA NO PAVILLÓN CAMPO DA SERRA. . -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

A Xefa da Sección do servizo de Deportes, con data 17 de febreiro de 2025, emitiu o informe que literalmente transcrito di:

*" **ASUNTO:** Levantamento de reparo con efectos suspensivos e recoñecemento extraxudicial da aprobación da certificación nº 1 da obra denominada "**Ampliación de Graderío Superior en Pavillón Campo da Serra**" Exp- DEP/2024/53 por importe de 23.012,14 €, de JOSÉ CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ.*

ANTECEDENTES

*O día 6 de febreiro de 2025 a xefa da Sección de Deportes, emitiu o informe proposta (DEP19I008H) para a aprobación da certificación de obra nº1, para os traballos de "**Ampliación de Graderío Superior en Pavillón Campo da Serra**", que transcrito di:*

*""En relación coa factura con número de rexistro de contabilidade 2024/8169, presentada o día 30 de decembro de 2024, e a certificación de obra número 1, presentada pola empresa JOSE CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ adxudicataria da obra denominada **"AMPLIACIÓN DE GRADERÍO SUPERIOR EN PAVILLÓN DE CAMPO DA SERRA"** emítese o seguinte:.*

INFORME-PROPOSTA

*Polo arquitecto técnico D. José M. Saavedra Pantín, director da obra de "**AMPLIACIÓN DE GRADERÍO SUPERIOR EN PAVILLÓN DE CAMPO DA SERRA**" adxudicada á empresa JOSE*

*CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ con NIF ******** expídese certificación nº 1, por importe de 23.012,14 euros.*

Segundo o informe emitido pola arquitecta técnica municipal, Dna. Clara García Rodríguez, con data 30 de decembro de 2024, a certificación número 1, correspóndese coas cantidades e prezos relacionados coas obras executadas do proxecto. A certificación foi conformada pola arquitecta técnica municipal e polo director de obra.

As obras de referencia foron recibidas por este Concello mediante o levantamento de acta ao efecto, asinada polo Director de Obra, o contratista, e a arquitecta técnica municipal o día 30 de decembro de 2024.
Por outra banda, consta no expediente memoria xustificativa emitida o día 3 de febreiro de 2025 (DEP19I007T) pola xefa da Sección de Deportes, para proceder ao recoñecemento extraxudicial da obriga contraída coa empresa, ao abeiro da Base de execución nº 15 do Orzamento prorrogado.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a que subscribe eleva á alcaldía-presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previa fiscalización e ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas, a seguinte:

Proposta de Acordo

-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito da certificación nº 1 da obra de "**AMPLIACIÓN DE GRADERÍO SUPERIOR EN PAVILLÓN DE CAMPO DA SERRA**" por importe de **23.012,14 €,** presentada pola empresa adxudicataria, JOSE CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ con NIF ***** con cargo á aplicación orzamentaria 3420.63200, documento contable AD-220240018674, código de proxecto 2024.2.PTO24.39.""*

A Intervención Xeral, con data 14 de febreiro de 2025, emite un informe de reparo que terá efectos suspensivos, (SEN19I0007) polo motivo de ***omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación****.*
No citado informe de reparo, a Intervención considera, "que se utiliza abusivamente da figura do contrato menor que debe responder a actuacións imprevisibles, posto que toda a necesidade periódica ou planificable debe ser obxecto do correspondente procedemento de licitación para dar cobertura aos ditos gastos, así como favorecer á pública concorrencia e obter prezos mais avantaxosos económicamente"
A xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa "teoría do enriquecemento inxusto", en virtude da cal "no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades" (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o concello, en virtude do principio de enriquecemento inxusto da administración e aos efectos de non causar prexuízo aos distintos provedores e prestadores de servizos, debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido.
Por outra banda, non se puido completar a tramitación deste expediente no ano da realización da obra (2024) ao ser presentadas, tanto a factura como a dita certificación, o mesmo día 30 de decembro, último día hábil do ano 2024.
En base ao anterior, a funcionaria que subscribe, propón á Alcaldía para que, se procede, someta ao ditame da Comisión Informativa de Contratación persoal e especial de contas, para posteriormente elevar ao Concello Pleno, o seguinte:
1.-** Levantar o reparo con efectos suspensivos á aprobación da Certificación de obra número 1 de "* ***Ampliación de Graderío Superior en Pavillón de Campo da Serra*" por importe de 23.012,14 €.*

***2.-** Aprobar polo Pleno do Concello de Narón, previo Dictame da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas, o recoñecemento extraxudicial da certificación de obra nº 1 de "Ampliación de Graderío Superior en Pavillón de Campo da Serra", por importe de 23.012,14 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3420.63200, documento contable AD-220240018674, código de proxecto 2024.2.PTO24.39"*

Logo de ver o dito informe, e visto o informe favorable por maioría (coas abstencións de PP -3-, BNG -2- e PSdG-PSOE -1-; e os cinco votos a favor de TEGA) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de 20 de febreiro de 2025, o seu presidente propón ao Pleno:
1º.- Aprobar a proposta transcrita nos seus propios termos.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, pois traemos aquí este punto, que principalmente é aprobar esta certificación final e poder facer e levar a cabo o pagamento á empresa que fixo esta gradería no pavillón de Campo da Serra e principalmente o problema foi a temporalidade. Presentouse a factura e a certificación de fin de obra o 30 de decembro, por eso non se puido pagar o propio ano, e por eso traemos este punto aquí para facer ese pago. Nada máis.

-Sr.Ulla Rocha: nós imos manter o noso voto de abstención, por non votar en contra, Entendemos que si que existen razóns sobradas e xurídicas para votar en contra pero entendemos tamén que a obra que si que era necesaria. Entendemos que a obra por canto é unha obra demandada neste caso pola sociedade, en concreto pola sociedade que atinxe ao deporte e outro tipo de actuacións dese ámbito cultural, e deportivo, como era a ampliación do verdadeiro Campo da Serra, pero non obstante, é chamativo que se acuda á figura dun contrato menor, cando consta por Rexistro de Entrada neste concello, a memoria, o 21 de novembro do ano 2023. Entón hai un tempo suficiente dende novembro do 2023 ata que, digamos, se presentan esas ofertas económicas e xa recurre ao contrato menor para que se faga o que se ten que facer, cunha previsión que é o que marca a normativa, que é que saque a licitación. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: 9 A favor
PP: 6 Abstencións
BNG: 3 Abstencións
PSdeG-PSOE: 2 Abstencións

9 º.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE MULLER DO ANO 2025.. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:
Ditaminado favorablemente por asentimento na Comisión de Actividade Social e Igualdade do 20-02-2025.
Ana Isabel Ares Pernas estudou Ciencias Químicas na USC e a súa primeira oportunidade laboral xurdiu en Poligal, onde traballou cinco anos no departamento de Calidade. Ao mesmo tempo que traballaba fixo os estudos de doutoramento na UDC e cando no 2005 se convocou unha praza de profesora axudante non dubidou en presentarse, para exercer a que considera a mellor profesión do mundo.
Na actualidade é a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social.
Licenciada en Ciencias Químicas pola USC e doutora pola UDC (Programa en Ciencia e Tecnoloxía de Polímeros).

Profesora titular da universidade no departamento de Física e Ciencias da Terra, é docente no grao en Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto e no mestrado universitario en Deseño Industrial na EUDI, no mestrado en Fabricación Aditiva e no mestrado en Eficiencia Enerxética e Sostibilidade na EPEF. Coordinadora do Grupo de Innovación Docente RSE, Responsabilidade Social nas Enxeñerías. O seu labor docente mereceu diferentes recoñecementos e premios de innovación docente, especialmente polos seus proxectos de aprendizaxe-servizo. Certificado de excelencia Docentia en 2017 e 2022.
Por todo este currículo, que a converte nun referente nun mundo como é o da ciencia e das carreiras tecnolóxicas, proponse ao Concello Pleno nomear a Ana Isabel Ares Pernas como Muller do Ano de Narón 2025.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

10 º.- PROPOSTA DE COMPROMISO DE ADHESIÓN Á FUTURA "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS GALEGOS AFECTADOS POLA AUTOESTRADA DE PEAXE, AP-9".. -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Logo de ver a comunicación realizada polo Concello de Abegondo , que tivo entrada o 24 de xaneiro, e na que se solicita a adopción dun acordo por este Concello no que se manifeste a vontade e compromiso de adhesión á futura "ASOCIACIÓN DE CONCELLOS GALEGOS AFECTADOS POLA AUTOESTRADA DE PEAXE, AP-9" , solicitude que se acompaña do borrador de estatutos.

Vistos os fins da futura asociación e considerando a oportunidade e conveniencia que poder reportar ao noso concello formar parte da mesma toda vez que habilitará unha posibilidade futura de obter novos ingresos vinculados ao IBI-BICES.E considerando, asemade, que a dita asociación promoverá toda clase de accións políticas, xurisdiccionais, xurídicas ou administrativas tendentes á defensa da autonomía e suficiencia económico-financeira local, establecendo e esixindo tributos locais, compensacións, promovendo negociacións coas Administracións, etc. actuacións todas elas encamiñadas á defensa da legalidade e das competencias municipais.

Considerando que a achega económica que, ao abeiro do determinado no borrador de estatutos, virá determinado, nun primeiro momento, polo importe do 0,1% da cota tributaria do IBI-BICES, cota que alcanzou o importe de 104.182,76 € no exercizo 2024, o que suporía unha achega duns 104,18 €/ano, aproximadamente.
Tramitado o expediente e incorporado os informes preceptivos da Secretaría (GOB19I003T) e Intervención municipais (FIS19I0010).

Esta alcaldía, no uso das facultades atribuídas pola lexislación vixente, e visto o ditame favorable, por unanimidade da Xunta de Portavoces de data 24-02-2025, propón ao Pleno da corporación, a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o compromiso de adhesión á futura " ASOCIACIÓN DE CONCELLOS GALEGOS AFECTADOS POLA AUTOESTRADA DE PEAXE, AP-9 ", prestando aprobación ao borrador de estatutos presentado polo Concello de Abegondo.

2º.- Unha vez constituída formalmente a dita asociación, polo Concello-Pleno adoptarase acordo de adhesión á mesma e aos estatutos que haberán de rexer a devandita asociación; así como dos compromisos de gasto, no caso de existir obrigas económicas para o Concello.

3º.- Facultar á alcaldía, ou persoa en quen delegue, para realizar as xestións e asinar os documentos que sexan precisos para o cumprimento dos acordos adoptados.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: nada, nós ímonos abster neste punto, decidide vos o que facer, si nos chama a atención porque claro cando vimos o da asociación, tampouco coñecíamos tanto as bases, o que fala por exemplo, é conseguir que se pagase o 100% do ibi da AP-9 cando esa exención rematou no 2024 e agora no 2025 xa a cobran os concellos. E tamén vimos que unha das cousas que pedimos, supoño que terán que revisar eses estatutos e pedir unha serie de descontos. Cando dende o Bloque Nacionalista Galego é ben sabido que o que pedimos é a gratuidade da AP-9 e que pase a ser xestión 100% pública e dependente da comunidade autónoma. Entonces o que pide esta asociación parécenos pouco e que ao mellor ten outras intencións. Pero dende logo agora mesmo, o que aparece por escrito nos parece que está obsoleto e por eso, tampouco podemos votar favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:
TEGA: 9 A Favor
PP: 6 A Favor
BNG: 3 Abstencións
PSdeG-PSOE: 2 A Favor

11 º.- PROPOSTA DE LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DE RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS Nº1 DA OBRA "MONTAXE DE PISTA DE HOCKEY PATÍNS NO PAVILLÓN DO VAL". -
Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

A Xefa da Sección do servizo de Deportes, con data 18 de febreiro de 2025, emitiu o informe que literalmente transcrito di:
*" **ASUNTO**: Levantamento de reparo con efectos suspensivos e recoñecemento extraxudicial da aprobación da certificación de obra nº 1 da obra denominada " Montaxe de Pista de Hockey Patins no Pavillón do Val" – Exp-DEP/2024/45) por importe de 17.700,00 €, de JOSE CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ.*
ANTECEDENTES
O día 6 de de febreiro de 2025, a xefa da Sección de Deportes, emitiu o informe proposta (DEP19I008C), para a probación da certificación de obra nº 1, para os traballos de " Montaxe de Pista de Hockey Patins no Pavillón do Val", que transcrito di:
*""En relación coa factura con número de rexistro de contabilidade 2024/7952, presentada o día 26 de decembro de 2024, e a certificación de obra número 1, presentada pola empresa JOSE CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ adxudicataria da obra denominada **"MONTAXE DE PISTA DE HOCKEY PATINS EN PAVILLON DO VAL"** emítese o seguinte:*

INFORME-PROPOSTA

*Polo arquitecto técnico D. José M. Saavedra Pantín, director da obra de "**MONTAXE DE PISTA DE HOCKEY PATINS EN PAVILLON DO VAL**" adxudicada á empresa JOSE CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ con NIF ******** expídese certificación nº 1, por importe de 17.700,00euros.*

Segundo o informe emitido pola arquitecta técnica municipal, Dna. Clara García Rodríguez, con data 27 de decembro de 2024, a certificación número 1, correspóndese coas cantidades e prezos relacionados coas obras executadas do proxecto. A certificación foi conformada pola arquitecta técnica municipal e polo director de obra.

As obras de referencia foron recibidas por este Concello mediante o levantamento de acta ao efecto, asinada polo Director de Obra, o contratista, e a arquitecta técnica municipal o día 27 de decembro de 2024.
A factura de dita obra, foi xa conformada en data 30 de decembro, pola xefa da Sección de Deportes e polo Concelleiro de Deportes.

Por outra banda, consta no expediente memoria xustificativa (DEP19I007Q) emitida o día 03-02-2025 pola xefa da Sección de Deportes, para proceder ao recoñecemento extraxudicial da obriga contraída coa empresa, ao abeiro da Base de execución nº 15 do Orzamento prorrogado.

Por todo o exposto, e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a que subscribe, eleva á alcaldía-presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, previa fiscalización e ditame da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de contas, a seguinte:

Proposta de Acordo

*- Aprobar o recoñecemento extraxudicial da certificación nº 1 da obra de "**MONTAXE DE PISTA DE HOCKEY PATINS EN PAVILLON DO VAL**" por importe de **17.700,00** €, presentada pola empresa adxudicataria, JOSE CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ con NIF ****** con cargo á aplicación orzamentaria 3420.63200, documento contable 220240015778, código de proxecto 2024.2.PTO24.40""*
*En data 14 de febreiro de 2025, a Interventora Xeral emitiu un informe de reparo á aprobación da certificación de obra nº 1, que terá efectos suspensivos (SEN19I0006) **polo motivo de omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais determinados na normativa que resulta de aplicación**.*
No citado informe de reparo, a Intervención considera que se utiliza abusivamente a figura do contrato menor que debe responder a actuacións imprevisibles, posto que toda a necesidade periódica ou planificable debe ser obxecto do correspondente procedemento de licitación para dar cobertura aos ditos gastos, así como favorecer a pública concorrencia e obter prezos mais vantaxosos económicamente.
Fai constar tamén a Interventora no seu informe, que fiscaliza de desconformidade (reparo sen efectos suspensivos) a aprobación da certificación polo motivo que consta no anexo III do devandito informe, e que fai referencia a que a o contratista incumpliu os prazos para a

execución do contrato, os cales constan establecidos na resolución da alcaldía de adxudicación do mesmo.
A este respecto, requiriuse ao director de obra informe explicativo sobre o citado incumprimento. No dito informe, que consta no expediente, o director de obra expón que o retraso foi por mor da tardanza na subministración do material.
A xurisprudencia do Tribunal Supremo atenuou o rigor na aplicación das normas administrativas ao contrastalas coa "teoría do enriquecemento inxusto", en virtude da cal "no se puede alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades" (Sentenzas do 12 de febreiro de 1990, 25 de xuño e 8 de outubro de 1986). Polo tanto, o concello, en virtude do principio de enriquecemento inxusto da administración e aos efectos de non causar prexuízo aos distintos provedores e prestadores de servizos, debe realizar o pagamento das prestacións recibidas, aínda que se incumprise o procedemento establecido.
Por outra banda, e ainda que a factura pola realización dos traballos foi asinada o día 30 de decembro, tanto por esta xefa da Sección como polo concelleiro delegado de Deportes, non se puido completar a tramitación deste expediente no ano da realización dos traballos (2024), debido ao tipo de trámites que seguen ás aprobacións das certificacións de obra.
En base ao anterior, a funcionaria que subscribe, propón á Alcaldía para que, se procede, someta ao ditame da Xunta de Portavoces, para posteriormente elevar ao Concello Pleno, o seguinte :

*1 – Levantar o reparo con efectos suspensivos á aprobación da Certificación de obra nº 1 de " **Montaxe de Pista de Hockey Patíns no Pavillón do Val** " por importe de 17.700,00 €.*
*2 – Aprobar polo Pleno do Concello de Narón, previo Dictame da Xunta de Portavoces, o recoñecemento extraxudicial da certificación de obra nº 1 da obra " **Montaxe de pista de hockey patíns no Pavillón do Val**" por importe de 17.700,00 €, de JOSÉ CARLOS GARCÍA FERNÁNDEZ, con cargo á aplicación orzamentaria 3420.63200, documento contable 220240015778, código de proxecto 2024.2.PTO24.40"*
Logo de ver o dito informe, esta Alcaldía propón á Xunta de Portavoces:
1º.- Ditaminar favorablemente a proposta transcrita nos seus propios termos.
E visto o ditame favorable, por maioría, con 1 voto en contra do PP, 2 abstencións (1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) e 2 votos a favor de TEGA da Xunta de Portavoces de data 24-02-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Romero Franco: ben, neste caso é un punto similar, por non decir igual ao número 8 que é levantar ese reparo para facer fronte ao pago á empresa que realizou esta obra, que tamén o presentase o último día do ano, pois non se puido facer efectivo ese pago e por eso se trae ese expediente aquí.

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Bueno, nós neste punto imos votar en contra. Ten razón o concelleiro de Terra Galega, é un punto idéntico do que se tratou antes, precisamente do Campo da Serra, tan idéntico é que é a mesma empresa adxudicataria. Outra vez se vai neste caso, ao procedemento dos contratos menores cando precisamente a memoria se presentou o 4 de agosto do ano 2023 para facer precisamente esa montaxe da pista de hockey. Pero non só son neste caso, as razóns xurídicas de que se poña a figura neste caso, do contrato menor, nós estamos a favor de que se acuda á figura do contrato menor porque precisamente moitas veces, dá esa axilidade aos concellos para que poidan facer cousas. Que pasa? Neste caso,

entendemos que esta obra non era demandada pola veciñanza e máis en concreto pola veciñanza do Val. Era unha obra que precisamente o único que veu xerar son máis perxuízos que beneficios. Con tal de favorecer, igual é a miña opinión, … con tal de quitarlle un club a Ferrol para traelo para Narón, penso que é o que se está a perseguir. Porque se non non ten outra explicación. E a costa deso, que fixemos? Pois fixemos penalizar aos nenos e nenas que van ao CRA que agora mesmo non poden facer actividades deportivas de ámbito de fútbol, neste caso baloncesto, e non é que o diga eu, aí está a ANPA que o pode decir. Simplemente se me quere contradecir a min, contradi á ANPA. Esto é moi sinxelo. Contradigan á ANPA, porque é o que está publicando a ANPA. E é o que está decindo a ANPA. E non só eso. Había un club senior que xogaba alí, a fútbol que agora xa non pode xogar, e se tivo que ir para Neda. Entón son esas cousas que cando se goberna neste caso por gobernar, como fan vostedes. Sen ton nin son. Nin sin xeito, non teñen as instalacións porque aquí non había unha cultura para o hockey, e o que fan é … traen… non sei as negociacións que farían, con ese club que lles ofertaron precisamente esas instalacións, convéncennos ou non sei que tratan, e no ano 2023 presentan esa memoria por Rexistro e acuden á figura do contrato menor para facelo agora. Por certo, non había os materiais e houbo que requirirlle neste caso, a dirección de obra, a técnica, externo por suposto, para que se xustificara por qué se demorou esa obra.
Esa obra que precisamente por ese contido que tamén se lle dá no ámbito escolar, se podía haber feito no verán, e non prexudicar aos nenos e nenas tamén nos meses de inverno. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: boas tardes de novo. Eu creo que aquí houbo un problema de comunicación. E sinceiramente, cremos que non se actuou de mala fe, senón que non se deron conta de que realmente inutilizar un pavillón para monopolizar unha actividade nunha parroquia como a do Val, onde hai tantas actividades, hai un colexio que utiliza ese pavillón e unha serie de actividades que fan os veciños e veciñas e festas e unha serie de cousas, que era importante a ter en conta. Entonces que é o que nos preocupa? Que despois deste problema, non se actúe de maneira diferente, algo que nós xa reclamamos no seu momento, como BNG, falamos co concelleiro de Deportes, e lle dixemos que estaba habendo este problema, se había problema para que por exemplo, cando eran as horas de educación física colocar as colchonetas, había unha serie de problemas que xa estaban albiscando no inicio da obra, e se continuou, e repito, como creo que ao final a comunicación o é todo e en política, no, a propia definición. De política e das persoas no, que decía Aristóteles, que somos seres políticos e sociais, implica que haxa que falar para entenderse e sobre todo, cando se confrontan diferentes intereses e que neste caso, non teñen culpa nin o clube que fai un gran traballo, nin os veciños e veciñas que se están a queixar. E que nos atopamos? Que hai un “modus operandi” que xa vimos noutras ocasións por parte de Terra Galega e que cando non hai consenso, se busca confrontamento, botarlle as culpas a outras. E como se sabe que o malestar non é de hoxe, inténtase avanzar cara ese sentido. E pensamos que non se debería de actuar así. E logo por unha banda, pois o que se explicaba con anterioridade, o que se presenta aquí non ten que ver directamente con eso, pero si é pagar por un traballo para unhas obras que se realizaron no pavillón, en principio, non habería problema, pero ven cun reparo, cun reparo no que se amosa a preocupación porque no informe se omita requisitos, ou trámites esenciais da normativa aplicable.
E que ademais de maneira reiterada podemos comprobalo mesmo co acredor, neste caso, que aparece, que xa fixo outros traballos para o concello en contextos similares polo que pensamos que se debería actuar ao respecto, e pedir 3 orzamentos para que non haxa sospeita de favoritismo por parte do concello de Narón. Pídennos a Alcaldía, que levantemos este

reparo, entendemos que se trae a pleno mais pensamos que noutras ocasións das que se presumiron que se levantou o reparo directamente para non prexudicar e adiantar prazos que se podía facer neste, xa que por nós, nós non imos a responsabilizarnos dalgo que faríamos doutra maneira e porque queremos darlle cabida a outras empresas para este tipo de obras, e que se poidan presentar estes 3 orzamentos. Ademais as queixas dos veciños e das veciñas van en aumento agora con esa obra rematada. E sabemos que o concello ten que aterse á lei que prohibe o enrequecimento inxusto da administración e que esta persoa mesmo pode denunciar ao concello e o concello vaille ter que pagar si ou si.
Mais queremos deixar claro que un pavillón cheo de actividades como é o do Val, que utiliza un colexio, unha parroquia que repito, é a meirande que temos en Narón, antes de actuar debérase falar e saber se este era o lugar para a práctica deportiva dun clube que fai un excelente traballo, dun deporte que no noso país non é o maioritario e que teñen 3 categorías e que precisan por suposto, do apoio da administración. Pero igual ese pavillón non era o axeitado. Igual que ao mellor tampouco era o de Sedes porque xa o probaron, pero as humidades non lles deixan traballar e logo vemos como hai xente que pide a devolución e se teñen que ir a A Capela porque ese pavillón tampouco é o axeitado. Mais se lles ofreceu a outras entidades ir ao Val e lles din que non, porque está inutilizado por culpa das reformas que se fixeron agora. Entón parécenos preocupante que o concello ademais vaia á asociación de Veciños cando existía porque digámolo claro, hai 2 anos que non hai asemblea xeral no Val, e eso tamén é preocupante pero non existe, é dicir, que os que estaban as mesmas que por certo, agora protestan con motivos máis que lóxicos polo que está a acontecer con este pavillón, pediran daquela máis actividades. Claro si, máis actividades, pero non unha en concreto, que inutilizar outros usos, porque a realidade é que as porterías están fóra, as de baloncesto tamén están fóra e que puidemos comprobar como si se tapan saídas de emerxencia, que pediremos un informe si se está cumplindo a legalidade, que esperemos que si, porque xa o preguntamos tamén a persoas que saben do tema. Non nus calquera como nós, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e podemos decir porque así tamén nolo corroboraron que a homologación está feita daquela maneira porque por exemplo, farían falta redes para rodear, porque lánzanse unhas pastillas a grande velocidade que poden rebotar na parede e pode ser perigoso para as persoas que fan esa práctica deportiva ou a que comparten espazos como se están dando casos nos entrenamentos ou outras actividades como poden ser king boxing.
Nós por todo isto, non podemos apoiar o contido deste punto e esperamos que como BNG se faga outra maneira, e que paremos co “dime- dime, dixo-dixo, puff” …falouse, non entendemos porque querían actividades, senón que se solucionen as cousas e non teñamos que vir ata aquí para este punto, e sen poder levantar un reparo que consideramos que está xustificado.
Nós, que é o que queremos? Pois queremos que os veciños e veciñas teñan lugares onde compartir espazos, puntos de encontro e mais parroquias con vida, activas, con núcleos de centralidade parroquial como podemos ver no Val, e sitios onde compartir espazos. E bueno, temos o exemplo desta pequena grande parroquia, que conforman todos os “valexos e valexas” con moito orgullo e que gozamos por certo, todas/os as naronesas/es. Por todo esto, non podemos apoiar o que aquí aparece.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, dende o noso grupo consideramos e lle fixemos saber xa na xuntanza de voceiros que entendiamos que non fóra unha boa decisión o montar unha pista de Hóckey sobre patíns no pavillón do Val.

Llo explicamos e nos creíamos que quedara ben entendido e que non ía vir ao pleno, que se ía intentar buscar unha solución, unha alternativa, parar solventar esta problemática que temos. Vostedes me decían e me xuraban que podían seguir facendo actividades como era baloncesto, como era balonmán, como era futbol-sala,.. non é certo, non cumplen esto.

Hai unha solución, que a poden facer, e que deberían de facer, que fóra desmontable como é noutros casos. Sendo desmontable, si que se podería facer todas estas actividades, e hai sitios onde son pistas deste tipo e que son desmontables. E que deberían de facer que fóra desmontable como é noutros casos. Sendo desmontable, si que se poderían facer todas as actividades. E hai sitios onde son pistas deste tipo e son desmontables. Eso é como se debía facer.

E despois a segunda parte de todo esto, e que non podemos entender como se fan as cousas sen ter unha transparencia e sobre todo, falar coa xente do entorno. Coas persoas, coas entidades, cos clubs, co colexio que teñen alí actividades a diario, cando agora é moi complicado.

Vostede mo negaba pero non é así, é a realidade, unha profesora cando vai cos chavales de primaria e infantil, hai moitos chavales que non se ven por riba da valla, e que teñen un problema para pasar as colchonetas, teñen inconvenientes grandes, onde hai máis de 100 chavales dese CRA que creo que dende este goberno se defende os CRA, bueno, pois oe, non os vaiamos deixar sen un espazo para que poidan facer as actividades como corresponde.

E despois temos actividades que organizaba a ANPA, actividades que organizaba a asociación como ben dixo Olaia, a asociación, bueno, pois levamos 2 anos nun sistema que está como está. Entonces, esa é a realidade.

Vostede de verdade, Sra.alcaldesa, despois do que falamos o outro día na xunta de voceiros, trae esto ao Pleno como decía que esto cumple coa emerxencia e autoprotección? De verdade está convencida deso? Téñenna mal informada, téñenna mal informada de verdade, é triste. Pero pensen a realidade, creo que pola miña parte fun moi claro ese día xa, na xuntanza. E entendemos que nós non podemos apoiar esto e ademais creo que hai un reparo suspensivo, non é exclusivamente pola instalación, senón polo proceso que se realizou.

Creo que hai un abuso de contratos menores como ben se dixo aquí, co coincidente cas mesmas empresas.

Creo que se debe de mellorar. Non podemos entender que 2 actuacións que se fan no ano 2024, en instalacións deportivas, as 2 veñan con reparo. Por facerse tarde, mal e daquela forma. Creo que non pode ser e creo que deben de telo en conta.

Mire que xa na lexislatura anterior, en moitas ocasións, lles insistimos neste tema. A verdade que deron a calada por resposta, e seguiron tirando para diante. Pero algún día íanse encontrar con esta problemática. Entonces…. Eu síntoo pola empresa, porque a empresa fixo un traballo, comprou uns materiais, pero a realidade é que vostedes fixeron mal un traballo.

Enganaron ao propio empresario. Ben é certo que no anterior, que era da mesma empresa, admitímoslles que levantaran o reparo. Si que é a mesma empresa. Que ao mellor tamén poderíamos falar e decir algo aí. Pero entendemos que ao final as empresas son prisioneros de decisións políticas mal feitas.

E non veñan decir que a culpa como dixeron algún día é doutras cousas, que a culpa é da oposición. No. Porque se falamos do deporte como está incluído nesto, que non teñan axudas, subvencións, deportistas individuais non é culpa da oposición, é culpa de vostedes. Entonces esa é a realidade do que está pasando en Narón e nos entristece de verdade, porque creo que lles dixemos en moitas ocasións, como se debían de facer as cousas. Que non é todo tirar para diante, hai uns procesos administrativos, si, si, xa sei que non lle gusta que chosca o ollo ao seu concelleiro, pero a realidade é o que está pasando.

Claramente nós, como votamos na xunta de voceiros, volveremos a votar en contra.
Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Santalla Borreiros: boa tarde a todos. A verdade é que eu creo que este país nos temos que estinguir, de verdade que nalgún momento, nos estinguimos. Porque realmente que me digan que 1 mestra que non pode vixiar aos rapaces por culpa dunha pista de hockey que é cerrada, eu estiven o outro día alí, e cando veu a federación para dar de alta a pista e homologala para poder xogar. Para poder xogar, e estaba a mestra alí. Se lle preguntou alí diante dos membros da federación, e mais da rapaza que é a presidenta do club, se tiña algún problema coa pista. Dixo que non tiña problema ningún, que o único problema que tiña é que tiña que andar un pouco máis para meter as colchonetas para dentro.
Que digamos que meter unhas colchonetas por unha porta, que teñas que andar 10 metros, que sexa un estorbo para facer unha actividade, é que me parece incrible, paréceme incrible. Porque é mover unhas colchonetas para entrar por unha porta, antes claro, cruzaban de frente, pero agora teñen que andar 10 metros, para entrar por esa porta. Pero nada máis. Pero hai moitos máis concellos que teñen pistas de hockey, eh. No ensanche fíxose unha pista de hockey, xógase ao futbol-sala, xógase ao baloncesto, verdade que se xoga? Cumple as medidas? Si, si, as medidas que teñen as pistas, varían e teñen un mínimo e un máximo.
A pista de baloncesto, non sei se saben que é bastante máis pequena que unha pista de futbol-sala, non hai máis que meter as canastas para dentro e xogar ao baloncesto, e agora vou a explicar o inicio do hockey no Val. E despois valoraremos.
O pavillón do Val, hai 4 anos estaba inutilizado, inutilizado quere decir, que nada máis que se utilizaba para o cocido do club do Val, e máis para facer o entroido no local Social. Inutilizado, non había actividades. Hai 4 anos non había actividade nese pavillón. Cando estaba o meu compañeiro, concelleiro, Oreona, en Deportes púxose en contacto nunha reunión coa asociación de veciños, que o chamaron, que querían empezar a facer actividades no pavillón. Se empezaron a mover actividades para alí, se puxo o king boxing, fan o boxeo, fan actividades a asociación de veciños, e apareceu a oportunidade de que un equipo de hockey necesitaba unha instalación para xogar ao hockey. De aí naceu o hockey Narón. E nestes 2 anos ou ano e medio, o club foi medrando e necesitaba unha pista para poder xogar partidos federados. E se fixo unha memoria, contratouse e levouse a cabo a instalación dunha pista a través dunha memoria.
Quero decir, e se queren mañá ou hoxe lles paso o teléfono da presidenta da federación de Hockey que vostedes poñen en dúbida a pista de hockey na que din, que ogallá que moitos concellos por aí adiante teñan unha pista como esa. De verdade pódenna chamar por teléfono e que lles digan opinión, que lles digan, eu doulles o teléfono da presidenta da federación, que lles digan a opinión sobre a pista de hockey que hai en Narón.
A profesora, entran os rapaces adentro e ten os rapaces dentro da pista de hockey. Se ten que saír un rapaz fóra, os aseos, dende unha esquina da portería tampouco ve os rapaces cando van aos aseos. Refírome eu.
E despois decir que a veciñanza do Val non quere a pista de hockey, habería que mirar se realmente é toda a veciñanza do Val ou 1 soa persoa. Porque eu falei con esa rapaza da ANPA que me chamou por teléfono e poñía a pista de hockey como se fóra a casa de Toñita de hai 20 anos ou 30 anos. Porque decir por teléfono que ben sabes que se os veciños do Val non queremos unha cousa, arrancámola e punto. A ver, realmente paréceme…. Falar de toda a veciñanza do Val que non quere a pista de hockey…..cando un equipo de hockey que ten 60 fichas, que está medrando, que as fins de semana se lle vai dar movemento ao Val porque os equipos que veñen a xogar pola mañá, quédanse para pola tarde, que vai haber xente que se

queda a comer, que vai haber xente que vaia ao local social, que vai haber xente que vai á cooperativa, se se lle dá…. Non se lle dan actividades á zona rural… se non se lle dán actividades porque non se lle dan, se se lles dá porque hai que quitalas de alí, realmente eu creo que no….
A pista de fútbol sala e as porterías pódense meter para dentro igual que se meten as de hockey. Están fóra, cando meten as de hockey, quitan as outras e cando se van os de hockey teñen que deixlas postas, e os pequenos … un pequeno de 5 anos ou de 6 anos, eu creo que non lle fai falta máis de 40x20 para xogar a partida. E despois a maiores, o pavillón de deportes é para facer actividades de deportes…. O uso do colexio home, non lle fai falta o uso enteiro de todo o pavillón … vale para facer as actividades dos pequenos porque antes tiñan un pavillón bastante máis pequeño, que é onde se fixo o comedor. Bastante máis pequeno que todo o pavillón agora. Eu creo que poñer o ANPA de escusa, eu creo que non vale, porque realmente eu fun por semana alí e onde fan as actividades, fannas exactamente igual. A profesora está facendo exactamente igual as actividades. O único que ten que facer cando mete o material é entrar por unha porta. Ten unha porta de 1 m., ten outra de 3 m. e ten outra porta máis de 1m. Pola porta de 1 metro, as colchonetas entran perfectamente ou calquera material. Agora poñer a escusa de que non poden meter o material para dentro, ou que non se poden meter as porterías, …. Eu creo que non é. Despois creo que realmente o que ven aquí hoxe é que se lle poida pagar a unha empresa, que se lle poida pagar a unha empresa e unha das cousas dos reparos eu entendo, en Narón, o ano acaba o día 15 de decembro, non acaba o 31, acaba o día 15 de decembro, entonces as empresas que traballan ata o final de ano pois pasan estas cousas, e hai que traer estes recoñecementos.

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Bueno, creo que estamos ou errando o tiro ou perdemos de perspectiva o que estamos tratando aquí. Non estamos discutindo, nin estamos poñéndonos en contra do hockey. Nós valoramos o hockey, valoramos que o deporte base nos fan actividades e que o hockey parécenos unha actividade tan boa como as demais. Nós o que estamos falando é distinguir as prácticas que fai Terra Galega, precisamente de falta de transparencia, falta de diálogo, e sobre todo ese intercambio de opinión que o que pensa, neste caso o que está enfrente. Eu, gustaríame dicirlle a Terra Galega que non é Narón. Narón é máis que Terra Galega. O que non pode ser é que se inutilice unha pista dunha parroquia porque o decida Terra Galega. O que ten que facer Terra Galega é pois aproveitar esas ferramentas de diálogo que ten, como esa empresa que pagamos e que nos custa a todos os veciños e veciñas 50.000 euros de participación cidadá, pois falar coa parroquia. Imos sondear coa parroquia que parece facer unha pista de hockey, pero explicarlle á xente que se a facemos como a quere facer Terra Galega, non se vai poder facer outra actividade. Ou podemos ir a un procedemento transparente que nos custe un pouco máis e que sexa desmontable, pero eso si, teñamos que ir a un proceso de licitación. Eso é o que ten que ser aquí e creo que hoxe ao final, se dá o resultado que parece que se vai dar, vai ser a primeira vez na historia, que Terra Galega vai levar un reparo que non vai poder levantar neste Pleno. Eso é o que vai acontecer, e o que vai acontecer é que para a seguinte ocasión Terra Galega, vai andar neste caso, pois con maís coidado e vai facer as cousas como ten que facer.
Nós claro que sentimos que a empresa teña que acudir a un procedemento por vía xudicial, claro que si, pero bueno, tamén está cobrando outra factura. Entón bueno, pois síntoo pola empresa a súa falta de xestión. A próxima vez, cando a inviten a participar no procedemento neste caso de, obra menor, de contrato menor, pois igual terá as súas reservas de participar. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: paréceme grave, teño que decilo, que se utilicen conversas privadas telefónicas como argumentario. É unha mostra máis dos problemas de comunicación que se poden dar. Non me parece nin necesario, incluso paréceme grave de cara a faltarlle ao respecto ás veciñas e os veciños, e creo que unha das cousas ao que nos temos que deber é a humildade. E falaba o concelleiro de que hai 4 anos… bueno enumerou as actividades, teño que decir que eu dende hai 4 anos fun a bastantes actividades das que numerou agora mesmo e é verdade que antes do 2019, ese pavillón non tiña actividades. A partir do 2019 encheuse delas. Hai algo que apuntou Santalla, no que si que é verdade que antes na escola había un ximnasio, que logo quedou en comedor. Ben, ese ximnasio era pequeno, outra cousa é que na escola como logo se utilizou o comedor, se lles permitira saír fóra e facer uso do pavillón. Se fai uso do pavillón e é importante, a partir deso todas as semanas polas mañás se enche o pavillón de nenos e nenas e agora é verdade, 10 m. por exemplo, para infantil, para unha educadora ou educador de infantil que ten que desplazarse e coller as colchonetas e non perder aos nenos e nenas de vista porque os recortes en ensino están aí, e non vai ter persoal de apoio para que o sigan, pois pode ser que 1 neno saia do recinto que por certo, xa non está no seu recinto escolar. Entonces bueno, é complicar…. E complicar as cousas. E é verdade que os recortes en ensino fan que estean en ximnasios, claro si, houbo un momento que na Gándara os nenos de infantil facían nun cuartuxo ximnasia, en un instituto de Ferrol nos corredoiros do propio instituto, pero eso non é.
Temos un pavillón ao que fai uso e que creo que deberíamos de estar orgullosos e orgullosas de que o haxa. Porque ademais aquí se ten presumido neste Pleno do número de pavillóns que hai en Narón. Pois vale. Pois entonces, por que non se utilizou outro pavillón para esta actividade porque a realidade é que na parroquia do Val a día de hoxe fanse moitas actividades nese pavillón. É máis, eu teño estado aí na parroquia e estar aberto o pavillón polas tardes e estar rapazada xogando ao futbol-sala … si,si eu téñoo visto e esa é a realidade, no, entonces usos hainos, para a práctica deportiva e para a non práctica deportiva, pero ao final nunha parroquia necesitan espazos, é verdade, para as súas festas, para os seus puntos de encontro, para realizar un magosto, que por certo, este ano tampouco se chegou a facer porque organizaba a anterior asociación de veciños. E é máis, houbo un equipo de fútbol senior que se lle ofreceu facelo no pavillón porque o estaban a acometer a facer en Sedes, e xa comentei o problema que hai de humidades e non lles valía por como está agora o pavillón e como se fixo a obra para actividade deportiva neste caso, de hockey.
E outras actividades que non se chegaron a facer teño que decir, porque eso tamén o sabemos, pedían para usar o pavillón e ao mellor dende a Consellería de festas, non se lles daba o permiso ata un día antes, co que buscaban outras alternativas. Ese tamén é outro dos problemas que temos en Narón. Pero un máis que nada, creo que como non tivemos información en tempo de cando se ían a facer as obras, cando se empezaron a facer, é verdade que se comunicou, e eu pregunteiche si se podía facilitar o teléfono desa persoa que te chamou, creo que é importante que entendamos que a comunicación o é todo, e se agora hai un conflicto intentar resolvelo, e nestas semanas que se chegue a un acordo ou que haxa solución porque o que está claro é que como está agora nin contenta a ninguén, e agora vense cun reparo que nós cremos que está, repito, máis que xustificado.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Insistir un pouco no que falamos antes. A verdade é que se imos tempos atrás como falou o Sr.Santalla, pois creo que na participación cidadá no programa, non estaba facer hockey no Val, en ningún sitio aparecía e houbo alí reunións sobre dese tema. Entonces esto foi unha

cousa que xurdiu a vostede e dixo “hai que poñer a pista e a facemos”. Esa é unha das realidades. Entonces aí hai falta de comunicación.
Outro tema que entendemos é que vostede falou con esas persoas e por que non falou entonces antes de empezar a obra? Esas persoas que o chamaban, se son persoas representativas das parroquias do Val ou das Anpas, ou do colexio. Creo que debería de haber tocado todos os paus para falar coa xente que pode ter alí representación nalgunha asociación, nalgunha actividade e que se faiga nese pavillón, para non chegar a esta situación, porque é unha situación complicada, agora vostede ten que ver se o que se fixo se pode transformar nunhas desmontables. Ten que ver esa posibilidade porque se pode facer.
Non sei se esas poderán ser ou no.
A segunda parte, vostede me fala de pistas, de medidas, de que cumplen. Si, cumplirán pero nese caso non cumple os máximos para poder xogar a fútbol-sala. Nin para poder xogar a baloncesto coas vallas postas. Se vostede retira as vallas podérase seguir facendo esa actividade. Si, non…... Porque vostede sabe que o fútbol-sala e o baloncesto ten que ter unha marxe de separación de onde está a pista marcada. Do límite do campo. O sabe de sobra. E se non, que é técnico en Deportes ou o concelleiro de Deportes, oie, pregunte e demóstreme o contrario. Esa é a realidade. Non nos queira vender algo que non cumple, que non é, vostedes quérennos vender porque sempre estiveron vendendo cousas que non cumplían e neste caso, é unha delas.
Entonces nós non podemos pasar por aí nin imos ir por esa liña porque llo advertimos o outro día. E creo que somos moi coherentes e moi razoables. E cando neste caso, queremos, pois loxicamente o dixen antes e o volvo a repetir, que hai unha empresa que está pois, collida porque non se lle pode pagar unha factura e porque sabemos por que é. É porque vostede non fixo un traballo, si, non fixo o traballo previo para poder instalar eso e que agora non tivera estes problemas. Eso é o que está ocorrendo neste caso, polo tanto, búsquenlle solución, búsquenlle alternativas, que as pode haber, e posiblemente claro, vai supoñer un custo económico superior.
E despois tal e como está feita a pista agora, actualmente, tamén gustaríame saber se cumple, se vostede ten o informe de que cumple a autoprotección de emerxencia no caso de que haxa un problema dentro dese pavillón. Polo que me informaron a min, no. Pero ímolo deixar e que un técnico o certifique, e o faiga, e o presente de conforme cumple. Que é fundamental, porque alguien cando pon a firma nun documento, sabe ao que se expón. Entonces polo tanto, farao coa perspectiva de que sexa real e verdade o que está decindo. Pola nosa parte, nada máis e moitas grazas.

-Sr.Santalla Borreiros: eu creo que non me escoitou. Que me diga, que se me ocorreu a min dar a pista cando lle explico que este é un traballo que xa viña do meu compañeiro anterior, eu… non sei….. non me escoitou….. A min non se me ocorreu, xa se ocorreu a pista de hockey xa se lle ocorrera ao meu compañeiro, e eu como era un proxecto que tiña el levámolo adiante, claro que si. Pero volvemos outra vez ao mesmo, en Narón non todo é fútbol sala, non todo é fútbol sala, nin todo é fútbol. Temos 9 pavillóns, non hai porque xogar ao fútbol sala nos 9 pavillóns. Non hai porque xogar e despois, nos pavillóns municipais, que se fagan actividades sen estar autorizadas polo Padroado de Deportes, non pode haber ninguén xogando pachangas porque para usar un pavillón hai que solicitalo. Non pode haber ninguén xogando pachangas.
E despois tamén me gustaría saber cales son as actividades fóra das que dixen, cales son as actividades que foi a ver vostede alí fóra do que dixen. Porque realmente as actividades que hai alí é king-boxing, boxeo, ximnasia, e o hockey. E os rapaces do colexio pola mañá porque

se lle cede o uso porque claro, no colexio non teñen pavillón. Pero se lle cede o uso para que utilicen o pavillón. Pero volvemos outra vez ao mesmo. Que me digan que a profesora non pode atender aos pequenos. Cando un pavillón está pechado. A profesora cando ten os nenos dentro do pavillón, vanse os nenos para fóra? Vanse os nenos para fóra do pavillón? Xa se lle ían antes entonces. Porque agora ten 2 ocos, ten a pista de hockey dentro, mais ten a porta do pavillón. Entonces xa se ían antes os pequenos ou xa se podían ir antes. Porque unha vez de que ten os pequenos dentro do pavillón e están cerrados alí para onde se van ir? Por eso, que poñer escusas e despois prexudicar a unha empresa, eu creo que……

-Sra.Ledo Díaz: por alusións. Eu en ningún momento dixen "pachangas", dixen que había rapaces e rapazas xogando ao fútbol que entendo que terían os permisos necesarios. É máis, dixen, é unha pena que non estea hoxe quen levaba a concellería de Festas que sei de actividades que se pediron e non se chegaron a realizar porque se lles deu o permiso un día antes de cando se ían a facer.

-Sra.alcaldesa: a concelleira de festas está eh. Só unha cousa porque creo que tratamos ou tratáchedes de levar neste caso un punto por algo que non é, neste caso, obxecto deste Pleno. E a decisión de se se pon ou no esa pista de hockey. O que estamos aquí levantando un reparo para poder, que unha empresa pague por unha obra que ten realizado correctamente. E se poñía en dúbida que nin sequera había 3 ofertas. A ver eh, nós non facemos as cousas mal. O contrato menor está legalmente, é unha das opcións que temos legais para poder levalo a cabo. Neste caso evidentemente hai pedidas 3 ofertas José Carlos García Fdez., a contruccións metálicas Pita Díaz e a Proinor Cedeira, é dicir, deixar aquí ese poso que se fai sempre de que as cousas están mal feitas, a verdade é que ronda bastante xa non sei con que palabra definilo.
O contrato menor existe dentro da Lei e nós é o que levamos a cabo nesta ocasión. O motivo de que se presente ou de que se traia hoxe aquí para que todo o mundo o sepa, é que evidentemente esa factura se presenta, creo recordar que pon por aquí o día 27-12-2024 por que dirección de obra xustifica esa tardanza por esa subministración dese material e non se pode facer no prazo establecido, se vai fóra de prazo. Evidentemente por eso hai un reparo, algo que prevé a lei e por eso imos a deixar de pagarlle neste caso, a unha persoa que fixo o seu traballo e que neste caso moi ben feito, e que de feito dende a federación nos pediron o teléfono para que poida replicar noutro espazos algo similar. Eso é o que imos a facer hoxe. Imos a deixar de que unha empresa non cobre, que teña que ir ao xulgado a facer unha reclamación e que nós imos a ter que gastar uns gastos, neste caso en abogados para poder evidentemente darlle a razón e pagarlle o máis pronto posible.
E despois falar aquí de que quede inutilizado o pavillón. A ver " se mostran a continuación outros núcleos e cidades galegas como Vigo, Santiago, Ordes, Carballo, A Coruña, Oleiros, entroutros totalmente normalizado o uso de pavillóns para calquera tipo de modalidade deportiva xunto ao hockey". Agora tamén se incorpora Ferrol, eso é no momento que fixeron a pista de Ferrol, é dicir, que se comparte en moitos outros concellos. Eso si, pódese compartir noutros concellos pero no Val, no. Por que? Non o sei. É dicir, as porterías se poden mover. E de feito o hockey cando se vai ten que deixalas …… colocadas, para que ao día seguinte o centro escolar ao que lle prestamos o uso dese pavillón que non teríamos por que, pero entendemos que xa que está alí esa instalación e o podemos facer, así se fai, poda facer uso del. Fai uso del, desas porterías, se quere. Pode facer uso, neste caso, das canastas porque se poden mover e realmente como ben decía Iban, e eu non estaba presente e falei coa directora pero el si, cando se falou coa profesora, o que lle din é: si, temos que camiñar 10 metros máis, pero sexamos serios, ese pavillón está pechado, ese pavillón cando antes ían ao baño e a

profesora se quedaba na pista, tampouco veía aos nenos que entraban no baño. Non os veía. E agora mesmo con dobre pechado eu creo que non se vai escapar ninguén. De verdade. E que quitamos un equipo senior que nin sequera era da parroquia para que vaia a xogar a outro tal.. para dar cabida neste caso a equipos de casi todas as categorías do hockey? si. Que potenciamos neste caso, que exista os deportes minoritarios e favorecelos? Si. E que pretendemos que conviva neste caso coas actividades que se facían nese pavillón tamén, porque non o inutiliza para nada, e ese plan de prevención evidentemente que o posibilita e o que queremos é darlle neste caso, como ben decían, un pavillón que estaba por decir así infrautilizado, poñer enriba da mesa máis actividades que se poidan levar a cabo aí. E repito, esto é anecdótico porque neste caso non se está decidindo neste Pleno, se se fai esta pista deportiva ou no. O que aquí estamos decidindo é se esta persoa, a esta empresa se lle vai a pagar por un traballo que fixo. E creo que polo que avanzáchedes, no. E terá que ir ao xulgado e que realmente de verdade, quero clarificar que non existe absolutamente nada mal feito nesa tramitación dese contrato menor, esto neste caso acompañada tanto por 2 técnicos municipais, que me corrixan se estou decindo algo que non é o correcto e que se non pois no. Outra cousa é que se considere que aquí si que aparece no informe de Intervención, que se fai un uso, non sei como poñía, abusivo. Ben, eso é unha cousa, pero é unha figura que está plenamente recollida na lei que se pode utilizar. Entón non veñamos aquí, a utilizamos cando queremos e agora que non tal… e noutro caso, si levantamos ese reparo en condicións iguais, incluso peores, porque nin sequera había unha xustificación neste caso, dun técnico para tal… e neste non o facemos porque aquí non estamos decidindo si pista de hockey si, ou pista de hockey no. Aquí estamos decidindo se a unha empresa que fixo un traballo se lle paga ou non se lle paga.
Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a proposta transcrita:
TEGA: 9 A Favor
PP: 6 En contra
BNG: 3 En contra
PSdeG-PSOE: 2 En contra

12 º.- DAR CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA AO "MINISTERIO DE HACIENDA" EN CUMPRIMENTO DO QUE SE ESTABLECE NO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2105/2012 (4º TRIMESTRE 2024) . –Dase conta do seguinte:

SUBMINISTRO INFORMACIÓN 4º TRIMESTRE 2024

AO CONCELLO PLENO

A Interventora Xeral da conta ao pleno do concello da información remitida ao *"Ministerio de Hacienda"* a través da correspondente aplicación de captura habilitada na *"Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales"*, en cumprimento do que se establece no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao subministro de información do 4º trimestre do exercicio 2024, así como o correspondente informe, efectuada por esta Intervención (artigo 4.1.b) utilizando os medios electrónicos e formularios do sistema habilitado polo *"Ministerio de Hacienda"* (artigo 5.1).

CANZOBRE MÉNDEZ, MARIA DEL PILAR
A Interventora Xeral

O Concello Pleno, deuse por enterado.

13 º.- DAR CONTA DA EXECUCIÓN DOS ORZAMENTOS E DOS MOVEMENTOS DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS CORRESPONDENTE AO 4º TRIMESTRE DE 2024.. – Dase conta do seguinte:

De conformidade co disposto na base 10 das que rexen a execución do Orzamento do Concello, aprobadas definitivamente o 15 de maio de 2024, remitese a ese órgano para seu coñecemento información da execución dos orzamentos e dos movementos de tesourería por operación orzamentarias e non orzamentarias correspondente o período abranguido entre o 1 de xanerio ó 31 de decembro do 2024, e que corresponde o 4º TR/2024:

4º TRIMESTRE/2024

1.- INGRESOS ORZAMENTARIOS.

P. INICIAIS	MODIFICACIÓNS	DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	INGRESOS REALIZADOS	DEVOLUCIONS INGRESOS
37.681.368,80 €	9.808.915,80 €	38.937.896,08 €	38.730.431,48 €	2.572.915,73 €

2.- GASTOS ORZAMENTARIOS.

C. INICIAIS	MODIFICACIONS	OBRIGAS RECOÑECIDAS	PAGOS REALIZADOS	REINTEGROS GASTOS
37.681.368,80 €	9.808.915,80 €	35.444.468,87 €	34.498.995,14 €	11.536,03 €

3.- INGRESOS E. PECHADOS.

DEREITOS ANULADOS	DEREITOS CANCELADOS	RECADACIÓN
77.345,49 €	97.412,72 €	2.391.255,59 €

4.- GASTOS E. PECHADOS.

PAGOS REALIZADOS	RECTIF. OBRIGAS RECOÑECIDAS
2.373.304,63 €	0,00.- €

5.- COBROS NON ORZAMENTARIOS. **6.- PAGOS NON ORZAMENTARIOS**.

POR OPERACIONS NON PRESUPUESTARIAS	
8.189.456,53 €	9.955.973,26 €

7.- EXISTENCIAS TESOURERIA.

S. INICIAL	S. FINAL
13.484.099,75 €	13.405.590,62 €

Engádese á proposta o detalle do estado contable do 4º TR/2024.

O Concello Pleno, deuse por enterado.

14 º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE CUMPRIMENTO DO PAGO DE OBRIGAS (MOROSIDADE) E DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 4º TRIMESTRE DE 2024 (CONCELLO, PADROADO DE CULTURA, COSMA).. – Dase conta dos seguintes informes:

A/ **INFORME DE TESOURERÍA**
ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES (PMP)
PERIODO: CUARTO TRIMESTRE 2024

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de periodo medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu periodo medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a proveedores das Administracións Públicas (en adiante PMP).

O periodo medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co periodo legal de pago establecidos na Lei de Contratos do Sector Público a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operación comerciais.

Mediante a modificación introducida polo RD 1040/2017, aclárase a diferencia entre o concepto do periodo medio de pago a proveedores ao que se refire la Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, e o plazo máximo de pago a proveedores que se establece na normativa en materia de morosidade regulado na Lei 3/2004, de 29 de dicembro. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus proveedores, computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar a adopción das medidas previstas na citada lei orgánica para o aseguramento de parte do pago, e que non modifica as circunstancias de ningunha obriga individual. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas reglas de cálculo establecidas na Lei 3/2004, para o pago das operacións comerciais, cuxo incumprimento provoca a deivindicación automática de xuros da débeda impagada dende o transcurso do prazo de pago aplicable.O prazo máximo de pago a proveedores continúa estando en 30 días.

Trala modificación introducida polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, o artigo 5.2 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo prevé que:*"2.(….) Se entenderá por número de días de pago, los días naturales transcurridos desde:*

a)La fecha de aprobación de las certificaciones de obra hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.

b)La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.

c)La fecha de entrada en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración, en los supuestos en los que o bien no resulte de aplicación un procedimiento de aceptación o comprobación de los bienes o servicios prestados o bien la factura se reciba con posterioridad a la aprobación de la conformidad. (….)"

Asemade, a "Guía para la cumplimentación de la aplicación y el cálculo del periodo de pago de las EELL. Real Decreto 1040/2017, de 22 de diciembre, por el que se modifica el Real Decreto 635/2014, de 25 de julio" publicada polo Ministerio de Hacienda y Función Pública en febreiro de 2018 no seu apartado 2.1 "CÁLCULO RATIO DE LAS OPERACIONES PAGADAS" determina que:

"La "Ratio de las operaciones pagadas" en el trimestre, es el indicador del número de dúas de promedio que se ha tardado en realizar los pagos.

El "Número de días de pago": La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados hasta la fecha de pago material por parte de la Administración. En los supuestos en que no exista constancia del acto de conformidad, se tomará la fecha de recepción de la factura en registro administrativo o sistema equivalente. (….)

En el caso de certificaciones de obra, el cómputo se inicia desde la fecha de aprobación. (…)"

Como consecuencia das modificacións introducidas polo RD 1040/2017, Sicalwin adaptou no seu día a forma de cálculo da data de inicio do cómputo do Periodo medio de pago das facturas. Ata a data de entrada en vigor do RD 1040/2017, para obter a data de inicio de cómputo sumábanse 30 días á data de rexistro de entrada de facturas. Desde a entrada en vigor deste RD pódese realizar desde a conformidade da factura, e en defecto dese dato, desde o recoñecemento de obrigación.

Dende o 1 de xullo de 2019, púxose en marcha o sistema de conformidad electrónica das facturas no propio módulo de contabilidad (utilidade Firmadoc) , polo que dende esa data, o cómputo do PMP realízase dende a data de conformidade da facturas e non dende a de recoñecemento da obrigación tal e como sucedeu nos trimestres anteriores. En todo caso, debe terse en conta que a configuración técnica da utilidade Firmadoc implicou a imposibilidade material de realizar dita conformidade electrónica de maneira inmediata, esto é , dende o 1 de xullo.

TERCEIRO.- O artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que: *"4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono."

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciales entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a proveedores. Asemade, quedan excluidas as propostas de pago que foran obxeto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciales e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a proveedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financieira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo que considera a data de conformidade das facturas tendo en conta os datos contidos a día de hoxe no aplicativo contable Sicalwin referidos ao 4º trimestre, e considerando a necesidade de incluir asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón , esto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

En días

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Trimestral
11-15-054-AA-000	Narón	23,36	10,37	21,68
11-15-054-AV-001	P. Cultura	0,29	0,00	0,00

En días

Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral	
Narón	20,00

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.

B/ **INFORME DE TESOURERÍA**
ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade)
PERIODO: CUARTO TRIMESTRE 2024
NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operación comerciais.
- Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

INFORME
PRIMEIRO.- O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada.
SEGUNDO.- Forman parte do presente todos os pagos comerciales entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto na Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004 , quedando fora, polo tanto, as operacións que non están baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia dunha relación estatutaria ou laboral, ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria, igualmente están excluidas as que se producen entre distintas entidades do sector público.
Se incluirán todas as facturas pagadas ou pendentes de pago en cada trimestre, independentemente da sua data de expedición, a diferencia das facturas incluidas para o cálculo do periodo medio de pago que solo se ten en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014.
TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación , a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.
O artigo 4 da Lei 3/2004, na sua actual redacción dada pola Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego, establece:

"1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios…..
2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios….
3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda asociar un plazo superior a 60 días naturales…."

Igualmente a Lei 11/2013 modifica o artículo 216.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, sinalando:*"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados……..la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación"*
Ademais a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira, engadindo unha disposición adicional quinta nos seguintes térmos:
"Plazo de pago a proveedores.
Las referencias en esta Ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días".
En definitiva o inicio do periodo de cómputo, tanto das operacións pagadas como as pendentes, fíxase dende a recepción da factura, e o cómputo dos días para calcular o periodo medio de pago iníciase aos trinta días posteriores a esa data,data que ven dada polo rexistro contable da mesma.
CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, funcións ambas que son desenroladas pola Intervención municipal, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:
1º) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (4º trimestre. Data ref. 31/12/2024)
<u>O período medio do pendente de pago (PMPP) a 31.12.2024 atópase en 10,37 días.</u>
Ó remate deste período, o número total de facturas pendentes de pago é de 274 por importe de 1.020.322,47 €, das cales, o 98.54 % están dentro do período legal de pago, porcentaxe que se sitúa no 99.82 % se a análise se realiza sobre os importes.

	FACTURAS PTES DE PAGO ao final do 4º TRIM. (ata o 31/12/2024)							
	Dentro do período legal de pago				Fóra do período legal de pago			
Clasif. por capítulos	Nº operacións e %		Importe total e %		Nº operacións e %		Importe total e %	
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	110		387.657,14 €		4		1.799,30 €	
Investimentos reais (cap. 6)	13		199.214,01 €		0		0,00 €	
Otros pagos por oper comerc	1		82,73 €		0		- €	
Pendentes de aplicar a presuposto	146		431.569,29 €		0		- €	
Total	**270**	**98,54%**	**1.018.523,17 €**	**99,82%**	**4**	**1,46%**	**1.799,30 €**	**0,18%**

Das 274 facturas rexistradas ata 31/12/2024, importe total 1.020.322,47 €, a 31 de DECEMBRO de 2024 existen**:**

- 270 obrigas por importe total de 1.018.523,17 euros están pendentes de pago a data 31.12.2024, dentro do prazo legal de pago ao final do trimestre.

- 4 obrigas pendentes de pago por importe total de 1.799,30 euros a data 31.12.2024 incumpren o prazo legal de pago dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable

2º) Pagos realizados no trimestre (Entre 01/10/2024 e 31/12/2024):

Neste trimestre o período medio de pago (PMP) foi de 23,41 días.

Ó remate deste período, o número total de pagos realizados foi de 3.484 pagos por importe total de 6.889.123,81 €, dos que o 96,15 % foron realizados dentro do período legal de pago, porcentaxe que aumenta ao 98,15 % se o análise se realiza sobre os importes.

	PAGOS REALIZADOS NO 4º TRIM. (ata o 31/12/2024)							
	Dentro do período legal de pago				Fóra do período legal de pago			
Clasif. por capítulos	Nº operacións e %		Importe total e %		Nº operacións e %		Importe total e %	
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	3250		5.746.453,42 €		131		111.775,65 €	
Investimentos reais (cap. 6)	77		1.002.508,45 €		3		15.952,00 €	
Otros pagos por oper comerc	23		12.434,29 €		0		- €	
Pendentes de aplicar a presuposto	0		0,00 €		0		- €	
Total	**3350**	**96,15%**	**6.761.396,16 €**	**98,15%**	**134**	**3,85%**	**127.727,65 €**	**1,85%**

Das 3484 facturas rexistradas e que foron pagadas no 4º trimestre de 2024, importe total xeral 6.889.123,81 €, a 31 de DECEMBRO de 2024 existen**:**

- 3350 facturas de importe 6.761.396,16 euros aboadas dentro do prazo legal de pago
- 134 facturas por importe total de 127.727,65 euros aboadas fóra do prazo legal de pago, dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable.

O período medio de pago legal do 4º trimestre 2024 atópase en 23,41 días, ten mellorado en 4,89 días respecto ao trimestre anterior (que se situaba en 28,30 días), se sitúa POR DEBAIXO do máximo esixido, e polo tanto, CUMPRE o perído medio de pago en termos legais.

En relación aos cálculos anteriores, advírtese que a obriga de remitir ficheiros 997 á Axencia Tributaria (AEAT), respecto das transferencias de pagos a proveedores, no marco do Convenio de Intercambio de Información, aumenta o prazo de tramitación en ata 7 días, circunstancia que non é posible reflectir nos listados que de forma automática xera a aplicación informática Sicalwin.

Do mesmo modo, nos casos nos que o proveedor sexa recíprocamente debedor co Concello, pode aumentar o prazo de pago pola necesaria tramitación de expedientes de compensación de débedas.Tamén ten incidencia no proceso de pago cando é preciso requerir a presentación das fichas de comunicación de datos bancarios non presentadas a instancia do propio proveedor, esta circunstancia tamén dilata o proceso de pago material, o cal- como nos casos anteriores- non é posible reflexar nos listados que xera o aplicativo contable.

E por último, debe citarse que a aprobación neste trimestre dun importante volume de facturas a través do procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos así como de determinados gastos do capítulo 6 (certificacións de obra) para as que se tivo que habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito son circunstancias que tamén teñen unha incidencia negativa nos resultados do periodo medio de pago.

3º) Intereses demora pagados 4º Trimestre. Data ref. 31/12/2024: IMPORTE 0,00 €.

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo					Intereses de Demora Pagados en el Periodo		Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo				
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago				Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (dias)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses		Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15-054-AA-000	Narón	Limitativa	23,41	3350	6.761.396,16	134	127.727,65	0	0,00	10,37	270	1.018.523,17	4	1.799,30

QUINTO.-Obrigas de remisión de información.

O artigo 4.4 da Lei 15/2010, establece: "*4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con*

arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. "
A remisión de dita información realizarase con carácter trimestral pola Intervención municipal de conformidade co artigo 16.6 da Orde HAP 21/05/2012.

Se procede, por parte da Tesourería Municipal, á incorporación dos datos deste Informe á plataforma habilitada polo Ministerio de Facenda e ponse en coñecemento da Intervención Municipal para a súa sinatura en dita plataforma.

C/ **INFORME DA INTERVENCION DELEGADA**

ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON
PERIODO: CUARTRO TRIMESTRE 2024

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de periodo medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu periodo medio de pago.
SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a proveedores das Administracións Públicas (en adiante PMP).
O periodo medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co periodo legal de pago establecidos nas Leis de Contratos do Sector Público (vixentes para este periodo) a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operación comerciais.
Agora ca variación do cómputo do prazo do PMP non pode tomar valores negativos xa que se computa dende o recoñecemento da obriga e antes se computaba dende os 30 días da entrada no rexistro da factura ou data da certificación de obra si fose o caso.
TERCEIRO.- O artigo artigo 216.4 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, establece que:

"La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o

prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación, siempre que no sea manifiestamente abusivo para el acreedor en el sentido del artículo 9 de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono. "

Tamén o artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que:

"4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono."

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciales entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluidas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a proveedores. Asemade, quedan excluidas as propostas de pago que foran obxeto de retención

como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciales e administrativos.
QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a proveedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financieira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo establecida no art. 5 do citado Real Decreto sobre os datos contidos a día de hoxe, no aplicativo contable Sicalwin e referidos ó periodo do encabezamento, e considerando a necesidade de incluir asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón , esto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

						En días
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas (Días)	Importe Pagos realizados (euros)	Ratio de Operaciones Pendientes (Días)	Importe Pagos Pendientes (Días)	Periodo Medio de Pago (Días)
11-15-054-AV-001	P. Cultura	0,29	670.580,88	0	0	0,29

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.

D/ **ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade) PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON**
PERIODO: CUARTO TRIMESTRE 2024

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loira contra a morosidade nas operación comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

INFORME

PRIMEIRO.- O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada; a súa forma de cálculo é distinta da establecida no RD 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a proveedores das Administracións Públicas e cuxa emisión é de carácter trimestral.

SEGUNDO.- Forman parte do presente todos os pagos comerciales entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto no RDL 3/2011 e Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004.

TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo					Intereses de Demora Pagados en el Periodo		Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo				
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago				Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (dias)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses		Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15-054-AA-000	P. Cultura	Limitativa	0,29	185	670.580,88 €	0	0,00 €	0	0,00 €	0		0,00 €	0	0,00 €

Acompáñase como anexo o detalle da información que foi volcada na OVEL.

O que se informa ós efectos da súa remisión ó Pleno do Concello de Narón, así como se comunica que se procederá ó seu envío telemático a través da Oficina Virtual para a Coordinación coas Entidades Locales, do portal do Ministerio de Hacienda, ós efectos de dar cumprimento co disposto no artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

CÁLCULO PMP A FECHA 31/12/2024

Pagos realizados en el trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)		Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación						
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible						
Sin disgregar	64,42		164	381.978,24	17	178.752,05
Total	**64,42**		**164**	**381.978,24**	**17**	**178.752,05**

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago a final del trimestre	Periodo medio del pendiente pago (PMPP) (días)		Pendientes pago al final del trimestre			
			Dentro periodo legal pago al final del trimestre		Fuera periodo legal pago al final del trimestre	
			Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación						
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible						
Sin disgregar	28,90		63	410.865,30	19	67.133,45
Total	**28,90**		**63**	**410.865,30**	**19**	**67.133,45**

O Concello Pleno, deuse por enterado.

INCIDENCIA: Sae a Sra. Interventora Xeral ás 20:21

15 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE AMPLIACIÓN, MELLORA E MANTEMENTO DA ESTRADA DA FRAGA NA PARROQUIA DO VAL. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

"Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

De acordo coa Lei de Bases de Réxime Local, os concellos exercen competencias propias no relativo ás infraestruturas viarias da súa titularidade.

Estes camiños son vitais para o desenvolvemento das áreas rurais, xa que facilitan mobilidade, transporte de produtos agrícolas, e o acceso a servizos básicos. Mantelos e melloralos implica mellorar a mobilidade dos nosos veciños e veciñas e garantir a súa seguridade e benestar.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural vén de publicar as bases reguladoras das axudas financiadas ao abeiro do plan *Camiña Rural* no que ao concello de Narón correspóndenlle 58.406 €. E nelas, son subvencionábeis as actuacións de ampliación, mellora ou mantemento de camiños municipais, e que dean acceso, en calquera punto do seu trazado, cando menos a dúas parcelas agrícolas. Ademais, para a súa execución as actuacións (cun máximo de 6) deberán ser iguais ou superiores aos 6.000 €.

A Estrada da Fraga, no Val, é unha estrada paralela á Estrada de Valdoviño (AC-116) que vai desde o Convento de Baltar até a zona das Carballedas. Poder actuar na súa mellora permitiría unha axeitada seguranza viaria para o cruzamento de vehículos, ademais dunha actuación ao seu paso polo Rego do Val ou do Foxo e unha mellor sinalización. Reforzar os terrapléns e o firme existente tamén sería importante para unha estrada municipal na súa totalidade ou un tramo da mesma, na que ademais no seu trazado dá acceso a varias parcelas agrícolas e cumpre cos requisitos das axudas publicadas pola Xunta de Galiza.

Por todo isto solicitamos para a súa aprobación en Pleno os seguintes ACORDOS:

1. Que o concello de Narón solicite as axudas ao abeiro do Plan camiña rural para o período 2025-2026
2. A actuación na Estrada da Fraga e que o concello elabore un plan que recolla os requisitos da subvención.
3. Actuacións noutro camiño até chegar ao importe da subvención de ser o caso.

Narón, 12 de febreiro de 2025
Asdo. Olaia Ledo Díaz

E visto o ditame favorable por maioría, con 3 abstencións do PP e 8 votos a favor -5 TEGA, 2 BNG e 1 PSdeG-PSOE - da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Servizos de data

17-02-2025, o seu presidente propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

INCIDENCIA: Sae o Sr.Portela Parga ás 20:22´e volta ás 20:25´.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: grazas Sra.alcaldesa.

Ben, igual que pedimos por rexistro outras axudas, bueno, decidimos usar unha das mocións de febreiro para esto ata a preocupación de saber que hai subvencións que se perden por non presentalas en tempo. Véxase os 20.000 euros perdidos das subvencións que se dan ademais de maneira directa dende a Deputación para a limpeza de praias e máis polo motivo que se dixo. Cremos que ten que ser a parte política quen esté pendente destas cousas e non de se os traballadores ou traballadoras están de baixa ou no, que teñen todo o seu dereito e se é así o caso, esperamos que cunha pronta recuperación ou outras que non se piden porque din que para mantemento de persoal como as de técnico deportivo na Deputación que vimos de aprobar unha moción e non se sabe que non e só para mantemento de persoal senón para a nova contratación de persoal técnico. Tamén se sacaron axudas.

E eso, como xa rexistramos nesta, que tamén se falaba da Consellería de Medio Ambiente e que hai un diñeiro asinado pequeno máis importante como por exemplo, bueno, pola afectación que temos do parque eólico e como compensación e como no que pedíamos de Aldea Nova e dixemos, pois imos a rexistrala, fixémolo hai un par de semanas, vimos como uns días despois, ao final desa semana dende rematar ese rexistro do Concello a solicitude, cousa que por certo, alegrámonos e creo que agora na Xunta última de goberno desta semana, tamén se aprobou participar nesas axudas, ben, e entendemos que se aprobará por unanimidade esta moción, non a retiramos aínda que vemos que están todos os procedementos, para que se teña en conta e que poidamos comprobar que efectivamente se ten en conta este vial da estrada da Fraga no Val, agora que hai obras na estrada de Baltar, que esta rotonda é da Concha e se están facendo obras alí que por certo, rotonda que houbo que levar ao Parlamento Galego; nunca pensei que unha rotonda tería que levala o BNG para que a Xunta decidira facer esa obra e, que como se nos explicou en comisión, se vai facer chegar a un tramo da estrada da Fraga. Así que mantemos esta moción para corroborar agora si, que as axudas non se perden, e que dende o concello faredes o voso traballo tamén incluindo este vial. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, polo que se deixa caer imos entender que non sei cal é o criterio de unhas si, unhas no, se algunha vez se perdeu unha subvención neste concello responsabilizaremos tamén ao Bloque Nacionalista porque non … unha moción para recordarnos de que había unha subvención á cal nos podíamos acoller. De todas formas, si que eramos coñecedores desta subvención, de feito creo que se presenta esta moción o día 12, o día 14 entra polo Rexistro deste concello a memoria dese mesmo vial que se está a falar aquí, e de feito loxicamente se vai a meter ese vial dentro desta subvención para levar a cabo esta axuda. Nada máis.

-Sra.Ledo Díaz: a min a retranca gústame. Entonces como comentou aquí o portavoz de Terra Galega, fíxome graza relativa. O que pasa é que facer broma de que o Bloque Nacionalista Galego que está na oposición teña que usar unha moción para recordar subvencións que o traballo que lle corresponde a quen está gobernando e repito, non perder outras, porque o das praias pareceunos bastante grave, ademais ata se anunciou na prensa, claro que nos deran as axudas cando non apareciamos, e tivemos que comprobalo e efectivamente porque non se

solicitaron unhas axudas, que repito, que son directas e pois si, e se vemos algunha pois farémolo ao mellor outra vez ou pedirémolo por rexistro se non está en prazo ou así, para que Narón non perda cartos e que todos os naroneses e naronesas saiamos beneficiadas nestas axudas que ofrece a Xunta de Galicia. Grazas.

-Sra.alcaldesa: nós imos a votar a favor pero si que non é exactamente o que ven na moción o que nós presentamos, é dicir, había un proxecto feito encargado previamente á presentación desta moción, e que si que neste caso camiño …..e que corresponde a un trazado, unha parte deso que se solicita pero non integramente porque o proxecto xa estaba encargado antes pero si que se dá neste caso, solución a un tramo do que pedides aí polo cal si que imos a votar a favor.
Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

16 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN (PEMU). . -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

"O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIAS MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN (PEMU).

Segundo consta no BOP número 231 do 4 de decembro de 2012, foi aprobado e publicado o PEMU do Concello de Narón; sendo este un documento esencial que ten que estar actualizado e orientado ao estudo e prevención; establecendo os protocolos e a estrutura organizativa preventiva e de autoprotección así como a operatividade necesaria ante situacións de grave risco colectivo, catástrofes extraordinarias e/o calamidade pública nas que pode perigar de forma masiva, a vida e a integridade física das persoas e dos seus bens así como o medio ambiente do noso Concello.
Para poder facer fronte a situacións de risco de calquera natureza dentro do municipio e contemplar as capacidades e recursos de que se dispón, así como establecer os mecanismos de mobilización e coordinación con outras administracións; ante as emerxencias que se poden producir no ámbito municipal.
O PEMU é un documento técnico de carácter preventivo, obrigatorio por Lei, que ten que ser revisado periodicamente; e no que debe estar programada a maneira de enfrontarse de forma coordinada aos diferentes riscos que poden xurdir no municipio
Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da corporación, a adopción do seguinte:

ACORDO

1- Instamos o goberno do Concello de Narón á revisión e actualización do Plan de Emerxencias Municipal do Concello de Narón (PEMU), despois de que transcorresen 15 anos desde a súa elaboración, sendo moi necesario para poder manter a operatividade obxecto deste documento técnico, obrigatorio por lei.

Narón, 14 de febreiro de 2025
Germán Castrillón Permuy
Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

E visto o ditame favorable por unanimidade da Comisión de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade celebrada en data 20 de febreiro de 2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Yáñez Freire: buenas tardes a todas y a todos. Gracias Sra.alcaldesa.

Desde este grupo presentamos esta moción porque el Plan de Emergencias Municipal de Narón no está actualizado, y necesita una revisión ya que la sensación que da es de que es un copia y pega del de Muxía.

Todos somos conocedores que la identificación de los riesgos facilita lo que es la puesta en marcha de políticas activas que minimicen el riesgo, prevengan la respuesta en caso de que se materialice el peligro.

La gestión y el control de los riesgos requiere de la implementación de una serie de medidas preventivas, no sólo en el caso de grandes desastres o catástrofes, si no también para otros peligros más habituales. De modo que se cree una cultura social en la que se establezcan protocolos de actuación, se informe a conciencia y se establezca una correcta coordinación de recursos para dar respuesta rápida y eficaz ante las situaciones de emergencia que puedan presentarse.

La Ley 5/2007 de 7 de mayo, de emergencias de Galicia, materializa la competencia asumida por la Comunidad Autónoma Gallega en materia de Protección Civil, regula el sistema integrado de Protección Civil e Emergencias de Galicia dirigido a adoptar medidas preventivas, que eviten situaciones de riesgo a actuar en caso de riesgo común y a proteger la integridad de las personas y de los bienes de titularidad pública y privada.

Esta Ley obliga a los ayuntamientos, a la elaboración y aprobación del Plan de Emergencias Municipal, en base al cual se deben orientar las actuaciones en caso de catástrofe natural o cualquier otra incidencia grave, así como los planes específicos para hacer frente a determinados riesgos del municipio, tal y como se indica en la norma básica de Protección Civil.

En la pasada comisión informativa de este mes, se nos reconoce por parte del gobierno la importancia de la actualización de este documento. Y se nos dice que aunque se elaboró hace 15 años, se han realizado las revisiones correspondientes para cumplir con la normativa vigente. ¿Dónde están registradas y publicadas estas revisiones? ¿Ustedes son conocedores de la obligatoriedad de registro y publicación de dichas revisiones?

Con la normativa vigente y para comprobar la operatividad de tales actuaciones se considera imprescindible que tanto el personal que está involucrado en él, como la población en general ejerciten una serie de acciones encaminadas a minimizar los efectos de los riesgos en este ayuntamiento, implicando esto la planificación y ejecución de forma periódica de simulacros para comprobar que la implantación o mantenimiento de dicho plan ha sido efectiva. ¿Y se ha llevado a cabo la correcta coordinación de todos los medios técnicos y humanos?. Porque todos sabemos que el papel todo lo puede, el caso es que lo que recoge en ese papel sea posible llevarlo lo que es a la práctica. De ahí la vital importancia de la realización de simulacros. Además, como ustedes saben es obligatorio actualizar periodicamente. Al menos, una vez al año.

No estoy sugiriendo que sea a un nivel general de todo el municipio, pero por ejemplo, una situación en la que se dan situaciones….. pues imagínese, un escape de gas, con unas urbanizaciones, colegios… una situación en que entran en juego varios escenarios pues hay que saber si el plan de emergencias -PEMU- es eficaz y si se puede llevar a cabo, y qué actuaciones se llevarían, y aprovecho la ocasión para preguntarles también dos cosas: si en este último año se ha hecho algún simulacro, y si tenemos algún plan de actuación municipal específico. Gracias.

-Sr. Romero Franco: ben, como xa se dixo aquí nestes anos, non é que fóra un documento que estivera metido nun caixón, todo o contrario, se foron facendo actualizacións en función da normativa enviadas á Dirección Xeral de Emerxencias, por exemplo nese Plan de actuación municipal de inundacións donde foi unha das modificacións que se fixeron neste ano; neste momento ese documento está totalmente renovado, se estivo traballando durante anos sobre el e agora mesmo está actualizado, sólo pendente da súa aprobación e a súa publicación tanto en Xunta de Goberno como en Pleno deste concello. Polo tanto, esa labor se estivo levando a cabo e agora a traeremos a aprobación e publicación dese documento. Nada máis, moitas grazas.

-Sra.Yáñez Freire: bien, ¿usted me está diciendo que se han hecho actualizaciones en el Plan de Emergencias? ¿Si? ¿Es correcto? Vale, usted sabe que cualquier actualización que se haya hecho en el PEMU tiene que estar registrada, ¿verdad? Porque tenemos un documento ¿sí? Esto es un documento oficial que hay que cumplir y cada revisión que se haga hay que anotar el número de revisión que se hace, el número de versión, la fecha, la descripción de la modificación así como quien la aprueba, el cargo que tiene, la fecha, y la firma ¿ dónde están? ¿dónde las puedo consultar? ¿ dónde podemos consultarlas? Vale. Yo, si me dice donde podemos, no hay problema. Estas revisiones tienen que estar registradas, y publicadas. La población tiene que conocerlas. ¿Sí? Para saber como tenemos que actuar ante una situación de emergencia. Y hay que hacer simulacros. ¿Cuántos simulacros se han hecho en el último año, en los 2 últimos años. ¿ Dónde están esos simulacros registrados? Usted también sabrá y su gobierno sabe que cualquier simulacro que se haga, tiene que, una vez realizado el simulacro, tiene que hacerse lo que es una investigación. Un informe de ese simulacro, para saber si ese simulacro se ha llevado a cabo tal y como se recoge en la implementación del Plan de Emergencias que se hizo ¿Dónde está? ¿Dónde están esas actualizaciones y dónde está ese simulacro? Esa es mi pregunta. Nada más. Gracias.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

17 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL Á CREACIÓN DE ZONAS DE APARCADOIRO EXPRES A CARON DAS FARMACIAS. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

"O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Do grupo do PSdG-PSOE reclamando "INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL A CREACIÓN DE ZONAS DE APARCADOIRO EXPRES A CARON DAS FARMACIAS.".

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Co obxectivo de favorecer ás persoas con dificultade de mobilidade e garantir un acceso máis eficiente e humano a lestes servizos esenciais, xustificamos a medida na:

Atención ás Persoas con Mobilidade Reducida:

Moitas persoas, especialmente maiores, con discapacidade ou con problemas de saúde, dependen das farmacias para obter medicamentos e produtos sanitarios de forma rápida e regular. A falta de aparcamentos próximos dificulta ou acceso a estes servizos, obrigando a estas persoas a percorrer distancias innecesarias ou a depender de terceiros.

Seguridade e Comodidade:

Cos aparcamentos exprés permitirían un acceso seguro e cómodo ás farmacias, reducindo ou rocha de accidentes ou caídas, especialmente en condicións climatolóxicas adversas. Ademais, facilitarían a estacionamento de vehículos adaptados para persoas con mobilidade reducida.

Aceleración do Servizo:

Estes espazos estarían deseñados para estancias curtas, ou que permitiría unha maior rotación de vehículos e un acceso á farmacia de forma áxil, evitando atrancos nas zonas próximas e mellorando a fluidez do tráfico.

Cumprimento dá Normativa de Accesibilidade:

A creación destes aparcamentos estaría en liña coa normativa vixente en materia de accesibilidade universal, garantindo que todas as persoas, independentemente dás súas condicións físicas, poidan acceder a servizos básicos de forma digna e sen barreiras.

Beneficio para a Comunidade:

Esta medida non só beneficiaría ás persoas con dificultade de mobilidade, senón que tamén contribuiría a mellorar a calidade de vida de toda a cidadanía, facilitando ou acceso a servizos sanitarios esenciais e promovendo un concello máis inclusivo e solidario.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ó goberno municipal á creación de zonas de aparcamento exprés nas proximidades das farmacias, con sinalización clara e limitación de tempo de estacionamento (por exemplo, 15-20 minutos).

Narón a 17 de febreiro de 2025.

Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández

Voceira do PSdG-PSOE

E visto o ditame favorable por asentimento da Comisión de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade celebrada en data 20 de febreiro de 2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr. Ulla Rocha: si, antes de nada, se me pediu na comisión, por parte de Terra Galega, do seu grupo, respecto ao segundo punto, aos estacionamentos neste caso, de mobilidade reducida, se se eliminaba o segundo punto, e estivemos comprobando e é certo que nas proximidades, si que hai neste caso prazas de aparcamento para esas persoas e nese punto decidimos retiralo, ao fin e ao cabo, pois bueno, de que voten por unanimidade.

-Sra.alcaldesa: mira, perdoa, pero non escoitei moi ben o que decías.

-Sr.Ulla Rocha: digo que na comisión, respecto ao segundo punto, que no segundo parágrafo "*ademais de reservar algunhas destas prazas para vehículos con persoas de mobilidade reducida*" se nos pediu na comisión por parte do seu grupo a eliminación deste punto, toda vez que bueno, que había xa nas proximidades deses establecementos pois que xa había esas prazas.
Bueno, estivemos comprobando que nas farmacias que máis necesitaban digamos, este aparcamento expres pois si que figuraban, non xusto en frente pero si próximos a elas. Vaise retirar ese punto, bueno, neste caso non é o punto, senón esa frase, a raíz dese punto e seguimos neste caso coa exposición da moción.

-Sra.alcaldesa: só un segundo se me permite. Retiramos ademais de "*reservar algunhas destas prazas parar vehículos con persoas de mobilidade reducida*" .

-Sr.Ulla Rocha: si, o que se nos pediu na comisión, por parte de Terra Galega.

-Sra.alcaldesa: bueno, pero era para que todos tivesemos claro como queda.

-Sr.Ulla Rocha: bueno, traemos esta moción aquí porque entendemos que é necesario precisamente, nestes establecementos neste caso farmaceúticos, que se adican neste caso á sáude das persoas, pois xerar uns espazos, para xerar aparcadoiros express a fin de atender esas necesidades que sempre son puntuais e limitadas no tempo, e sempre son por urxencias neste caso, de saúde médicas. Polo tanto, vir a conta de que moitas farmacias polo menos detectamos en Narón, pois si que teñen ese estacionamento limitado que é o que, neste caso, obriga a usuarios pois nalgúns casos, pois a realizar un estacionamento non regulamentario a fin de evitar tamén esa demora nos tempos, a fin de que se poida precisamente por esa razón de urxencia, pois atender a esas persoas por realizar estes aparcadoiros expres a fin e a cabo de que sexan limitados no tempo, para que se poida dar servicio a esas persoas.
E plantexamos, neste caso entendemos que moitas veces son necesarios polos motivos que expuxemos, pois a exposición de motivos, como son a atención ás persoas con mobilidade reducida que aínda que non fan uso desas prazas pero que si poidan estacionar preto dese establecemento, seguridade e comodidade, é dicir, a fin de que se poida pois estacionar con carácter próximo e non por en perigo a circulación ou neste caso, peatóns, … e sobre todo, un beneficio para a comunidade que ten uns servicios máis próximos. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: xente pequena, facendo cousas pequenas pode cambiar o mundo. Esta moción semella pequena, é fácil que se aprobe por unanimidade, pero é importante tela para mellorar a vida de todas, todos, todes; eso sí, non esquezamos que ademais dos vehículos a motor debemos facilitar ás persoas que acceden camiñando que haxa seguridade en todos os lugares e en Narón xa non é pequeno no, este último punto, todo o traballo que temos que facer para conseguir esto.
Decir simplemente que nada, que votamos a favor da moción que presenta o PSOE e parabenizalos nesta ocasión polo feito de facela. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Sobre a proposta que se presenta nesta moción o noso voto será favorable, pero somos conscientes que é insuficiente.
Hai veces que para unha nai ou un pai é tan importante poder ir buscar unha bolsa de leite ou unha pouca froita, que unha aspirina. Polo tanto, consideramos que Narón sabe que nos últimos anos hai deficiencias no estacionamento para o comercio de proximidade e o comercio local e polo tanto, lle pedimos ao goberno que busque alternativas para que non siga sucedendo esta problemática que hai agora.
Creo que vostedes saben perfectamente o que está pasando, a non ser que para vostedes sexa máis importante subir a recaudación no capítulo de multas, prexudicando aos veciños e veciñas de Narón.
Bueno, pois entonces, sabe vostede Sra.alcaldesa, se non está nesa dirección que hai outras alternativas e polo tanto, esperemos e desexamos que máis pronto que tarde lle dean solución a problemática que está habendo en determinadas zonas neste concello. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, dende o grupo de goberno xa se estaba traballando nestes aparcadoiros expres, precisamente coas farmacias de Narón. De feito, hoxe mesmo, casualidades da vida, a sinalización para marcar e sinalizar estes aparcamentos pecharon hoxe, e xa se trataron coa empresa do pintado e asfaltado para que a semana entre o 10 e o 14 de marzo se leve a cabo ese pintado e esa colocación desa sinalización. E polo tanto, evidentemente, imos a votar a favor. Grazas.

-Sr.Ulla Rocha: simplemente agradecer neste caso, o voto favorable e agradecer precisamente as verbas da voceira do BNG ,que é verdade que foron moi importantes en relación ao contido da moción, en relación pois precisamente a traballar por un Narón mellor para as persoas.
E respecto ao que traslada o voceiro de Terra Galega, pois ese diálogo digamos, do goberno e a oposición, tanto se lle require e tanto se lle demanda neste caso, ao goberno de Terra Galega, pois ao mellor o partido socialista se aforraba a moción que presenta hoxe porque se xa estaba ese traballo feito por parte do equipo de goberno, pois o partido socialista non a presentaba e presentaría outra moción. Pero como non o sabiamos, tampouco saberemos se foi causa-efecto coa presentación desta moción do partido socialista. E que leve a cabo o que é hoxe ou dentro duns días pois a realidade do aparcadoiro expres. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: si que realmente se pode ver esa… non entendín, ese causa-efecto porque evidentemente ese diálogo coas farmacias neste caso, xa estaba iniciado, e se pode demostrar. Son 4 as que fixeron esas solicitudes.. neste caso co grupo de goberno se fixo esas solicitudes, se lles estaba dando traslado, si que é verdade que esa sinalización vertical, que chegou hoxe, demorouse no tempo esa entrega.

Co volume de cousas que facemos, créame que trasladalas todas, todas costa bastante e eso que a maiores tamén nos sometemos neste caso, eu mesma, todos os plenos a Rogos e preguntas e que poden preguntar e solicitar e tal….. si que é verdade que o que imos facendo nas Comisións e nas Xuntas de Portavoces é pois ir a cousas iguais de máis calado, que igual temos que ir neste caso, a máis pequenas como neste caso, que non digo que sexa menor.
Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

18 º.- MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE TEGA, BNG E PSdG-PSOE SOBRE O 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA. . -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O feminismo, máis que nunca neste inicio de 2025, é unha necesidade para responder ao rearme do machismo e ao avance das posicións máis reaccionarias e mesmo fascistas ao longo do planeta. Hai xa máis de cen anos que o 8 de marzo comezou a recoñecerse e consolidarse como unha data internacional de reivindicación e loita pola igualdade de dereitos das mulleres e a forma de honrala é impulsar avances concretos para que os dereitos lexislados sexan dereitos reais.

Na última década, a forza do feminismo fixo que se produciran cambios lexislativos e un proceso de toma de conciencia colectiva que nos fixo avanzar posicións. Mais hoxe, vemos con preocupación o avance de posicións e medidas abertamente retrógradas no ámbito social ou institucional, con consecuencias que agravan a desigualdade e mesmo cuestionan a existencia da violencia machista que ameaza as nosas vidas. Hoxe, vemos con preocupación novos mecanismos de compra-venda e alienación dos nosos corpos e das nosas vidas, o fortalecemento da manosfera ou as consecuencias da concatenación de crises nas mulleres galegas, que seguen a ter, en termos globais, peores indicadores no ámbito socio económico e soportando o desmantelamento dos servizos públicos, especialmente no ámbito da dependencia e da conciliación.

Así, a fenda salarial continúa, continúa a sobrerrepresentación das mulleres nos tramos de menores ingresos e a infrapresenza nos de maiores ingresos. Aínda que aumentou a poboación feminina ocupada, hai unha terciarización dese aumento e a xornada parcial continúa sendo unha característica do emprego feminino. Podemos afirmar que a última reforma laboral non fixo máis que afondar as fortes fendas xa existentes entre homes e mulleres. Ademais, aumenta a desigualdade das pensións e todos estes factores fan que

permaneza a situación de feminización da pobreza, mesmo aumentando a fenda entre homes e mulleres.

O feito de que haxa innumerables dereitos e medidas recollidas no marco lexislativo que non se cumpren na vida diaria debe facernos reflexionar sobre a necesidade de que se muden e actualicen as ferramentas para os facer efectivos. Por iso, a reivindicación do 8M debe apostar

por ferramentas concretas e fuxir de declaracións de intencións, dar cabida ás demandas do feminismo galego e empregar o autogoberno para avanzar en dereitos.

Fronte ao conformismo e á declaración de intencións, fronte á tentación de quen aproveita a vaga reaccionaria para rebaixar a esixencia ás institucións, propoñemos a creación dunha Valedoría de Igualdade como órgano de defensa cidadá perante situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.

Para situar Galiza nos máis altos estándares de promoción da igualdade e de loita contra a discriminación por razón de xénero, faise preciso avanzar na constitución de organismos públicos independentes que velen polo cumprimento e garantía dos dereitos xa recoñecidos formalmente na lexislación. De maneira específica, faise preciso abordar esta cuestión no sector privado, toda vez que non existe unha autoridade independente análoga á que si ten por natureza a defensa dos dereitos da cidadanía fronte á administración. Este papel, que cumpren as Valedorías ou Defensorías do Pobo, tamén en Galiza, circunscríbese en exclusiva ao ámbito público non tendo encomenda algunha sobre as situacións de discriminación que se produzan no sector privado.

Por iso, é necesaria unha Valedoría da Igualdade entendida como autoridade independente que asesore e asista á cidadanía diante de posíbeis situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan tanto no sector privado como incluso, aínda que con máis controis, na administración pública, así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación como as que continúan a rexistrarse aínda hoxe en moitos ámbitos. O futuro é esixente e nós tamén debemos selo, reafirmando o apoio ás mobilizacións do feminismo galego e propoñendo avances para facer unha Galiza máis feminista.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que os Grupo Municipais do BNG, TEGA e PSdeG-PSOE someten a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1. A Corporación municipal do Concello de Narón reafirma o seu compromiso coa loita feminista e o apoio ás mobilizacións e reivindicacións do feminismo galego de base.

2. A Corporación do Concello de Narón manifesta unha vez máis, o seu firme compromiso coa defensa e o fomento da igualdade entre homes e mulleres, non só o 8M senón ao longo e todo o ano.

3. A Corporación municipal do Concello de Narón demanda da Xunta de Galiza o impulso dun proceso con ampla participación social e institucional para a aprobación por lei antes do remate do ano 2025 dunha Valedoría de Igualdade, autoridade

independente de defensa cidadá que asesore e asista diante de posíbeis situacións de discriminación, directa ou indirecta, por razón de xénero, que se produzan tanto no sector privado como na propia administración pública así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situacións de discriminación, con funcións de investigación, asesoramento, mediación e elaboración de propostas de sanción para a promoción da garantía do cumprimento do principio de igualdade.

4. A Corporación do Concello de Narón insta ao Goberno do Estado ao aumento dos recursos destinados á inspección laboral con persoal especializado en facer cumplir de xeito efectivo a igualdade laboral e salarial entre homes e mulleres, así como no cumprimento dos dereitos laborais en materia de conciliación.

5. A Corporación do Concello de Narón insta á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado, na medida das competencias que corresponde, a implementar as medidas necesarias na administración de xustiza para unha atención integral, eficiente e rápida que evite a revitimización das mulleres vítimas de violencia machista durante o proceso xudicial.

En Narón, a 17 de febreiro de 2025.

Román Romero Franco	Olaia Ledo Díaz	Silvia Mª de Arriba Fernández
Voceiro de TEGA	Voceira do BNG	Voceira do PSdG-PSOE

E visto o ditame favorable por maioría (coas 3 abstencións dos representantes do PP; e os votos a favor de Tega -5-; BNG -2- e PSdG-PSOE -1-) da Comisión de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade celebrada en data 20 de febreiro de 2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: ben, volvemos un 8 de marzo, temos as mesmas preguntas, as mesmas respostas e a mesma inacción dalgúns que se porán o seu lazo lila pero dende o goberno da Xunta de Galicia pouco máis se fará, no. Aínda así avanzamos, avanzamos porque o movemento feminista está en marcha ate que todas sexamos libres e iguais e por eso, temos ante nós un novo 8 de marzo, para reivindicar a idea radical de que as mulleres somos persoas.

Porque nesta moción, na que aparecen unirnos como concello ás reivindicacións aparecen propostas locais e porque se mellorou a partir dunha na que se pedía avanzar, e nisto voume parar na creación dunha Valedoría de Igualdade. Dende comezos da década do 2000 foi introducíndose no ordenamento xurídico galego, español, europeo, nova lexislación encamiñada a garantir os dereitos das mulleres e promover a igualdade real en todos os ámbitos. Así en Galiza atopamos a Lei 7/2004 do 16 de xullo, galega, para a Igualdade de mulleres e homes; a do 2/2007 do 28 de marzo, do traballo e igualdade das mulleres en Galiza; e a Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Asimesmo tiveron lugar sucesivas mudanzas que se foron incorporando no decreto lexislativo 2/2015 do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de Igualdade. Todas estas normas, non me vou a parar máis nelas, que non é o caso nin o que quería facer pero si decir, que xunto coa lexislación estatal europea, foron incorporando o recoñecemento de dereitos e de obrigas co

obxectivo de avanzar cara unha sociedade máis democrática e xusta na que os dereitos fundamentais das mulleres en tanto que cidadás, sexan plenamente recoñecidos e garantidos en todos os ámbitos e repito, en todos os ámbitos. Estes avances foron o resultado de mobilizacións e de organización das mulleres ao redor do movemento feminista. Ninguén o pode negar. Máis mailos enormes avances normativos e as grandes conquistas sociais nos últimos anos, aínda queda moito camiño por facer para conseguir a igualdade real entre mulleres e homes, razón pola que as institucións internacionais veñen reclamando entroutras, a creación (aquí tamén me paro para que nos queden os conceptos) sobre todo, aos que mal gobernan na Xunta de Galiza, a creación de organismos públicos independentes encargados de protexer e velar polo cumprimento dos dereitos das mulleres, con todas esas leis que imos facendo así como pola promoción da igualdade no ámbito público e tamén privado.
Baixo a premisa de lexislar para avanzar, o BNG, presentou propostas para loitar contra a desigualdade económica no Parlamento, brindar dereitos sexuais e reproductivos e avanzar na conciliación e nas políticas públicas máis alá dos titulares. Máis en concreto, xa pedimos en 2023, a creación dunha Valedoría do Pobo, teño aquí, por se alguén quere comprobalo. A creación dunha Valedoría de Igualdade para actuar no ámbito laboral e loitar contra a fenda salarial en Galiza de máis de 4.000 euros, con respecto aos homes. Un Instituto Galego das Mulleres que fortalece as políticas de Igualdade e a súa transversalidade, e que tamén incluíndo esta Valedoría de Igualdade, unha rede pública de centros de atención á saúde sexual, máis igualdade na educación, ampliar recursos como ampliar prazas nas escolas infantís, atención domiciliaria, que o servicio de atención de axuda no fogar non esté infrapagado e que a Xunta… bueno, xa sabemos o que está pasando, para garantir o dereito á conciliación, e promover, esto é importante, a corresponsabilidade.
Unha oficina virtual tamén se pide, de denuncia de violencia dixital, unha liña de axudas para a contratación do persoal durante os permisos de maternidade, paternidade, das persoas autónomas, reforzar os centros de información á muller ou plans de ensino para avanzar na Igualdade.
Estas son as medidas que non se chegaron a ter en conta e polo que nos abstivemos por certo, na votación parlamentar da construcción dunha nova Lei de Igualdade que só contou co apoio do Partido Popular.
Estas cuestións que numerei e que reclamamos para esa nova lei que decidiron que non se inclúan. E por que o fixemos? Porque para dar cumprimento as obrigas, que xa dixen, internacionais e situar Galiza unha vez máis, dos máis estandares de promoción da Igualdade de loita contra a discriminación por razón de xénero, faise preciso avanzar na constitución de organismos públicos, independentemente que velen polo cumprimento e garantía dos dereitos xa recoñecidos formalmente na lexislación, senón nada facemos; así como na ampliación dos mesmos.
De maneira específica, faise preciso abordar esta cuestión no ámbito, no sector privado, toda vez que non existe unha autoridade independente análoga a que si se ten por natureza en defensa dos dereitos da cidadanía fronte a administración. E poño un exemplo: as Valedorías ou Defensorías do pobo, en Galiza, circunscríbese en exclusiva ao ámbito público non tendo encomenda algunha sobre a situacións de discriminación que neste caso, poden sufrir as mulleres no sector privado.
Necesitamos unha Valedoría de Igualdade, entendida como autoridade independente que asesore e preste asistencia a cidadanía perante a posibles situacións de discriminación, directa ou indirecta por razón de xénero que se produzan no sector privado, así como promover vías de negociación e recomendacións que poñan fin a situación de discriminación, como as que continúan a rexistrase aínda hoxe en demasiados ámbitos do sector privado, e por eso, é

importante esta moción, por todas as reclamacións porque se chegou a un acordo entre 3 grupos, ogallá fosen 4, e porque o que se pretende é a búsqueda desa Igualdade real efectiva e por eso Galiza foi pioneira co traballo parlamentar do BNG, hai que decilo e é así, que levou a aprobar leis que logo se aprobaron no estado e que cumprían cos estandares máis avanzados do resto do mundo, e por eso podemos estar orgullosas. De ter tamén, temos que estar moi orgullosas un movemento feminista galego, activo e eficaz en todo o país capaz de conseguir a reapertura do paritorio do hospital, de Verín, coa súa mobilización, entroutras moitas cousas. Un movemento social e político que leva séculos a loitar como xa dixen ao principio, pola idea radical de que as mulleres somos persoas. E como tal debemos ver garantidos e respetados os nosos dereitos humanos fundamentais. Grazas.

-Sra. De Arriba Fernández: boas tardes a todos e a todas. Grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, eu vou ler o manifesto do PSOE polo día internacional das Mulleres.
A igualdade de xénero non só é un dereito humano fundamental, senón que é un dos pilares básicos para conseguir un mundo pacífico, próspero e sostible. Conseguíronse algúns avances durante as últimas décadas, pero o mundo está lonxe de alcanzar a igualdade de xénero para 2030, como se recolle nos obxectivos do desenvolvemento sostible de Nacións Unidas.
Avanzar en igualdade de xénero é fundamental para crear unha sociedade sexa en todos os seus ámbitos, dende a redución da pobreza ata a promoción da saúde, a educación, a protección e o benestar.
O lema escolleito por Nacións Unidas para este ano é “Para TODAS as mulleres e nenas: Dereitos. Igualdade. Empoderamento” ao que os e as socialistas nos unimos.
As mulleres e as nenas constitúen a metade da poboación e, polo tanto, tamén a metade do seu potencial. Pero a desigualdade de xénero prevalece e estanca o progreso social, por iso é vital que traballemos polo empoderamento das mulleres, especialmente das mozas e as nenas do noso país.
O empoderamento significa xerar unha maior autonomía para as mulleres recoñecendo e visibilizando as súas achegas. Empoderarse implica participar plenamente en todos os sectores; o económico, o político e o social. Deste xeito, constrúense países e economías máís fortes e xustas, máis estables e que contribúen a mellorar a vida de todas as persoas, e isto é, sen dúbida, un reto para o Partido Socialista.
A realidade demostra que son moitos os ámbitos nos que a fenda de xénero, as diferenzas entre mulleres e homes, segue sendo un lastre para a nosa democracia e unha inxustiza manifesta para as mulleres.
No emprego, as diferenzas foron mellorando, pero seguen mostrando un mercado laboral que penaliza ás mulleres cuns salarios case un vinte por cento inferiores aos dos homes. Segundo os últimos datos dispoñibles da EPA 2023, o salario medio das mulleres foi de 2.063,2 € mensuais, mentres que o dos homes alcanzou os 2.467,9 €.
Tratar a tódalas mulleres e homes de forma igualitaria no traballo é un dos fundamentos esenciais da igualdade de xénero e do noso obxectivo de empoderamento, por iso, aínda que as diferenzas salariais seguen sendo moi grandes, significativas, reducíronse nun 25% o ano 2018, entre outras cousas grazas ao continuo incremento do salario mínimo interprofesional.
Cando Pedro Sánchez chegou ao Goberno, situábase en 10.302,6 € anuais; en 2025 chega xa aos 16.576,€ brutos anuais. Creceu un 61% dende que gobernamos os e as socialistas. O SMI nunca subiu con tanta intensidade e as maiores beneficiarias deste incremento foron as mulleres, que precisamente cobran os salarios máis baixos.
Para seguir pechando a fenda de xénero no mercado laboral, traballaremos na implantación de políticas que favorezan e melloren a inserción laboral das mulleres nas profesións(ciencia,

tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), comezando pola sensibilización e pola promoción na infancia e na mocidade.
Que as mulleres ocupen a maioría dos contratos a tempo parcial, ou que ocupen postos de menor responsabilidade ten moito que ver coa conciliación da vida familiar e laboral, cos usos do tempo: son máis mulleres que homes que coidan diariamente a outras persoas, un 41% fronte ao 33%, ademáis, a porcentaxe de mulleres que realizan tarefas domésticas diariamente é moi superior á dos homes (64% fronte a 44%).
Pero nos últimos seis anos, o goberno progresista puxo en marcha medidas pioneiras parar acadar a igualdade de xénero en diversos ámbitos: equiparamos e ampliamos os permisos de maternidade e paternidade de carácter instransferible, promovendo a corresponsabilidade no coidado dos fillos e fillas.
Impulsaremos unha acción política integral que permita un acordo de corresponsabilidade nos coidados. Este pacto é necesario para acadar o obxectivo de reducir o diferencial de horas que mulleres e homes dedican ao traballo doméstico e de coidados. A redución da xornada a 37,5 horas é xa un gran paso, agora o noso obxectivo será a elaboración dunha Lei de Usos do Tempo.
Promover a igualdade de xénero a todos os niveis supón garantir a presenza das mulleres nos espazos de poder do sector público, das grandes empresas, das sociedades cotizadas ou dos colexios profesionais. Por todo iso, aprobamos a Lei de Paridade que, sen dúbida algunha, resulta ser hoxe a mellor ferramenta para acabar co actual déficit democrático.
Empoderarse é adquirir conciencia individual e colectiva, gañar confianza e autoestima, ter o poder de decidir na vida cotiá; por iso seguiremos traballando decididamente pola coeducación xa que os centros educativos non son neutros; a escola forma parte do entorno e reprodúceo, e por iso que incluir os valores de igualdade, tolerancia e diálogo é altamente transformador.
Ademais, lexislaremos parar protexer as e os menores nas entornas dixitais contra a pornografía e a incitación á prostitución. Impulsaremos decididamente a educación afectivo-sexual baseada no respecto, a igualdade e a dignidade das persoas.
Seguiremos defendendo que o corpo das mulleres e a súa maternidade sexan escollidos libremente por elas mesmas. A interrupción voluntaria do embarazo non debe ser unha arma ideolóxica dependendo do signo político que rexa. Para iso, traballaremos para blindar o dereito á interrupción voluntaria do embarazo na Constitución, garantindo que todas as mulleres teñan o dereito a decidir sobre o seu propio corpo e a súa maternidade.
O noso compromiso coa igualdade entre mulleres e homes é firme e abrangue todos os ámbitos da vida pública e privada. Só mediante unha acción política transversal e integral, que teña en conta tamén as diferenzas entre as mulleres, poderemos construir unha sociedade verdadeiramente igualitaria e xusta para todas e todos.
Dende o PSOE loitaremos contra a onda reaccionaria da ultradereita negacionista da igualdade, porque a mellor forma de combater o negacionismo é poñendo en marcha políticas de igualdade. Por iso defenderemos os avances conseguidos e a lexislación impulsada e ademais traballaremos para que a súa aplicación sexa efectiva en todos os ámbitos.
E queremos facelo da man de toda a sociedade, entre todas e todos, coas organizacións feministas, cos colectivos e tamén contando con todas as institucións.
Un ano máis alzamos a voz para dicir: ¡Que viva a loita das mulleres!
Grazas.

INCIDENCIA: Sae o Sr.Mauriz Romero sendo as 21: 47´e volta ás 21:53´

-Sra. Lorenzo Tojeiro: boa tarde a todos e todas. Bueno, ademais do contido da moción e o exposto polos grupos Socialista e BNG, gustaríame aludir á declaración da Plataforma de Acción de Beijing do ano 95 a que se sumaron e adoptaron 189 gobernos durante a 4ª conferencia mundial da Muller. Esta declaración é á que se refire este ano a FEGAMP na súa declaración. Nela sentáronse as bases para o avance dos dereitos das mulleres e nenas en todo o mundo. E como di Silvia, na súa declaración que fai a ONU en referencia a este ano.
Sen embargo, 30 anos despois segue sendo necesario reforzar a nivel global e local 3 áreas clave, non hai máis que ver as noticias. Fomento dos dereitos das mulleres e nenas fronte toda forma de violencia, discriminación e explotación. Promoción da igualdade, impulsar o empoderamento garantindo o acceso inclusivo á educación, emprego e liderado en presenza en espazos de toma de decisións.
Neste escenario de obxectivos aínda pendentes de cumplir, obxectivos imprescindibles, en ocasións literalmente vitais para as mulleres e ante a sombra das políticas que chegan dando pasos cara atrás, o equipo de goberno continuará apoiando o movemento feminista, continuará apoiando a loita pola igualdade, continuará elaborando, executando accións de concienciación coa poboación escolar e tamén adulta, sen deixar de insistir na urxencia do Xulgado de violencia de xénero naquelas cidades como a nosa que carecen del. Agora sumámonos a esa solicitude de Valedoría de Igualdade que asesora e garante os dereitos xa lexislados contra a desigualdade no sector privado e público. Todos podemos convir aquí na necesidade de optimizar os recursos existentes, a Consellería de Igualdade e o Valedor do Pobo, como argumentaba o grupo municipal do PP para non adherirse a esta moción. Sen embargo, parece máis que evidente que as medidas non están sendo suficientes. Acábase de publicar o quinto índice …… do que se fan eco distintos medios e axencias de comunicación. É un indicador que se elabora con 28 variables diferentes de distintas áreas: emprego, educación…. Bueno, un pouco o que acabamos de falar, mostra unha evolución importantísima, evidente, sen embargo dinos que empeora (en España eh) a brecha no ámbito de saúde e benestar, informa novamente da presenza das mulleres en disciplinas de ciencia, tecnoloxía e no ámbito dixital, as mulleres traballan menos horas, empregos a tempo parcial, bueno, o que acabamos de decir, repito un pouco, pero non estar presentes en sectores de alta produtividade, en postos de liderazgo. Como exemplo, é que só contamos cun 22% de alcaldesas nos 313 municipios de Galicia.
A brecha salarial está presente en todas as Comunidades Autónomas, e actividades económicas, máis pronunciadas nos extremos de maior e menor idade especialmente no sector privado. Nas xornadas a tempo parcial e especialmente na poboación de mulleres estranxeiras. Todo o exposto ven a xustificar o solicitado. Ven a insistir en que se pode facer máis e mellor. Convido á reflexión, á suma de forzas, para facer desta moción unha Declaración Institucional. Máis nada. Grazas.

-Sra.Novo Mouriz : buenas tardes a todos y a todas. Gracias Sra.alcaldesa.
Hoy en este pleno tengo el placer de tratar y opinar sobre las cuestiones relacionadas con el día que conmemoramos, el Día Internacional de la Mujer. Una fecha de gran relevancia para reflexionar sobre el camino recorrido hacia la igualdad, pero también para recordar los retos que aún nos quedan por superar.
La defensa entre la igualdad de género entre mujeres y hombres, es un principio fundamental que busca garantizar que todas las personas tengan los mismos derechos y oportunidades, así como un trato justo y equitativo en todos los ámbitos de la vida. Esto implica reconocer y combatir las desigualdades históricas y estructurales que han discriminado a las mujeres y han trabajado duro para construir una sociedad más justa e inclusiva.

La equidad de género es un tema del que todos somos responsables y pese a la gran lucha y a avances conseguidos todavía queda mucho por hacer a través de políticas públicas que permitan adoptar medidas con las que poder eliminar todas las formas de discriminación contra las mujeres. Además de retirar cualquier obstáculo que pueda interponerse, imposibilidar una igualdad real y efectiva.
Nuestra responsabilidad como políticos es predicar con el ejemplo. No como hacen por ejemplo, vuestros socios de gobierno como Errejón o como está ocurriendo con el tema de Fabiola, con esto lo único que consiguen es echar por tierra el trabajo realizado por los partidos políticos que verdaderamente luchan con este problema inependientemente de su color político.
En este sentido el gobierno de la Xunta de Galicia tiene un firme compromiso con las mujeres, siendo pionero en muchos aspectos en esta materia, fomentando la responsabilidad, la conciliación, y apostando por un feminismo inclusivo, reivindicativo y dialogante en el que cabemos todos y todas.
Por ello la Xunta destinará en este año 2025, más de 28 millones de euros en promoción de igualdad a través de diferentes medidas tomadas, en las cuales una gran parte de nuestro público, objectivo serán nuestros jóvenes.
También están reforzando las ayudas a los concellos para que pongan en marcha programas de igualdad y protección a la violencia de género a las que se destinan más del 30% del presupuesto y por supuesto, se continúa impulsando y consolidando los centros de información a la mujer, cuya función es atender e informar a las mujeres.
En este último la Xunta aporta un total de 5, 8 millones de euros, una inversión que hace justo un año aprobamos todos los concejales en este Pleno, que de nuestro grupo lamentamos que todavía no se haya tomado ninguna acción al respecto en nuestro concello.
Desgraciadamente hablamos de la promoción de la igualdad; también tenemos que hablar de la lucha contra la violencia de género, un tema con el que la Xunta está muy concienciada incrementando y reforzando las medidas y recursos que sirvan de herramienta para terminar con esta lacra.
Algunas de las medidas llevadas a cabo por la Xunta entre otras, son las siguientes:
El presupuesto de Dirección General de la lucha contra la violencia de género incluye 28,3 millones de euros; las ayudas a las víctimas suman más de 8,3 millones, lo que convierte a nuestra comunidad en un referente; medidas de atención, acompañamiento, formación, integración a las víctimas, inserción laboral de estas víctimas, ayudas como alquiler social o asistencia judicial, atención a las víctimas de 24 horas los 365 días del año, en sus 5 centros. Uno más de lo que exige la Ley y Narón tiene la suerte de contar con 1 centro en su partido judicial que está ubicado en el Hospital Novoa Santos. Líneas de apoyos a las ampas con un presupuesto de 1 millon y entre otras cosas, áreas de sensibilización, puntos lilas y arco iris en eventos sociales.
En cuanto a la valedora do pobo, me gustaría recordar, como bien dijo Olaia , en 2023 se aprobó la Ley para la igualdad efectiva de mujeres y hombres en Galicia, la cual hace mención en su título VIII a la Valedora do Pobo, en la que le asigna competencia para velar por la igualdad y trato y oportunidades entre mujeres y hombres y por la erradicación de la discriminación por razón de sexo gracias a la aprobación de esta Ley, la cual el BNG se abstuvo. Galicia cuenta con una Valedoría do Pobo, un órgano independiente encargado de velar por la defensa de los derechos y libertades de toda la ciudadanía incluído en tema de desigualdad de género.
Por lo tanto, desde el Partido Popular de Narón solicitamos el voto por puntos, ya que estamos de acuerdo en votar a favor de todos los puntos excepto el tercero, ya que existe una

Valedoría do Pobo. Consideramos que Narón debía invertir en herramientas nuevas como el CIM que permita dar soluciones y agilidad a los problemas a los que se tiene que enfrentar, y familias que son víctimas de desigualdad en cualquier ámbito de su vida. Muchas gracias.

-Sra.Ledo Díaz: ben, estaba decindo que non ía intervir pero xa que mencionas a lei e falas da Valedoría do Pobo decir o que expliquei antes no, só se actúa no ámbito público e a defensora do pobo neste caso, bueno o defensor, que agora cambiou o que se pide na Valedoría de igualdade é que se traballe tanto no sector público como no privado. Que é importante tamén e sobre todo, lembremos que o 8 de marzo é o Día internacional da muller traballadora e que temos que ter en conta esto.
E a lei do PP porque é do PP, na que nos abstivemos e que só saiu cos votos do Partido Popular, ou sexa, abstiveronse o resto dos grupos, preocúpanos porque é verdade que aceptaron as emendas nosas, a maioría sobre nomenclatura e terminoloxías ou algo importante como era o dun tratamento especial para a violencia estructural que sufren as mulleres xitanas no noso país, pero o resto de propostas foron rexeitadas.
E non vai ser nin eficaz para loitar contra a fenda salarial que por certo, está prohibido ter esa fenda salarial, pero é que hoxe ademais de 4.000 euros nin tampouco para combater a homofobia ou que as mulleres lesbianas non sexan discriminadas dobremente, tampouco será unha lei eficaz porque non aparece na lei para axudar ás mulleres cos traballos máis precarizados como mencionaba por exemplo Silvia, ou parar blindar o dereito ao aborto na Sanidade pública do noso país. Ou para evitar que a maternidade supoña o principal elemento de discriminación das mulleres. É unha lei que nin axuda nin toma medidas para corresponsabilidade nin aborda por exemplo, algo que nos parece moi grave que é a feminización da pobreza. Que por certo, internacionalmente tamén se analiza ese documento beijing que expuxo María.
Non hai en definitiva articulado nin respostas a problemas estructurais e é algo que nin os agravantes na sociedade de hoxe, e é algo que por exemplo, as asociacións que eu pertenzo como “mulleres ártabras” téñenno moi en conta, ou plataformas nas que por exemplo participo como é a “Marcha mundial das mulleres” que é algo no que se loita, entonces esa Valedoría de igualdade que se recolle e se empeza a esixir no Dereito Internacional cremos que é necesario para que, polo menos se fagan efectivas as leis anteriores e non só esta, que para pouco máis vale. Nada, non me estendo.
Perdoade, Viva o 8 de marzo, Día Internacional da Muller Traballadora. Que é o mesmo que decir todas, porque todas as mulleres somos traballadoras.

-Sra.Novo Mouriz: nada, antes de finalizar mi intervención quería agradecer a todas las mujeres de Narón, a las trabajadoras de este concello, a mis compañeras Nuria, Vanesa; a las concejalas, (bueno Natalia no está pero también) Olga, Mar, Carmen, Olaia, Bea, Silvia y Marian, que con vuestro esfuerzo y dedicación sois el motor que mueve Narón, sigamos avanzando hacia una sociedad más equitativa donde cada mujer pueda decidir su futuro y vivir sin barreras con dignidad y respeto. Nada más, muchas gracias.

-Sra.alcaldesa: non tiña pensado intervir pero.. despois dunha moción presentada neste caso, por 3 compañeiras creo que queda bastante claro. E si que vou a decir algo que digo moitas veces neste punto, que me dá moitísima pena que non poidamos sacar unha Declaración Institucional en algo tan importante como é o 8 de marzo, é dicir, que nos por decir así, aquí o punto que nos separa simplemente creo que é esa demanda á Xunta de creación desa Valedoría, unha demanda de solicitar a Xunta, algo que cremos que é importante e que

cremos que ten que ser neste caso, a valedora do pobo; esa Valedoría de Igualdade, unha persoa formada en temas específicos como pode ser relacionados coa muller, e si que me dá pena que non poidamos neste pleno sacar unha Declaración Institucional neste punto.
Non sei se podedes facer unha reflexión cambiar esa posibilidade dese sentido de voto que quedaría, creo que ben, sacar esto polo que decía. Pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:
TEGA: 9 A Favor
PP: 6 Abstencións
BNG: 3 A Favor
PSdeG-PSOE: 2 A Favor

19 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL Á CREACIÓN DE ZONAS DE APARCADOIROS PARA MOTOCICLETAS.". -Lida polo secretario xeral a proposta que di así:

"O Grupo Municipal do PSdG-PSOE do Concello de Narón, ó abeiro do artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Do grupo do PSdG-PSOE reclamando "INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL Á CREACIÓN DE ZONAS DE APARCADOIROS PARA MOTOCICLETAS.".

EXPOSICION DE MOTIVOS:

No municipio de Narón existen múltiples espazos infrautilizados ou en desuso que poderían ser reconvertidos en aparcamentos para motocicletas. Estes espazos, debidamente acondicionados, non só resolverían o problema de estacionamento, senón que tamén contribuirían a mellorar a orde urbana e a seguridade viaria.

A creación de aparcamentos para motocicletas aliñados cunha política de mobilidade sostible contribuiría a reducir o uso do vehículo privado de combustión, diminuíndo así a conxestión do tráfico e as emisións de gases contaminantes. Tamén debe ampliar o uso do estacionamento a outro tipo de vehículos como son os patinetes eléctricos e bicicletas.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PSdG-PSOE presenta a seguinte moción para a aprobación polo Pleno da Corporación dos seguintes,

ACORDOS:

1.- Instar ó goberno municipal a identificar e acondicionar espazos sen uso ou infrautilizados en zonas estratéxicas do municipio (centro urbano, zonas comerciais, proximidades de estacións de transporte público etc.)/ etc.).

2.- Instar ó goberno municipal a creación de aparcamentos específicos para motocicletas, aproveitando os espazos dispoñibles

Narón a 17 de febreiro de 2025.
Fdo.: Silvia María De Arriba Fernández
Voceira do PSdG-PSOE"

E visto o ditame favorable por unanimidade da Xunta de Portavoces celebrada en data 24-02-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Ulla Rocha: grazas. Bueno, voi a ser moito máis curto e moi sucinto na miña intervención. E máis sobre todo, despois das intervencións tan largas do punto anterior que non por largas non eran axeitadas e xustificadas.

Bueno, traemos esta moción precisamente, bueno, había tempo que o partido socialista pois viñamos detectando que tiñamos esa eiva no que é nas instalacións neste caso, de estacionamento para motos. E aproveitamos neste caso que, vimos bastantes espazos que pola ubicación que estaban a dispor entre as distintas .. neste caso, saídas de garaxes ou illas que quedaban nas bocacalles ou no que é o recorrido, bueno, pois quedaban espazos inutilizados ou que podían ser perfectamente utilizados para aparcadoiro neste caso, de motocicletas. E xa non só de motocicletas, é dicir, xa postos nesta moción pois había que explorar tamén, pois traballar por esa mobilidade, pois que tampouco implique tan poucos ……que ao fin e ao cabo non deixan de ser vehículos de motor.

Teríamos tamén que explorar eses aparcadoiros tamén para bicicletas ou incluso patinetes eléctricos ou calquera outro tipo neste caso, de desprazamentos que poidamos ter no futuro. E que vaia nese desprazamento verde, polo tanto, é unha moción bastante sinxela, simplemente que se faga un estudio.

Que se aproveite neste caso, eses espazos infrautilizados que pode haber nas distintas zonas como poden ser na Solaina, A Gándara ou neste caso no barrio de Xuvia, que son barrios que pola súa construcción pois xerou máis os espazos angostos, e ao fin e ao cabo pois a día de hoxe se trata de aproveitar eses espazos para ese uso.

-Sr.Romero Franco: ben, non estamos en contra nin moito menos desta moción, simplemente tamén como se informou na Xunta de Portavoces que se contabilizaron aproximadamente sobre 30 prazas de aparcamento para motocicletas, non quere decir que sexan uns espazos que non haxa ubicados na zona urbana nin moito menos, todo o contrario, e que si, refírome que faremos unha análise de posibles zonas onde se poda aumentar este número de prazas de estacionamento. Moitas grazas.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

20 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE ANÁLISE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 13, PARA PODER ESTENDER O ACCESO A MÁIS ACTIVIDADES, AMPLIACIÓN DO BONO FAMILIA, ASÍ COMO RESOLVER DISTINTOS PROCESOS DOS ESPAZOS NOS QUE SE REALIZAN AS ACTIVIDADES NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DA GÁNDARA.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:

"O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte **MOCIÓN:**

Análise da modificación da Ordenanza fiscal número 13, para poder estender o acceso a máis actividades, ampliación do Bono familia, así como resolver distintos procesos dos espazos nos que se realizan as actividades no Complexo polideportivo Municipal da Gándara

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de bastante tempo sen cambios relevantes, consideramos que son precisas novas iniciativas que permitan actualizar e mellorar as condicións de acceso ás diferentes instalacións deportivas municipais. Consideramos que beneficiaría á cidadanía de maneira importante, xa que o que perseguimos con esta iniciativa é darlle máis facilidades á veciñanza para a práctica deportiva e a actividades de exercicio físico.

Unha das demandas máis frecuentes da veciñanza é a posibilidade de poder participar en familia nun maior número de actividades e poder usar o bono familia.

A ampliación deste bono é unha medida coa que buscamos facilitar o acceso ás instalacións deportivas municipais a familias con baixos recursos ou necesidades especiais. Con esta medida se conseguiría un aumento no número de beneficiarios, unha ampliación dos servizos aos que acceder co bono ou unha mellora nas condicións de acceso ao devandito bono.

Cremos que é imprescindible regular a asistencia a determinadas actividades para reducir a súa listaxe de agarda. En diversas actividades hai persoas que abonan o seu importe pero non asisten regularmente a elas, privando a outros potenciais usuarios da posibilidade de que se incorporaren. Consideramos necesario que se regulamenten este tipo de situacións, de maneira que non se manteñan no tempo de xeito indefinido.

Do mesmo xeito, cremos necesario efectuar unha profunda remodelación dos espazos interiores do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara e do seu funcionamento, de xeito que se permita ter unha maior capacidade para ofertar máis servizos ou outros diferentes.

Tamén é preciso efectuar a reposición e mantemento do material empregado nas actividades, como o referido á piscina, sen esquecer o importante problema do piso esvaradío da piscina terapéutica, que provoca unha enorme inseguridade nos usuarios e mesmo nos propios monitores.

Deberíase renovar tamén algunha das máquinas do ximnasio pola súa antigüidade. Igualmente, sería preciso poder ter a disposición das persoas usuarias os manuais de funcionamento, para o caso de que as máquinas sexan utilizadas sen a presenza dun monitor.

Por todo o anterior, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes:

ACORDOS

1.- Realización dunha análise das necesidades para a modificación da Ordenanza fiscal número 13, a ampliación das actividades que se poidan realizar co bono familiar e a regulación da situación da non asistencia ás actividades, de xeito que se poidan reducir as listaxes de agarda.

2.- Instar ao goberno municipal a realizar unha análise da situación das diferentes actividades que se ofertan no Complexo Polideportivo Municipal da Gándara e facer unha nova programación de xeito

que se poida chegar a un maior número de persoas, actualizar e mellorar a paxina web do padroado de deportes e se aumente o grao de satisfacción dos e das participantes nas actividades.

3.- Ampliar o uso da Sauna e o Ximnasio no fin de semana.

4.- Instar ao goberno municipal a realizar un estudio integral sobre as necesidades do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara, que considere a necesidade de reparación exterior do inmoble, a reposición do material en uso que se ten demostrado obsoleto ou que carece de manuais de uso e a reforma interior dos espazos.
Narón, 18 de febreiro de 2025

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular"

E visto o ditame favorable por maioría, con 2 abstencións de TEGA e 3 votos a favor (1PP, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) da Xunta de Portavoces celebrada en data 24-02-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
O grupo do Partido Popular de Narón presentou esta moción para análise da modificación da Ordenanza fiscal número 13, para poder estender o acceso a máis actividades, ampliación do Bono familia, así como resolver distintos procesos dos espazos nos que se realizan as actividades no Complexo Polideportivo Municipal da Gándara.
Logo de bastante tempo sen cambios relevantes, consideramos que son precisas novas iniciativas que permitan actualizar e mellorar as condicións de acceso ás diferentes instalacións deportivas municipais. Consideramos que beneficiaría á cidadanía de maneira importante, xa que o que perseguimos con esta iniciativa é darlle máis facilidades á veciñanza para a práctica deportiva e a actividades de exercicio físico.
Estamos a falar dunhas instalacións que foron construídas no ano 1990 e a día de hoxe non son suficientes para toda a actividade deportiva ou de exercicio físico que demandan os veciños e veciñas de Narón, persoas que traballan en empresas de Narón e que viven en concellos limítrofes, tamén buscan actividade deportiva ou preparación física no noso concello.
Dende este grupo sempre consideramos que Narón, dada a súa localización debería de buscar algún proxecto estratéxico, e dentro do sector relacionado co deporte e actividades físicas.
Ese e un camiño que Narón debería de explorar.
Se está perdendo unha gran oportunidade, todas e todos somos coñecedores da falta de instalacións para este tipo de actividades na comarca.
Vostedes están coa construción da piscina do Couto, que vai dar un servizo moi limitado, esa non é a solución, unha vez máis equivocáronse, e en pouco tempo nos darán a razón.
A inversión do millón de euros que van gastar nesa piscina do Couto, creo que o tiñan que trasladar ao complexo polideportivo Municipal de A Gándara, as Lagoas e outros.

Narón tiña que Impulsar a creación dun complexo multifuncional e deportivo, mancomunado cos concellos limítrofes, o lugar podía ser o polígono Río do Pozo, e incluso podía ser nesa parcela da carreira que comparte co concello de Valdoviño.
Desde logo con ese formato sería moito máis factible conseguir financiación doutras administracións.
Ademais de compartir gastos de mantemento co resto de concellos.
Un complexo ambicioso, que constara dunha piscina olímpica, con varios vestiarios, duchas, ximnasio, sala de enfermería e fisioterapia. Dependendo da parcela podía ter pistas de tenis, pistas de padel –que en Narón non temos ningunha pista pública nese sentido- así como pista deportiva multifuncións, apta para balonmán, voleibol, fútbol sala e baloncesto, pista para hóckey sobre patíns que tamén podería ser.

Iso sería un proxecto polo que Narón debería de pelexar, dar solucións á veciñanza, pola gran demanda que hai para actividades deportivas e físicas, destacaría polos beneficios do complexo para a saúde, o benestar e a cohesión social.
É cuestión de poñerse a traballar, impulsar ese proxecto, vostede podería facelo dende a mancomunidade de Concellos.
Sra. Alcaldesa, debe valorar esta proposta, dende o noso grupo estamos dispostos a traballar e axudar a conseguir un proxecto estratéxico para Narón neste sentido.
Seguindo coa moción, as demandas que solicitan, consideramos que son razoables e necesarias tal e como se recollen nesta moción.
A ampliación do bono é unha medida coa que buscamos facilitar o acceso ás instalacións deportivas municipais a familias con baixos recursos ou necesidades especiais.
Con esta medida se conseguiría un aumento no número de beneficiarios.
Cremos que é imprescindible regular a asistencia a determinadas actividades para reducir a súa listaxe de agarda.
Do mesmo xeito, cremos necesario efectuar unha remodelación dos espazos interiores do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara e do seu funcionamento, de xeito que se permita ter unha maior capacidade para ofertar máis servizos ou outros diferentes.
Tamén é preciso efectuar a reposición e mantemento do material empregado nas actividades.
Deberíase renovar tamén algunha das máquinas do ximnasio pola súa antigüidade.
Por todo o anterior, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción dos acordos aos que deu lectura o Sr. Secretario.
Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: se a moción era así un pouco “pupurri”, agora xa con esto ao final xa rematou. Porque falabamos do Complexo Polideportivo Municipal da Gándara e falamos dun Complexo dunha cidade deportiva para Narón, que englobe unha instalación que debe valer todo eso, 30 millóns. Espero para mañá mesmo sentarnos coa Xunta de Galicia, para asinar un convenio de colaboración que financie todo ese proxecto enorme para Narón e, dende logo que sentarse coa Mancomunidade é importante para que toda a mancomunidade aposte por un

complexo desas magnitudes para Narón, vendo a experiencia que temos co Racing que ven para Narón, e de Ferrol pouco máis que un cristo monta porque non entenden que unha cidade deportiva dun club de Ferrol veña para Narón; imaxínate que a Mancomunidade negocie para un complexo desta magnitud para Narón.
Indo á moción, que todo esto non se reflexa en ningún lado nesta moción pois si que o que dixen antes, paréceme un "pupurri". *"Realización dunha análise das necesidades para a modificación da Ordenanza fiscal número 13, a ampliación das actividades que se poidan realizar co bono familiar".* Un bono familiar que loxicamente xa existe, e que todas as actividades que se poden facer no complexo da Gándara están incluídas, non sei cales temos que aumentar. Incluídas as propias actividades, como tenis de mesa que non son alí mesmo, remo, patinaxe artístico e axedrez. Todas, absolutamente todas están incluídas nese bono familiar. Ou sexa, que non entendemos moi ben esta solicitude.
Despois por un lado, se fala de que hai que dar nova máis cabida ás actividades e por outro lado, hai listas de espera. Creo que as actividades son actividades que están demandadas, que teñen bastante afluencia e que loxicamente os usuarios están contentos con esas actividades. Non entendemos o análise e estudo que hai que facer. Desas actividades que están resultando e se están levando a cabo.
O feito do ximnasio, pois o ximnasio creo que non hai tantos anos. Que se ampliou esa zona de ximnasio na zona de abaixo, no que parte da maquinaria que hai se comprou daquela ou sexa que é nova, non sei se hai outros intereses a maiores, pero dende logo a maquinaria que está alí nin moito menos está obsoleta para nada.
E o uso do ximnasio o fin do semana pois home, cando o fin de semana principalmente hai partidos oficiais de liga ademais, pois entenderá que pola zona por onde está ubicada o ximnasio, pois non creo que mentres está xogando o Cidade, ou o baloncesto ou o balonmán poda pasar xente por alí para usar o ximnasio.
Así que non estamos moi de acordo con esta proposta, entón imos a votar que no. Grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: si, grazas Sra.alcaldesa.
A verdade é que sorpréndeme a pouca ambición que ten vostede en conseguir proxectos importantes para Narón. Loxicamente é triste pensar neso, no.
Que non haxa unha idea, unha planificación e un pensamento de decir "imos facer un proxecto importante" , intentar convencer aos concellos limítrofes que para eso estamos nunha Mancomunidade, e creo que sería unha forma de conseguir fondos para un plan estratéxico como pode ser este, no. Que ademais necesítase unha piscina olímpica, creo que carecemos en toda a comarca desa piscina e polo tanto, non facer unha inversión como van facer no Couto, que é moi limitada.
E despois creo que hai espazos todavía no complexo da Gándara, onde se pode habilitar para ampliar e despois tamén creo que é moi importante, creo que hai que modificar a ordenanza como ben explicamos porque hai demasiada agarda, e creo que se pode modificar e intentar que non sexa eso así.
Hoxe hai aplicacións, que poden no instante decir se está ocupado ou no, entonces a xente poderá participar se hai o bono familia para poder optar a esas instalacións. Polo tanto, non

entendo eu a súa postura. De verdade que é unha proposta que ven aquí en positivo para mellorar, para intentar activar e conseguir que teñamos máis usuarios e xente dos nosos veciños que poidan, polo tanto, ter actividades públicas e vostede vaise por outro camiño, donde a sensación é que non hai esa ambición de querer crecer e facer proxectos importantes polo noso concello.
Espero e desexo que cambien de opinión e voten a favor porque é importante traballar nesta dirección para mellorar os servicios tanto no deporte como no tema de preparación física no noso concello. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: volvo a repetir que parece un "pupurri", esta… agora na súa intervención xa pedimos outras cousas. Son cousas diferentes. Me dis que para un proxecto dunha cidade …. Perfecto, estamos encantados, ogallá podamos facelo, pero creo que deberíamos dedicar o orzamento completo de 1 ano para poder facer eso. Porque si esperamos polo orzamento da Xunta que inserte algo á economía dos veciños de Narón, imos bastante fastidiados.
Por outra parte, vou a decir, se a moción ven noutro sentido, pois de acordo. Mellorar o que temos, sempre estamos …intentamos día a día facer análise e intentar mellorar. Se me fala dunha aplicación … eso é unha cousa pero que ten que ver facer unha aplicación para saber o uso que se está facendo con modificar a ordenanza número 13. Pois explíqueme que ten que ver unha cousa coa outra. Entón como cremos que non é un problema de modificación da ordenanza, sobre todo, porque xustifica nun bono familiar que está funcionando e que inclúe todas as actividades pois entendemos que con esta moción, pois non imos a votar a favor.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. A verdade é que depende de onde veña o vento vostede se pon nunha dirección ou se pon noutra. Primeiro, no, agora si, e falando de …. Hai varias actividades dentro do bono familia. Sauna, por exemplo. Non está dentro do bono familia e pode ser necesario.
E temos outra, escola de natureza, e sígolle decindo máis se quere, eh. Non sabe. E que ten que ler a ordenanza, porque ten a ordenanza diante e non a está lendo. Creo que debería de lela, no. Entramos a debate? Quere entrar a debate? E lle poido decir máis, eh, e despois creo que hai unha lista de agarda que é importante. Vostede o sabe, que hai tantas queixas nese sentido, e que se pode mellorar e que hai zonas nese mesmo complexo que se poden…. Porque ademais esas actividades non todas se fan nese complexo. Fanse en máis sitios no concello de Narón, e polo tanto se pode mellorar ese sistema.
Creo que é unha moción que ven en sentido positivo para intentar mellorar o que se está facendo agora. Se vostede quere seguir sen buscar alternativas nin solucións para que se poida mellorar, pois bueno, oie, vostede sabrá. Nada máis. Moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: a ver. Cando hai afán por mellorar algo e algo concreto e algo que dis, "pois esta moción é para esto", podemos ver neste caso, pois a anterior dos espazos para motocicletas, si, o imos a facer si, cremos que é necesario, xa hai neste concello máis de 30 espazos para eso cando abrimos rúas novas, se deixa ou se prevé incluir ese espazo para motocicletas, o imos a facer, votamos a favor.

Neste caso, esto, que todo un "revolution" aquí, non sei cantas cousas, dificulta moito levalo a cabo. Imos a modificar esa ordenanza n.13, si, se presentou nesa Xunta do Padroado creo que do martes, e modificala. Que é mellorable, que ten uns anos e que unha a parte de facer un retoque que dende 2014 non se sube, e que creo que como mínimo debería de subirse ese 5% xa sen botar en conta os IPC de todos estes anos e que hai cousas que podemos modular e mellorar, incluír, estamos totalmente de acordo e o imos a facer.
Ese bono familiar, o pon aquí o bono familiar "todas as actividades que están modificadas " 2 membros, 15%, 3 membros de familia 25, máis de 4, 50… está recollido, que falta unha? Cando fagamos esa modificación de verdade, que non hai problema en incluíla.
Claro, "instar ao goberno a realizar análise da situación de tal…" e aparte se busca unha cousa son os puntos e logo o outro o anterior, referido ao material empregado e que si a piscina, neste caso terapeútica se resbala, senon ten problemas … unha piscina que estivo recepcionada por técnicos neste caso, municipais, é dicir, cumple coa normativa, é dicir, e é unha piscina que en principio unha zona que polo seu uso en si, evidentemente non é o mesmo cunha zona seca. É dicir, e o material que alí se utilizou neste caso, cumple coas certificacións que ten que ter.
Ampliar a sauna e o ximnasio o fin de semana. Non podemos. É dicir, se hai competición por cómo está e onde está ubicada… outra cousa é que me encantaría de verdade, e a todos os que formamos parte do goberno, ter unha financiación para remodelar todo ese espazo, remodelar As Lagoas e outros espazos máis, pero eu pódolle decir que cando estivemos reunidos tanto co Secretario Xeral para o Deporte, que foi hai menos de 1 mes, creo recordar, e co concelleiro de Deportes, e onde lle trasladamos as ambicións que temos e que non nos quedamos cortos para Narón, a resposta que tivemos é "vai a saír unha subvención, presenten vostedes a subvención", e nós lle dixemos "e que plans tedes para Narón?" , "qué queredes do deporte de Narón" ides invertir algo aparte deso que evidentemente, que si que xa temos opción, todos os concellos a presentar unha solución. Unha subvención. Entón, ambiciosos todo o que queirades, é dicir, volver a ir á Xunta de Galicia, a volver a demandar e a reclamar se quere facer inversión en Narón, para mellorar esas instalacións deportivas e incluso, para facer unha nova que estamos falando de un entorno que nós se nos escapa de orzamento, poder a estas alturas materializar unha inversión dese calado, de 2 millóns que acaba de decir, non podemos, non temos capacidade económica, sabe por qué? Porque en moitas ocasións, de feito, nesa Xunta do Padroado, nin vostedes apoiaban esa suba dese 5% desas taxas que, nos concellos onde gobernan, si o fan, por esa economía que … e de feito esto é algo que falei con varios alcaldes do Partido Popular que din "home claro, onde gobernamos temos que facelo..". Outra cousa é cando somos oposición. Que aí o que queremos é afogar para que non se leven a cabo as cousas. Esa é a realidade.
Non sople, porque é así e lle podo poñer nomes e apelidos que non o vou a facer porque logo Olaia, non me diga que as conversas privadas non podemos difundilas aquí, con nome e apelidos llo podo decir porque esas conversacións tiveron lugar e eso é así. Entón de verdade que, se queren presentar unha moción a nivel de deporte para poder mellorar de verdade, que nos sentamos cando queiran. Esta non a podemos votar a favor porque non a podemos materializar.

-Sr.Castrillón Permuy: vostede fala de que non pode abrir a fin de semana. Home na primeira planta teñen un espazo para poñer aí o ximnasio e polo tanto, poderían abrir o fin de semana.

-Sra.alcaldesa: si, si, eu o entendín perfectamente. Eu o que lle dixen é "como está agora mesmo se non facemos unha reforma do que temos ….".

-Sr.Castrillón Permuy: poden facelo se queren…..

-Sra.alcaldesa: si claro, podemos facelo todo, de verdade, que con diñeiro, a verdade é que si. Nós hoxe pola mañá estiven con alcaldesas e que decían que realmente nós non gobernamos. Nós o que facemos é casi maxia co que temos, para dar cabida a todas as necesidades que temos. E esa é a realidade deste concello, como do resto.
Nada máis. Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:
TEGA: 9 En Contra
PP: 6 A Favor
BNG: 3 A Favor
PSdeG-PSOE: 2 A Favor

21 º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA PROPOSTA NEGOCIADA PARA ADIANTO DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS.. -Lida polo secretario xeral a moción que di así:
"Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

O asociacionismo deportivo é un piar básico para acadar un sistema deportivo máis participativo, amplo e diversificado. O Concello de Narón ten clubs, entidades e asociacións deportivas, grandes embaixadores da nosa cidade alá por onde van. Promover e potenciar o deporte é un beneficio claro para o noso benestar e mellora da saúde.

Por outra banda, as entidades de ámbito social traballan día a día por un concello máis inclusivo e igualitario e incluso realizando o traballo que debesen facer as administracións públicas.

En Narón moitas destas entidades sociais e deportivas que traballan na nosa cidade están financiadas en parte por convenios municipais. Estes convenios son recollidos nos orzamentos, sendo estes últimos aprobados no 2024 para os vindeiros tres anos.

A demora nos orzamentos municipais non pode ser un problema para o pago e cumprimento destes convenios por iso, desde o BNG, consideramos necesario que o concello inicie negociacións con todas as entidades para aprobar en pleno as bases de execución ás axudas nominativas e, como se fai noutros concellos, adiantar estes pagos haxa ou non orzamentos. A demora na aprobación dos orzamentos non debese ser nunca un prexuízo para as entidades e, ademais, garantir o pago das nominativas é unha obriga de calquer concello.

Por todo isto solicitamos para a súa aprobación en Pleno os seguintes ACORDOS:

1. Instar ao concello de Narón e aos seus departamentos técnicos a que inicien conversas e negocien unha proposta coas entidades e asociacións que garantan o pago das axudas nominativas.

2. Instar ao concello de Narón a levar a proposta negociada a pleno e facer un anexo nas bases de execución que permita un adianto do pago destas subvencións.

Narón, 18 de febreiro de 2025
Asdo. Olaia Ledo Díaz"

E visto o ditame favorable por maioría, con 2 abstencións de TEGA e 3 votos a favor (1PP, 1 BNG, 1 PSdeG-PSOE) da Xunta de Portavoces celebrada en data 24-02-2025, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmos termos.

DEBATE

-Sra.Ledo Díaz: ben, grazas. Bueno, aquí o que se nos dixo é que non sabían como facelo, que non se podía facer, que se non se cumplía, informamos de que si así se nos solicita porque as temos, podemos enviar actas plenarias, pois do concello de Fene, Mugardos, que fixeron esto porque están cerca, se vos parece que Fene e Mugardos é pequeno, e queredes un máis grande temos tamén as actas plenarias do concello da Coruña, máis podemos porque xa o buscamos, o do Boletín Oficial da Provincia onde aparecen estas mudanzas; mesmo se queremos ir fóra fixémolo tamén de maneira rápida do noso país, podemos entregarvos a acta de Santoña e que vechades como se fai, no.

O que pedimos é doado. É que o concello entable unha negociacións coas entidades e asociacións que teñen subvencións nominativas e por tanto, se considera un traballo necesario e por eso son nominativas para que non se demoren os seus pagos, agora que non hai orzamentos e polo que sabemos todavía non hai borrador.

E tamén o decimos. Bueno, buscamos que nos informara dende distintas asesorías municipais e que nos din o que pensamos ou o que xa sabiamos en realidade, que mentres estamos sen orzamentos e cuns orzamentos prorrogados, poden facer algo tan sinxelo como nas bases de execución dos orzamentos do 2024 prorrogado e despois desta negociación que sexan do 2025. E facer un modificado para as subvencións nominativas.

E no caso de que se tivese que modificar unha pequena cantidade, non sei, pois por exemplo, hai un clube que non vou dar o nome, pero que baixou a súa categoría principal, pois igual non precisa esa cantidade, igual si, e o merece outra que ten máis ficha ou o que se considere, para eso é a negociación.

E por que o solicitamos? Porque a subvención nominativa, como ben sabedes, non é prorrogable e xa que a nomitividade non se prorroga e en consecuencia non pode ser plurianual e así o di a circular 1/2019 do 27 de marzo, que se titula por certo, da seguinte maneira " *Sobre os efectos da prórroga dos presupostos xerais do Estado aprobados para un exercicio en relación aos créditos integrados desta ultima relativo a subvencións nominativas*" ou sexa, que podedes ir aí e xa hai unha lei que volo explica perfectamente. Ou sexa que como non é prorrogable podemos aprobar aquí en pleno despois dese acordo e facer un anexo e cambiar o 2024 para o 2025, por eso pedimos que se fale coas entidades, coas

asociacións e que aprobemos que estas axudas non se demoren para quen as precise e fai unha actividade esencial, tanto no tecido social, moitas veces suprindo esas necesidades que deberían de cubrir as administracións, que ás veces por falta de recursos non se fan, ou no deporte, no que é… bueno, pois si somos garante dun exemplo e o noso mellor embaixador fóra de Narón, e ademais aprobemos para adiantarlles o pago como eses concellos que numerei que xa fixeron.
E para que non haxa demoras como por exemplo, hai algunhas neste caso, 2 clubes, nas do ano anterior.
E tamén decir que si queredes, que tamén vos animemos que podedes falar directamente pois por exemplo, co concelleiro de Fene que ademais é entrenador nun clube en Narón que teñen unha nominativa por certo, que aínda non se lles pagou do ano anterior e que ademais como ben sabedes foi concelleiro de Deportes hai anos aquí en Narón e moi bo, bo concelleiro de Deportes. Engado pola nosa banda. Así que nada, grazas e esperamos que todas e todos votedes a favor e que esto se poida levar a cabo.

-Sr.Ulla Rocha: grazas.
Bueno, nós non podemos estar máis de acordo con esta moción do que estamos porque realmente é necesaria por parte do equipo do goberno, o seu goberno Sra.Ferreiro, que se xestione. Que ao fin e ao cabo é o que se lle está reclamando. Nesta moción e noutras mocións que xa se trouxeron ao Pleno, e foron aprobadas precisamente co apoio, neste caso, da oposición que debe ser que a oposición debe vivir unha realidade distinta á que vive Terra Galega. Debe ser que a oposición ve que no día a día eses clubes, esas entidades están sufrindo, fixo referencia antes precisamente a voceira do BNG a ese clube de atletismo que a día de hoxe non cobraron esa nominativa e que según me consta houbo que avalar por parte da executiva eses cartos. Entón eso é o que non se pode permitir, Sra.Ferreiro.
Se tanto facemos gala dese deporte, tan orgullosos estamos, pois eu penso que hai que facer unha corresponsabilidade, neste caso por parte do equipo de goberno, por parte de vostede Sra.Ferreiro, e ten que poñer enriba da mesa todos os medios para que esto non volva a acontecer. Anticipos neste caso, de nominativas ao 50%, que vaia nas Bases de execución ou cumplirán neste caso, a moción que tamén trouxo o Partido Popular .. pois son iniciativas boas que o que conseguen é non axfixiar tanto aos nosos veciños e veciñas que principalmente, pois moitas veces están adicadas a ese deporte base que moitas veces tanto o necesita.
Polo tanto, non podemos estar máis de acordo con esta moción do que estamos, que o que si que pedimos é que unha vez.. previsiblemente vai saír adiante esta moción e que por parte de vostedes Sra.Ferreiro, é que se sente, que analice e sobre todo, que teña a humildade para entender que existe ese problema. E sobre todo que poña as solucións enriba da mesa. As que lle pon o Partido Socialista, as que lle pon o BNG, e as que lle pon o Partido Popular. Digamos a heteroxenia que hai aquí nesta oposición.
E todos estamos demandando que se poña unha solución nesto. Fágao, fágao e de verdade, facéndoo verá como os nosos clubes e a nosa xente vai estar infinitamente máis despreocupada destas labores, digamos, de financiamento e adicarse ao que teñen que facer.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.
Bueno, sobre ese asunto creo que é unha terceira proposta que chega a este pleno de intentar axudar e solventar problemas que están tendo os clubes deportivos agora mesmo en Narón, e entidades deportivas.
Creo que é certo que sempre… non hai orzamentos e polo tanto, para que se poidan firmar os convenios teñen que traer ese acordo na proposta para traela a pleno e aprobala. Ao non haber orzamentos aprobados. Que eso entendo, que é o que se está pedindo aquí. Polo tanto, é algo que nós imos a estar a favor pero tamén é certo que se aprobaron noutros 2 plenos, unha que era ter a opción daquel que xustificara poder adiantar o 50% da axuda da subvención e tamén outra proposta que como esa parece ser que era moi complicada e que non había posibilidade de chegar a facela, que propuxemos nós que se modificara o actual sistema de pago sobre os clubes que teñan actividades e que estén federados e que teñan categoría de base neste concello, no.
Entonces para non lles cobrar as taxas mensualmente e que esas taxas se regularan ao final cando se lles vaia aboar o convenio. Creo que eso xa sería unha boa noticia para os clubes e as entidades deste concello.
E vostede me decía o outro día, tamén na Xunta de voceiros que tamén se debateu esto con largo tempo, e falamos alí de moitas cousas e que había posibilidades de poder facelo e creo que esto é modificar a ordenanza, e sen ningún tipo de problemas se pode facer. E despois a seguinte é que me di vostede que poden quedar clubes que non entren dentro deste conxunto, no. Bueno, pois….

-Sra.alcaldesa: agradecería que nos centraramos nesta moción porque esa é a súa moción que presentou noutra ocasión, entón …

-Sr.Castrillón Permuy: esta moción xa lle dixen que é a opción para que neste mes, para que neste ano poidan ter convenio, ten que vir esto ao pleno. Se non traen os orzamentos, senón non poden asinar convenios. Eso é o que está pedindo aquí.

-Sra.alcaldesa: vostede está falando doutra moción.

-Sr.Castrillón Permuy: pero podía solventar xa…. se fixera… se o que se aprobou neste Pleno sobre modificación do pagamento, se vostede cumplira os acordos plenarios, os clubes non terían esa problemática. E vostede non o está facendo. E agora, hoxe preséntase outra moción aquí, que vai a facer tamén con ela? Eso é un gran problema que temos agora, de xestión. E de intentar avanzar e de facer cousas polo interese neste caso, de todas as entidades e clubs que poidan ter axudas, ou subvencións ou convenios. Cousa que non se está facendo. Polo tanto, nós votaremos a favor desta moción.
Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: ben, a ver, intentamos poñer solución a un problema que non existe. É curioso porque o problema de non pagar as nominativas non é que esté o orzamento aprobado ou no. Non ten nada que ver. De feito esas nominativas en canto a liquidación esté feita se vai a pagar, non ten que estar o orzamento aprobado, para nada ademais. Por que? Porque eses convenios xa se firmaron, xa chegaron a unha fase determinada no cal se vai a coller non o orzamento 2025, senón o orzamento 2024 para pagar esas subvencións, non é necesario telo aprobado; entón poñer solución a un problema que non existe.

Despois outra cousa é o pago anticipado. No 2015, ata ese ano o concello de Narón, coa firma do convenio, se pagaba o 80%. E no mes de setembro, se pagaba o 20% restante. E no mes de xaneiro, ao ano seguinte, se xustificaba esa subvención. E nós estabamos felices e contentos que daquela tamén gobernabamos, de que ese sistema fóra así. Pero hai uns habilitados nacionais que son Secretaría, Tesorería, e Intervención que veñen e deciden eles como temos que facer as cousas de forma legal. E resulta que tivemos o gran honor de contar con nós, na nosa Intervención cunha nova Interventora no ano 2015, a cal nos dixo "no,no, no, por favor, porque a lei é exacta que di, se poden facer pagos anticipados? Si. Como? Prestando garantías, quere dicir, cun aval dunha entidade financiera que avale aos bancos (non diga que no, lea a lei, non diga que no) que o pon na lei claramente ou cunha xustificación previa. Vale, quieto. Entón nós como estariamos encantados de anticipar eses cartos, que viviríamos moito máis felices, volo garantizamos pois falamos cos servicios, tanto de Intervención como tal e lles decimos: temos estas dúas alternativas, por un lado di, colapsamos se facemos dúas xustificacións, do 50% a metade de… e outro 50…tal, colapsamos totalmente, é inviable esa aposta, e por outro lado, o tema da garantía. Falamos, pero mira, como pode ser que noutros concellos o fagan. Nos digan, por favor, unha das cousas que din é, primeiro, a Intervención municipal deste concello son eu, eu decido. En principio porque se acolle á lei na que se ampara ela. E segundo, tamén nos gustaría saber en todos eses concellos os informes de Intervención para poder dar todas esas axudas anticipadas. A ver como son eses informes de Intervención. Entón, volvo a repetir, me refiro, estaríamos encantadísimos só que se a nosa Interventora nos di que no, é máis se falou tamén coa Intervención da Deputación da Coruña o cal di, o sinto, gustaríanos que a resposta que lles puideramos dar fóra outra pero no, é así, non se pode pagar anticipado. Eles mesmos din, e nos gustaría coñecer os informes de Intervención deses concellos onde si dan eses cartos por anticipados. Gustaríanos sabelo porque eles mesmos, entendemos que son unha Intervención dun órgano superior e teñen maior capacidade ou polo menos, os Interventores dos concellos se asesoran con eles, eles mesmos din que non é legal esa situación. Pero a maiores de todo esto, hai unha cousa que nos sorprende polo menos, a min particularmente moito que é, durante algún tempo por crear unha situación sobre todo nese momento, de traspase de que se adiantaba, non, se adiantaba a Alcaldía deste concello, presente aquí, presidindo este Pleno levantou reparos para poder pagar esos cartos por anticipado. No cal, chegou un momento que dixemos, no, refírome, creo que esta non é a labor que se ten que facer. Pero se vos propón a todos traelos a un pleno, é dicir, levantar ese reparo en Pleno e que todos nos mollemos e digamos, si, levantamos ese reparo de Intervención e decimos que demos os cartos por adiantado. A Xunta de Portavoces dixeron: Uf, esto non é unha responsabilidade nosa, bueno, esto non o imos a facer porque se

non nos toca a nós, amigo, se queremos pelexar polo deporte en Narón e queremos que aínda que haxa un informe de Intervención que sexa negativo, e que diga, cun reparo suspensivo de que non se pode dar eso, pois collamos e nos mollemos todos. E todos para diante. Nada máis. Grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, xa que aquí nos queren dar lecciónns e a Intervención resulta que é a lei pero resulta que no pavillón de Campo da Serra non, e que resulta que ás veces levantades reparos e outras veces pedides axuda de todos e todas e, o que se dixo polo que eu sei nesa Xunta de Portavoces é que teríades que traer unha proposta e que se valoraría se se levanta reparo ou non. Que é o que se fai coas cousas, traer propostas, non decir "no se puede" , e punto, porque non nos apetece.
E vouvos a decir unha cousa, ao mellor non hai orzamentos no 2025, non o sabemos. Entonces o que si que sabemos é que a lei di que as nominativas non son prorrogables, e agora mesmo hai un orzamento prorrogado e é verdade, non é necesario ter orzamentos no 2025, para que as subvencións a clubes e entidades sociais se lles paguen. Digo xa por adiantado por si acaso se nos ocorre ir decindo de que a oposición non aproba algunha cousa, entonces a culpa é da oposición porque se pode facer.
E esos adiantos, home, se hai concellos que o fan haberá que mirar como se fan. Outra cousa é que non se queira facer, non pasa nada. Pero que se diga claro. E xa decimos que do BNG se se trae unha proposta coherente por suposto que se levanta o reparo, pero entonces non xoguemos a facer trampas ao solitario. Porque entonces xa que enumerei esa lei, na lei conclúese en consecuencia, cabe concluir que todos aqueles créditos que figuren nos estados de gasto do orzamento prorrogado relativos….(Estamos nun orzamento prorrogado agora mesmo), as subvencións con asignación nominativa que habilitaron a concesión directa das citadas subvencións no exercicio anterior perden os beneficios da nominatividade no orzamento prorrogado. A súa concesión directa tería que ampararse noutro dos supostos previstos no apartado II do artigo 22 da lei.
En consecuencia, se a subvención nominativa non é prorrogable, non é posible que o convenio que as regula teña unha subvención superior a do exercicio.
Estamos cuns orzamentos prorrogados. Estamos no outro…. Sen perxuizo de que se poida incluir no orzamento do exercicio seguinte …. …….
Ou sexa é tan fácil como chegar a un acordo se decides que o estades facendo estupendamente ben. Queremos ver como se fai e que se cambie o anexo, que se pase de 2024 a 2025 e que aprobemos en pleno. E que non hai ningún problema, é máis podedes aproveitar e comunicarvos coas asociacións deportivas e entidades sociais, para ver como están eses convenios e incluso valorar se algúns necesitan máis ou outros necesitan menos. Para eso se goberna digo eu, entonces por eso presentamos esta moción que esperamos sinceiramente que aprobedes a favor, e se non bueno, pois que se cumpla, que se cumpla a lei, sexa de quen sexa. Sexa de Intervención ou quen ten aquí a lei máxima que neste caso, sería o Secretario pero bueno, que quen goberna que faga política.

-Sr.Ulla Rocha: teño que decir que coincido ao 100% coa concelleira do BNG. A verdade, pero aquí quen goberna? Gobernades vos ou goberna a oposición? Ao mellor se me escapou hoxe algo no pleno. A ver que gobernades vos, eu creo que na túa intervención que está claramente que non existe vontade política por parte de Terra Galega. Pola parte Sra.Ferreiro, pois de solucionar este tema. É dicir, ademais díxoo claramente, dixo " no 2015 chegou unha nova Intervención, unha nova habilitada nacional e nos dixo que así non se podía facer". Foi así.

E despois continuastes facendo este goberno, que xa estabades aquí como tamén estabades no 78, no 79, no 80, no 81 .. todos eses anos, que a Sra. Ferreiro levantaba eses reparos. Pero despois decidistes que no. Decidistes que no. E agora nos pedides á oposición que levantemos o reparo e sen embargo, gobernades vos, e sen embargo hoxe traedes 2 reparos que se presentan o mesmo día, bueno 2 días. Ademais estranamente decides que non queredes colapsar o Servicio Sociocomunitario ou o que o leve, neste caso que sexa referente e sen embargo, estranamente a factura que se presenta o día 30 de decembro ten un informe da arquitecta técnica o 30 de decembro. O do campo da Serra. Por eso digo, que non nos fagamos trampas ao solitario, o que tedes que facer é solucionar esta eiva que teñen os deportes e sobre todo, cando vedes que alguén se está afogando hai que tirarlle un salvavidas. O que non pode ser é que lle tiredes unha pedra.

Dígoo, porque Sra.Ferreiro, non aprobou vostede a modificación da ordenanza n.13 porque quere subir un 5% as taxas. Aos clubes e aos usuarios. Por suposto, que saiba, xa lle anticipo, que co Partido Socialista que non conte.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

A verdade é que creo que xa se falou moito e que se aclararon outras, pero creo que vostedes dende a oposición lles estamos dando alternativas para que non haxa que levantar eses reparos como vostedes propoñen porque nós non estamos en contra de que se fiscalicen as cousas, todo o contrario. Queremos que se fiscalicen, que haxa transparencia e que haxa claridade. Pero pódenno facer sen que ocorra todo eso. Por que non o fan? Por que non o fan? Xa lles presentamos varias opcións. O modificado da ordenanza para non lles cobrar nesa mesa as taxas aos clubes. Eso é unha opción. Como mínimo o 50% do convenio está aí. Eso xa é un avance.

E segundo, para o que se pide nesta moción non hai que levantar nada en particular. Hai que facer a proposta e traela a pleno e aprobala como se aprobou no ano 24. Vostedes no ano 24 fixeron eso anticipadamente, antes de aprobar os orzamentos. Entonces non sei eu cal é o problema. Si,si,si, trouxeron a proposta de aprobación de convenios do diñeiro que había. Si. Trouxéronno a pleno antes dos orzamentos. Bueno, alá vostedes. Repasamos e buscamos. E están firmando os convenios tarde con todos os clubes, e por eso pasa o que pasa, que ao final estanlles pagando un ano tarde sempre, e hai que esperar a que se actualicen os remanentes para poder pagar a maioría dos convenios, a maioría non, o 99,9%. Polo tanto, non nos queira culpar á oposición nin nos queira facer á oposición culpables desto e moito menos, de que non se fiscalicen as xestións deste concello. Nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: traemos 2 reparos suspensivos que imos a levantar e que un se levantou e o outro no. Eso vai xenerar que o concello teña que xudicializar ese caso e imos gastar máis cartos simplemente por votar en contra. Tédeo en conta eh. Tanto que miramos pola economía deste concello, o gasto que teñamos …. De tal se queredes imos a medias. O pagamos entre todos. Esto é por votar aquí en contra. Non me comparen un reparo co outro.
Acerca de cal é a responsabilidade, hai un político que ten moita relación con vostede, moi próximo que "mirar" non é a palabra, no, pero nalgunhas cousas digo, ah, pero este home parece que convence, sabes, e un día falando con el desto precisamente dixo, a ver, non se pode, no, pero vos levádeo a pleno e que se atreva a oposición a votalo en contra de poder pagar os cartos por adiantado. Eu naquel momento dixen, pois non é mala idea, podemos facer esto, por eso a nosa proposta.
E ese político era Valentín Formoso. Presidente da Deputación. Porque tiña o mesmo problema no seu concello. E dixen, pois mira, co cal eu contaba sinceramente co apoio do Partido Socialista aquí cando trouxeramos esa proposta. Pero vexo que tampouco. Entón volvo a repetir, para nós volvería a ser moi fácil, moi, moi, moi fácil. Podémoslle pedir aos clubes que presenten unha garantía que ademais sirve para xustificación da subvención que se lle dá, sirve para xustificar esa subvención, pois mirade que fácil. Se lles pide que presenten as garantías e todos os clubes cobran por adiantado. Porque eso é o que nos permite a lei, o resto no. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, non entendín moi ben esta última intervención pero si que quero decir que esta moción a intención que ten repito, non é máis que se hai algo que se ten que facer, que se faga xa e non esperar a finais de ano, ou que non dea tempo porque non hai orzamentos como pasou non hai tanto con outra situación aquí. E que eu creo que vos levou sinceramente a unha crise porque empezastes a sacar comunicados de fin de semana, esperamos que haxa unha solución e a solución está aí. E hai outros concellos que a fan e outra xente que está aprobando, e é para darlle si esa garantía aos clubes, é o que nos parece máis importante. O resto creo que non importa.
E antes houbo un reparo que se levantou e outro que no, polo menos, no caso do Bloque Nacionalista Galego porque non estabamos de acordo. E como temos criterio propio decidimos votar así.
Entonces como tedes que traelo a Pleno porque estamos nunha democracia, hai veces que saen algunhas cousas e outras que no. Pero non acusemos de tal… porque ao final este é o xogo. E traia unha proposta e vemos se se levanta o reparo ou no. E se se levanta o reparo que se levantará porque se facedes isto se levantará no caso de que haxa reparo, e todos e todas contentos.

-Sra.alcaldesa: só unha cousa, que ti non estiveches na Xunta de Portavoces, pero alí se manifestou esa posibilidade e de aí non houbo ningunha das persoas que alí estaban a parte do equipo de goberno que dixeran que si, entón eso é así, ninguén dixo que se ía a tal.. non estabas presente co cal quero decir, tanto pode ser verdade o que che está decindo el como o que estou decindo eu. E de feito consta nun acta, é dicir,

-Sra.Ledo Díaz: hai que dar fe de vida das propostas dunha comisión? Estamos nun pleno público, con actas públicas … estamos decindo que imos levantar o reparo ….

-Sra.alcaldesa: estou intervindo eu. Un segundo, estou intervindo eu (A Sra.Ledo segue falando….). Me podes escoitar? Estou falando eu, non tes a palabra, é dicir, nesa Xunta de Portavoces manifestouse esa posibilidade e as persoas que estaban alí dixeron que no. Bea probablemente non dixo nada, pero tanto…. Neste caso polo Partido Socialista como polo PP dixo Germán "no, eso no se va a hacer" e como comprenderedes, unha cousa é que se levante un reparo de algo que é testimonial de unha vez. É dicir, faise unha pista de hockey e nese momento, porque se fai tarde, se entrega tarde e se executa tarde, polos problemas que se manifesta, hai que levantar un reparo. Hai que levantar un reparo e é o que se fai. O mesmo que fixéchedes vos.
Entón o que se fixo foi, se levanta ese reparo. O que non se pode facer é sitematicamente levantar reparos por algo que en teoría non está ben feito. É así. Entón, eso é o que pasa. E agora con respecto ao adianto, a verdade, é dicir, o que di a Interventora deste concello, " a Interventora deste concello son eu e se fai o que eu digo, aplicando a lei: a Lei de Subvencións, Regulamento xeral de subvencións e enumera 2 casos nos que se pode facer adianto". E neste caso, a Lei de Subvencións tamén fala sobre eso. Ante a dúbida que cuestionades se nós facemos ou non facemos, o outro día neste caso, Germán falaba dun exemplo que tivo lugar e que el lle pasa e que fai noutro concello, falamos con ese concello e lle trasladamos esa información que nos pasou o concello de cómo se facía alí a Intervención municipal e dixo "eu esto así non o poido facer" . Porque non se axusta á legalidade.
Entón como se cuestiona se nós o intentamos ou non o intentamos, o que imos facer, eu xa lle pedín verbalmente a ela que fixera un informe sobre a posibilidade de adiantos ou no, e mañá o vou a facer por escrito.
É dicir, esa Intervención vai emitir o seu informe se nos permite ou no facer os adiantos. E así se aclara todo, é dicir, por que? Non tedes vontade, non sabedes, aparte nos dán lecciónns de cómo é … se hai que aprobar un orzamento, se non. É verdade, para pagar os convenios do tal.. ten que estar aprobada a liquidación. No momento que esté aprobada a liquidación é unha resolución do concelleiro delegado de Facenda que se pagan os convenios. Non ten máis, é dicir, podemos estar falando de futuro, é dicir, e si hai unha base de borrador do orzamento donde se contemplan e xa sabemos, evidentemente, que as subvencións nominativas é no período lectivo do ano, non pasa ao seguinte tamén o sabemos. E dicir, esas clases non son aquí as que nos teñen que dar.
E a realidade é que cando se está na oposición todo vale, e todo se lle pode decir aos clubes, non o fan porque queren, non teñen vontade política, noutros concellos se fai…..
Temos as limitacións que temos, e neste caso, temos unha Intervención Municipal que non permite facer eso, e se fixo ese ofrecemento e podo entender que o BNG así que o dixo noutras ocasións que si que estaría disposto a levantar o reparo, eso si que me consta, pero na Xunta de Portavoces o resto dos grupos non dixeron nada.

Entón non podemos saír de alí cunha afirmación de decir " pois si, estaríamos todos a favor" porque Germán foi claro meridiano. Nin de coña, é dicir, entón, nos vemos abocados a esta situación? Que nos gustaría ter outra? Crédeme que quen goberna lle gustaría ter moitísima máis celeridade no pago destas subvencións, pero que non o podemos facer.
Pasamos a votar a moción.

VOTACIÓN E ACORDO.- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:
TEGA: 9 En contra
PP: 6 A Favor
BNG: 3 A Favor
PSdeG-PSOE: 2 A Favor

22 º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE O DÍA MUNDIAL DAS ENFERMIDADES RARAS 2025.. -Lida polo secretario xeral a Decaración Institucional que di así: **Declaración Institucional: Día Mundial das Enfermidades Raras 2025**
A Corporación Municipal do Concello de Narón, atendendo á proposta da Federación Española de Enfermidades Raras (FEDER) súmase á conmemoración do Día Mundial das persoas con enfermidades raras facendo súa seguinte Declaración Institucional.
En Europa, as enfermidades raras son aquelas cuxa prevalencia está por baixo de 5 por cada 10.000 habitantes. Máis da metade das familias con enfermidades pouco frecuentes esperan máis de 6 anos para lograr un diagnóstico en España; especialmente se son adultos e mulleres, tal e como se recolle no estudo 'Determinantes do atraso diagnóstico' de 2022. A iso únese que, segundo datos da Organización Europea de Enfermidades Raras (EURORDIS), só o 6% das máis de 6.417 identificadas en Europa teñen tratamento. O atraso en coñecer o diagnóstico e a falta de tratamento teñen un gran impacto en quen convive con estas enfermidades – ou en busca de diagnóstico- e as súas familias.
Estímase que entre o 6 e 8% da poboación mundial convive con estas patoloxías. En termos xerais, calcúlase que son 300 millóns de persoas en todo o mundo, 3 deles en España, 30 en Europa, 25 en América do Norte e 47 en Iberoamérica.
Co obxecto de sensibilizar e concienciar sobre a realidade de todas as persoas que conviven con Enfermidades Raras, o próximo 28 de febreiro, un día especial no noso calendario, celébrase como cada ano o Día Mundial das Enfermidades Raras para impulsar unha mobilización mundial que permita posicionalas na axenda pública.
Unha acción liderada no noso país por FEDER; a Federación Española de Enfermidades Raras, entidade que representa hoxe, o impulso e a forza de 422 organizacións de pacientes e que, no marco do Día Mundial das Enfermidades Raras, poñemos o foco nas PERSOAS, e no impacto que ten para cada unha delas, o convivir cunha enfermidade pouco frecuente e coas barreiras da contorna ás que ten que facer fronte. Por este motivo e baixo este concepto, queremos lembrar que detrás de cada campaña, de cada necesidade, de cada enfermidade, de cada síntoma… detrás de todo isto hai persoas e familias.
Persoas que se enfrontan a enfermidades que:
- Unha a unha, afectan a moi pouca poboación -o que fai que exista moi pouco coñecemento e experiencia en atendelas-, pero que, en conxunto, suman como vemos, a millóns de persoas.
- Na súa maioría, aparecen na infancia, son xenéticas, graves, discapacitantes e que poden poñer en risco a vida de quen convive con elas.

- Tardan unha media de máis de 6 anos en ser diagnosticadas, para a maioría non existen aínda medicamentos e a investigación é moi escasa.

Imaxinemos o que todo isto supón para unha familia que acaba de iniciar un das viaxes máis apaixonantes da súa vida: ser pais, traer unha nova vida ao mundo.

Para todas as persoas que xa adultas, descobren que aquilo que lles pasaba era unha enfermidade da que case ninguén sabe nada, cuxa evolución e potencial impacto en diferentes ámbitos da súa vida resultan incertos. E para aquelas que, un día, amenceron cuns síntomas tan novos como descoñecidos que cambiarán a súa vida, o seu traballo, a súa parella, a súa familia… para sempre. Ou para a comunidade profesional que se enfronta por primeira vez a unha enfermidade da que apenas hai literatura médica. A conmemoración deste Día Mundial é para todas elas e para todas as persoas que, aínda non o saben, pero que tamén pasarán por este proceso.

Para cambiar esta realidade, desde FEDER instamos as administracións competentes a:

- Establecer sistemas de incentivación fiscal que promovan a investigación, e a declaración da investigación en Enfermidades Raras como Acontecemento de Excepcional Interese Público. Todo iso acompañado de accións para optimizar os recursos evitando duplicidades, para o que hai que saber que e onde se está investigando; dando continuidade a programas específicos que xa están en marcha xerando coñecemento; e facilitando a transferencia do coñecemento que se xera na investigación á atención ás persoas. Para iso, é fundamental seguir impulsando tamén a información epidemiolóxica: rexistro (poboacional e de pacientes), información sobre ER e trastornos raros sen un diagnóstico determinado.
- Asegurar un acceso rápido e en condicións de equidade ás probas de diagnóstico, especialmente ás xenéticas contando con profesionais que interpreten os datos, que informen adecuadamente as familias e que os acompañen para que poidan dispoñer dun diagnóstico preciso. Para iso é fundamental a implementación da Medicina Personalizada e de Precisión cos recursos e profesionais adecuados.
- Lograr o acceso en tempo e condicións de equidade aos medicamentos autorizados en Europa e axilizar o proceso de financiamento, Esta abordaxe das enfermidades raras desde estes tres eixos debe ir acompañado da incorporación da participación dos pacientes e as entidades que os representan, naquelas decisións que lles afecten; así como dunha visión transversal e social, incorporando:
- A atención integral, humanizando a atención sanitaria, asegurando o acceso equitativo a servizos como rehabilitación funcional (logopedia, terapia ocupacional, fisioterapia…) así como, a coidados paliativos pediátricos. Todo iso con especial atención á atención en saúde mental de pacientes e as súas familias e dispoñendo dunha atención sociosanitaria.
- Garantir o acceso aos servizos sociais, mellorando a valoración da discapacidade en tempo e identificando estratexias de coordinación sociosanitaria entre Sanidade e Servizos Sociais.
- Impulsando a inclusión social, educativa e laboral; tanto na aula atendendo ás necesidades sociosanitarias do alumnado e, fortalecendo a formación dos profesionais, poñendo tamén o foco na atención aos menores do Sistema de Protección á Infancia. Así como no ámbito laboral, superando entre outros as barreiras da xubilación anticipada e mellorando a prestación por coidado de fillo con enfermidade grave. Todo iso como forma de contribuír ao desenvolvemento pleno das persoas con Enfermidades Raras.
- Consolidando a formación especializada aos futuros profesionais de todos os ámbitos: clínicos e sociais.

E todo iso, unificado baixo o paraugas da actualización da Estratexia en Enfermidades Raras do Sistema Nacional de Saúde e a súa implementación a nivel autonómico; así como o

compromiso do noso país no impulso dun Plan de Acción Europeo Integral e dunha futura Resolución da OMS na materia.
Desde FEDER instamos as institucións competentes a impulsar medidas dirixidas a promover a prevención das enfermidades raras, a investigación, o diagnóstico precoz e o tratamento, tanto farmacolóxico como mediante outros tipos de terapias, en tempo e condicións de equidade.

23º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Non se presentaron.

24 º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO. -

Dase conta das Resolucións da Alcaldía do mes de xaneiro de 2025:

Número	Fecha	Descripción	Documento
